

ADRA

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
Nº 10 - Santiago de Compostela 2015

NA CASA CABEN TODOS OS SILENCIOS

Caxigueiro **7**

VAN ALÁ DEZ ANOS E AGARDAMOS POR MÁIS PRIMAVERAS **9**

XURXO LORENZO (1910-1934): A mocidade milgranada
Carlos GARCÍA MARTÍNEZ **15**

HISTORIA DUNHA COLECCIÓN:

Ricardo Blanco-Cicerón, Álvaro Gil Varela e a colección de ourivería antiga
do Museo Provincial de Lugo.
Aurelia BALSEIRO GARCÍA **53**

A ARRIERÍA E A COMERCIALIZACIÓN DO VIÑO DO RIBEIRO NA
PARROQUIA DE SANTO TOMÉ DE QUIREZA A TRAVÉS DO CASO
DE DIEGO RODRÍGUEZ (1699-1778)
Rita IGLESIAS BLANCO **67**

ACHEGAS EPISTEMOLÓXICAS E DIDÁCTICAS DAS FOTOS FAMILIARES NA
INVESTIGACIÓN SOBRE AS SOCIEDADES CONTEMPORÁNEAS:
Propostas dende a análise da emigración en Galicia.
Raúl SOUTELO VÁZQUEZ **85**

ERGUEUSE VALENTE A ALDEA QUE TRABALLA: Unha caracterización da
mobilización agrarista en Porto do Son no contexto do Barbanza
María Xosé VÁZQUEZ LOJO **101**

A FUNDACIÓN XOSÉ SOTO DE FIÓN
José Antonio QUIROGA DÍAZ **121**

ADRA

Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
Nº 10 - Santiago de Compostela 2015

ADRA

Nº 10 - Santiago de Compostela 2015

ADRA Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval
15703 Santiago de Compostela

Consello de Edición:

Fátima Braña Rey
José M^a Laredo Codorníe
Rosa M^a Méndez García
Nolo Suárez
Manuel Vilar Álvarez

Deseño e maquetación: Juan Feáns

Impresión: Imprenta Provincial

Asesoramiento lingüístico:

Antón Santamarina

Depósito Legal: C-2367-2005

ISSN: 1886-2292

© da edición: Museo do Pobo Galego

© dos textos: Os autores e autoras

ADRA é unha revista con periodicidade anual que comenzou a súa andaina no 2005 co espírito de crear un soporte para a publicación de artigos de coñecemento científico e cultural desde Galicia.

Tentando chegar a unha ampla audiencia Adra distribúese a través de intercambio con máis de 150 bibliotecas europeas.

Os temas que se abordan son todos aqueles relacionados coa realidade galega desde calquera punto de vista e área de coñecemento, tendo especial incidencia a antropoloxía social acorde cos fins e misión do Museo do Pobo Galego. A lingua da Revista é o galego. Os artigos que publica son orixinais e inéditos e foron sometidos a unha avaliación por pares mediante o sistema dobre cego, con garantía de anonimato.

As opinións e feitos consignados en cada artigo son de exclusiva responsabilidade dos seus autores. O Museo do Pobo Galego non se fai responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

Esta revista está incluída nas seguintes bases de datos:

IN_Recs (Universidad de Granada): <ec3.ugr.es/in-recs/iii/Antropologia-2010.htm>

Dialnet (Universidad de La Rioja): <<http://dialnet.unirioja.es/>>

INDICE

NA CASA CABEN TODOS OS SILENCIOS

Caxigueiro

7

VAN ALÁ DEZ ANOS E AGARDAMOS POR MÁIS PRIMAVERAS

9

XURXO LORENZO (1910-1934): A mocidade milgranada

Carlos GARCÍA MARTÍNEZ

15

HISTORIA DUNHA COLECCIÓN:

Ricardo Blanco-Cicerón, Álvaro Gil Varela e a colección de ourivería antiga
do Museo Provincial de Lugo.

Aurelia BALSEIRO GARCÍA

53

A ARRIERÍA E A COMERCIALIZACIÓN DO VIÑO DO RIBEIRO NA PARROQUIA DE SANTO TOMÉ DE QUIREZA A TRAVÉS DO CASO DE DIEGO RODRÍGUEZ (1699-1778)

Rita IGLESIAS BLANCO

67

ACHEGAS EPISTEMOLÓXICAS E DIDÁCTICAS DAS FOTOS FAMILIARES NA INVESTIGACIÓN SOBRE AS SOCIEDADES CONTEMPORÁNEAS:

Propostas dende a análise da emigración en Galicia.

Raúl SOUTELO VÁZQUEZ

85

ERGUEUSE VALENTE A ALDEA QUE TRABALLA: Unha caracterización da Mobilización agrarista en Porto do Son no contexto do Barbanza


María Xosé VÁZQUEZ LOJO

101

A FUNDACIÓN XOSÉ SOTO DE FIÓN

José Antonio QUIROGA DÍAZ

121



Catijue

“Na casa caben todos os silencios”
Caxigueiro
Técnica mixta 32 x 24 cm.

Van alá dez anos e agardamos por máis primaveras

ADRA naceu coa idea de ser unha casa de acollida e unha xanela aberta para fóra, para mirar e ser mirados, e tendo o Museo do Pobo Galego como punto de referencia. ADRA quer ser a parte que nos toca no común dun proxecto que se chama Museo do Pobo Galego e que quer ser o común no que participemos todos e todas a prol de mil primaveras máis para a nosa cultura.

E van alá xa dez anos. Chegamos ao nº 10 da revista, pero once son os volumes publicados. Queremos facer unha parada neste número e agradecer a toda a xente que ao longo deste decenio fixeron posible que ADRA fose unha realidade. Non queremos esquecernos de ninguén, pero se así fora agardamos que nos desculpen.

A través das páxinas da revista fomos coñecendo moitos e variados mundos. De diversos encontros sobre Antropoloxía e museos dounos conta Fátima Braña, entre os que estaba o celebrado en Corea e organizado polo International Committee for Museums of Ethnography. Nieves Herrero falounos da Eurorexión e do papel da Antropoloxía na construción do presente; Lois Ladra acercounos ao patrimonio do Baixo Coa, en Portugal, e M. Vilar ao patrimonio e Museos de Irlanda; mentres Roque Pinto, desde o Brasil, falounos do turismo; Begoña Bas mostrounos como nos viu o fotógrafo Jules Gervais-Courtellemont. A fotografía, especialmente a fotografía de mortos, foi un tema tratado por Virginia de la Cruz Lichet.



No campo máis puramente antropolóxico temos a colaboración, desde Portugal, de Xerardo Pereiro, Octávio Sacramento e José Gonçalves. O manter contacto co país veciño é unha teima desde a xente de Nós que nós temos como necesario para seguir construíndo e ampliando o campo cultural no que nos movemos no presente.

Desde Canada contamos coa colaboración da antropóloga Sharon Roseman; e desde Suíza Marianne Helfer fixo unha achega sobre o proceso de “retorno” dos emigrantes galegos desde ese país centro-europeo á súa terra de orixe, neste caso á Terra de Bergantiños. Santiago Prado Conde levounos pola aplicación da antropoloxía ao campo educativo.

ADRA tamén quixo mirar cara a dentro e achegámonos á etnografía e patrimonio de Galicia. Da man de Xesús Torres bebemos branco lexítimo nas “bodegas” betanceiras; con Manuel Calviño e Belén Sáenz soubemos da importancia social da decoración nas espadelas do val de Veá. Clodio González Pérez escribiu sobre o testamento do Entroido e levounos polas romarías de San Pedro Mártir e con David Conde coñecemos o cruceiro de Pena Corneira. Dionisio Pereira chamou a atención sobre un patrimonio pouco tratado, como é o marítimo e ao mundo mariñeiro tamén nos achegou Duarte Fernández. Con Manuel Aldao e Salvador Castro coñecemos a importancia da cultura da auga nunha parroquia de Bueu; Carlos Beiró acendeu unha luz sobre o patrimonio industrial, neste caso sobre “Lámparas Yria” e, tamén, sobre a chegada do cine á vila de Padrón; Xesús Giráldez ás empresas metalográficas e a súa importancia e relación coa industria conserveira, clave no desenvolvemento e modernización de Galicia. De como chegou o fonógrafo a Galicia contounolo Fandiño Alonso, López Pena e Neira Pereira. Germán Hermida analizou o proceso de patrimonialización da figura do Apalpador. Belén Sáez escribiu sobre a folclorización e os estudos de indumentaria. A antropoloxía dos adaxios foi tratada por Antonio Lizarriturri, mentres que Estefanía Lodeiro falou das imaxes das mulleres nos refráns e ditos.

E, tamén, tocamos o campo da Historia. Antón Medeiros analizou a importancia da figura de don Antonio Fraguas; Justo Beramendi escribiu sobre Benito Feijóo; Manuel Caamaño do agromar e papel das iniciativas culturais nos anos escuros; Herminia Pernas da historia do barrio de San Pedro; González Reboredo sobre as raíces ideolóxicas do nazismo; Lois Armada da relación de Federico Maciñeira co arqueólogo inglés E.T. Leeds; Laura Suárez Llano estudou ao esquecido poeta Martelo Paumán. Carlos García Martínez recordou o pioneiro traballo etnográfico do xuíz andaluz Nicolás Tenorio. E, a través dos menús, Carlos Azcoytia e Mercedes Fernández, relataron o papel dos banquetes na nosa historia. E lembramos a Manuel Luís Acuña, Antonio Fraguas, Salvador Parga Pondal ou María Mariño.

ADRA quer ser unha revista de antropoloxía nun sentido amplo da palabra. Por



iso intentamos abranguer coas vosas colaboracións todos os campos posibles da cultura e quefacer humano. Así, no terreo da arte demos acollida ao románico da Estrada, traballo de Silvia Arca; Eduardo Beiras analizou o retablo de San Paio de Antealtares; José Laredo recuperou os lazos galegos do escultor Ángel Ferrant e falounos da xénese do monumento a Curros Enríquez na Coruña; M. Vilar tróuxonos un novo debuxo de Castelao desde a Hispanic Society de Nova York; e García Barreiro achegounos ao taller do imaxineiro José Rivas. No campo da arquitectura e territorio contamos coas colaboracións de Daniel Beiras, de Elisa Gallego Picard, ou X. Creus coa súa idea da Costa da Morte como un Espazo batente.

Sobre a muller escribiu Victoria Martíns, tanto das presas galegas nas cadeas do franquismo como a imaxe das mulleres nos libros de historia desa época. Mariam Mariño Costales e Carmen Pérez Pais trouxeron unha proposta de documentación sobre as organizacións feministas en Galicia.

No campo da música Paulina Ceremuzynska escribiu sobre as Cantigas de Amigo; Fernando Reyes sobre música antiga e Díaz Pazos e M^a Belén Bermejo, con clase maxistral incluída no escenario do santuario de Santa M^a de Abades, sobre a catalogación dos órganos nas igrexas de Galicia; Xan Fraga sobre o cantante Raimón en Galicia e a súa relación con Voces Ceibes.

E seguimos citando: Pepe Sendón, Anxo Rabuñal, Comba Campoy, Marcos Lourenzo, Suso Sambade, Manuel Pazos, Michael Taussig, Francisco López Silvestre, Ana Baliñas, Alba Tizón, Álvarez Gareia e Baldomero Iglesias Dobarro.

Non podía ser doutro xeito, pois o Museo do Pobo Galego e o edificio que o alberga tiñan que ter cabida na revista. O seu director, Carlos García Martínez, relatounos como foi a xénese da creación das bibliotecas de persoeiros coas que conta o Museo, e tamén nos falou da intrahistoria dalgunhas pezas, como dunha carta escrita no verbo dos anxos ou bogardeiros. Belén Sáenz-Chas narrou como foi a musealización da sala chamada de sociedade. Sobre sacar á luz algúns dos fondos documentais encargouse Rosa Méndez (unha carta de Castelao), Patricia Gómez (códice López Ferreiro) e González Monje (pergameos de Johan Nuñez d'Aponte). Alexa García achegounos a un retrato de José Rivas atribuído a Álvarez de Sotomayor e Mercedes Rozas aos fondos de arte contemporánea. Sobre o papel educativo dos museos escribiron Carme Campo e Paula Lorenzo.

Sobre o edificio de San Domingos de Bonaval e a súa contorna escribiron María Vega Cerqueiro, Rosa Mouriño, Pilar Antelo e X. Penas.

En cada número da revista fomos achegándonos as diferentes entidades que tra-



ballan a prol da cultura en Galicia. Así, con Darío Areas visitamos a Fundación Fernando Blanco de Lema, de Cee; con Eiroa Pose coñecemos as actividades que o concello de Cabana de Bergantiños fai para activar o seu patrimonio cultural; con García Mera, achegámonos ao Museo Etnográfico da Capela; López Martínez falou das xentes do mar entre as troneiras do castelo de Fisterra; Marcos Seixo da actividade que desde A Taboada realizan a prol do patrimonio cultural nas terras de Cuntis; Carlos Méixome do múltiple labor do Instituto de Estudos Miñoranos e Pousada Nogueira do papel da fundación Liste na cidade de Vigo.

Desde o número 1 quixemos incorporar unha achega artística e solicitamos aos artistas visuais a súa colaboración, entendendo que a arte actual tamén forma parte do patrimonio cultural do presente. Até o momento colaboraron con ADRA Xurxo Martiño, Nolo Suárez, Luís Iglesias Diz, Raquel Blanco, Estrela Rúa, Laíño, Tono, Álvaro de la Vega, Ángel Cerviño e, agora, Daniel Caxigueiro.

Non podemos esquecernos dos apoios económicos que tivemos e que fixeron posible que ADRA fose unha realidade. Así, temos que salientar o inestimable apoio e empeño de Víctor Ferreira quen fixo posible que os primeiros volumes saísen á rúa. O seu apoio foi vital para que a revista botase andar. Pero tamén foron importantes as achegas dalgunhas empresas, como Otero Pombo, Toxo, O Dezaseis, Airas Nunes, Abertal, Altair, Mercagalicia, Condes de Albarei, Renault Caeiro, Bar Ultramarinos, Crecenteasociados, Progando sumistros agrarios, Gallaecia Liber, Tórculo, Amboa, Conxelados Bermúdez, Grupo Marcelo Macías e Universidade de Vigo. E, como non, a aqueles socios e patróns que nun momento determinado fixeron achegas económicas para que ADRA puidese estar en papel. Sen estas achegas esta xanela estaría pechada e ninguén se asomaría por ela, nin para mirar para a fóra, nin para ser vistos. Tamén agradecemos a Antón Santamarina, Suso Sambade e Miro Villar a súa axuda á hora de ler os textos. A todos e todas, grazas e agardamos seguir contando co voso apoio para seguir adiante.





XURXO LORENZO (1910-1934): A mocidade milgranada*

Carlos GARCÍA MARTÍNEZ

“Porque coído necesario que os pobos convirtan o seu pasado n-un presente sustantivo e práctico, transformándoo na súa sangue e vivindo de el; mais coído tamén necesario que este ollar cara atrás non chegue a inutilizar a vida interna do home, matando o seu presente e cicais inutilizando o seu porvir, ó sumilo na somnolencia saudosa do pasado, saudade de gorrias pretéritas, que mata a enerxía creadora dos pobos”¹.

Xurxo Lorenzo (1933)

Ollos lonxanos de Xurxo
 n-un vago alén esquecido
 ¿Que sonhos está a forxar
 O teu xenio escrarecido?
 Xurxo non responde nada.
 Misterioso e pensativo
 está contemprando como
 rube o fume do seu pito.
 Xurxo de cabelo dondo,
 Xurxo de cabelo rizo².

F. Bouza Brey

Hai oitenta e dous anos morría en Zaragoza, no mellor da xuventude, un dos máis resoltos valores do Seminario de Estudos Galegos, Xurxo Lorenzo Fernández,

* Agradece o autor a inestimable colaboración que lle prestaron para este traballo, Dna. M^a Xosé Fernández Cerviño, Dna. Rosa M^a Méndez García e D. David Conde Lourido. *Grato animo, semper.*

1 Este parágrafo figura nun texto mecanografado de tres folios intitulado *A Galiza individuo histórico*, sen ningún outro tipo de indicación. O mesmo debe corresponder a unha conferencia, que, consonte indica Risco, estaba a preparar Xurxo Lorenzo, que sería parte dun libro referido aos “estudos históricos galegos” e que cualifica como unha das obras máis orixinais do noso autor (Risco. 1934, 71). Fora deste texto, descoñecemos calquera outra referencia verbo destes Estudos históricos e dos seus contidos. (Papeis soltos de Xaquín Lorenzo Fernández, no Museo do Pobo Galego; en adiante **Fondo X.L.F. Arquivo MPG**). O sentido do texto lembra a reflexión do gran medievalista Jacques Le Goff: “*La memoria a la que atañe la historia, que a su vez la alimenta, apunta a salvar el pasado sólo para servir al presente y al futuro. Se debe actuar de modo que la memoria colectiva sirva a la liberación, y no a la servidumbre de los hombres*” (1991, 183).

2 Versos da poesía, sen datar e firmar, que o seu amigo F. Bouza Brey lle dedica. Unha copia desta poesía figura no fondo X.L.F. Arquivo MPG. Clodio González Pérez (2004, 21) menciona outro exemplar na documentación que gardaba en Facós dona Dolores Sáenz Fernández, curmán dos Lorenzo, quen recolle o testemuño da citada de que D. Xaquín recitaba de memoria a poesía e que esta fora composta por D. Fermín, probablemente arredor dos anos 1931-1933.



adaíl daquela “*Mocidade milgranada da miña terra en sazão*”, que loou Fermín Bouza Brey en belido poema. Integrante, e mesmo un dos referentes, da que podemos chamar segunda xeración do S.E.G., de patente compromiso anovador co país, e á que pertenceron Sebastián González García-Paz, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero, Antonio Fraguas, Xaquín Lorenzo... Benquerido de todos, a inesperada e prematura morte de Xurxo, enchería de tristura ao nacionalismo de preguerra e suporía unha perda irreparable para a investigación da formación histórica de Galicia, na que estaba chamado a desenvolver notorio labor. Consternación e gabanza que ben se revela no lutuoso texto recordatorio que o galeguismo lle dedica no NÓS (nº124-125,1934) cando o seu pasamento e do que entrecollemos os seguintes parágrafos:

Iste NÓS –endexamáis o tídoo figura tan nádo no millor do curazón— contén estudos adicados á persoalidade e á obra de Xurxo Lourenzo. Tristeira tarefa se ela for ispirada por unha intenzón de moimento funerario. Outro sentimento a preside. A saudade de un puro i-ergueito vivir non cumprido.

A beleza da mocidade pide ser tratada aínda na morte, con un senso de severo heroísmo resiñado. Coutando as bágoas, lembrando con seréa visión, somos fieis á leda mocidade de Xurxo i-à proieición da súa obra n'un futuro maxinado pol-o noso espírito irmán.

Querémolo estudante e galeguista, vibrando arelas xurdías á soma das torres de Sant-Yago demandando á montana galega o segredo da yalma da Terra. Asina amado vivirá con nosco, dirá sen verbas seu consello silandeiro, nas nosas xuntanzas ha ser presenza, exemplo e aición.



As páxinas que proseguen tentan ser franca homenaxe a quen dedicou, incansable, o mellor da súa curta existencia á defensa e estudo da realidade galega e achega afectiva á súa persoa e memoria.

Infelizmente a biografía de Xurxo Lorenzo Fernández é descoñecida en demasía, como acontece con moitos outros exemplos de mulleres e homes aos que tanto lles debe o país e cuxa lembranza, sometida ao inexorable oficio do esquecemento, acaba por cumprir a rotunda sentenza popular “*o que non se recorda non pasou*”. Canto queda aínda por restaurar na memoria de noso!

É pois preciso exercitala posto que este saudoso personaxe ben merece un estudo bio-bibliográfico actual, que a mirada doutros máis autorizados esculque na súa vida e, con perspectiva crítica, se valore a súa contribución ao coñecemento do noso pasado histórico, limitándonos aquí a proxectar un breve, e moi persoal, traxecto pola súa biografía que nos axude a dexergar como se foi xerando a súa entrega e dedicación á causa de Galicia e dar conta da súa obra, abondo descoñecida.

Até hoxe a mellor análise verbo da personalidade e traballo do noso persoeiro é a que figura no artigo de Vicente Risco, un dos seus mentores, publicado na revista



NÓS no ano da súa morte (1934,63-72). Entrementres valga este texto, que complementa, en certa medida, ao anterior citado, para aproximármonos algo máis ao protagonista, o que non é tarefa ordinaria, habida conta da limitada información que posuímos da súa efémera vida, ás veces só albiscada, mais creo que intensa e de certo plena de creatividade e de orixinal actitude intelectual, tratando de abrir novos vieiros na investigación da nosa alta Idade Media, así como ao cometido que o noso autor desempeñou nos basilares momentos culturais e políticos da Galicia que precederon á guerra civil de 1936.³

Hai algúns anos batemos no Fondo de X.L.F. do MPG, cunha interesante carta de Florentino López Cuevillas, datada o 20 de outubro de 1933, remitida a Xurxo Lorenzo, que se encontra co seu irmán Xaquín na Universidade de Zaragoza. Na carta o sabio prehistoriador lle traslada información, que o pequeno dos Lorenzo lle tería pedido para un traballo que andaba a preparar respecto do alto medioevo en Galicia e en concreto sobor das xentes daquel tempo. Traballo que polo seu contido estimamos de particular mérito, por canto viría ser unha achega pioneira á xénese do poboamento histórico de Galicia.

Á vista do texto da misiva revisouse o citado fondo documental de D. Xaquín, por entón en fase de ordenación, no que figuraban unha serie de papeis, manuscritos e dactilográficos, xunto con algúns bosquexos e debuxos pertencentes ao seu irmán. Entre aqueles achábanse escritos soltos que correspondían a traballos deste -dos que se tratará máis adiante-, xunto cunhas follas mecanografadas contendo os textos de dúas conferencias; unha, sen título, que foi lida en febreiro de 1933, ignoramos o día, nos micrófonos de Unión Radio Galicia de Santiago; a outra, a xa citada, *Galicia, individuo histórico*; así como unha manda de cuartillas que semellaban pertencer ao traballo ao que fai referencia López Cuevillas, relativo ás xentes de Galicia na alta Idade Media, ao xeito dunha etnografía daqueles escuros tempos.

No ánimo de proseguir no labor de dar a coñecer os fondos do arquivo documental do MPG, e neste caso, en especial, para recordar os oitenta e dous anos da morte de Xurxo, van a seguir estes apuntamentos e consideracións verbo da vida e obra do noso personaxe, ao tempo que damos conta dunha parte desta última, mormente ignorada.

Quen che me dera en Lobeira, quen en Lobeira me dera. Entre as raizames da arraiana Lobeira e a auria intelectual

Xurxo Edmundo Vicente Lorenzo Fernández veu á vida o 11 de febreiro de 1910, na rúa da Paz en Ourense, antiga rúa dos Zapateiros, mesmo fronte das moradas

3 No que atinxe á persoa e obra de Xurxo Lorenzo compre citar, xunto ao mencionado artigo de Risco, os de Couceiro Freijomil (1952, 335), Fraguas Fraguas (G.E.G.T. XIX), González Pérez (2003, 2004) e Arizaga Castro, (2005), así como as achegas de Torres Regueiro (2004) e García Martínez (2004). A día de hoxe, non son moitas as fontes que nos proporcionen precisa información verbo do noso personaxe. Véxase a bibliografía que se recolle ao final deste artigo. Algúns datos deste texto proceden de referencias de amigos coetáneos do noso autor; F. Bouza Brey, R. Martínez López, A. Fraguas e do seu irmán Xaquín.






OS IRMÁNS LORENZO NA ADOLESCENCIA

de Ramón Otero Pedrayo e Vicente Martínez Risco e non moi lonxe da de Florentino López Cuevillas, na Praza do Ferro. Egrexios veciños que han ter sobexo predicamento na traxectoria vital e na formación de Xaquín e Xurxo Lorenzo. Nacidos no seo dunha familia acomodada, rendista, con bens patrimoniais pola ascendencia paterna, en Ourense, Arxentina e nos concellos de Lobeira e Calvos de Randín, e pola materna con propiedades inmobles e outras herdades na cidade de Vigo e contorna inmediata, gozarán dunha situación que lles ha permitir vivir sen problemas económicos⁴.

Na casa petrucial da aldea de Facós, a Casa do Outeiro, no concello de Lobeira, perto do santuario da Virxe do Viso, da que Xaquín será rendido devoto, pasarán os dous irmáns dende a súa infancia asiduas tempadas. Aquela arraiana terra de montaña, na que señorea o largacío perfil da Serra do Leboreiro e a pedra de gra, de vales altos sucados por regachos que deitan as súas augas no río Abedela, ou Grou, tributario do Limia, xunto co vivir rural das súas xentes, debeu deixar permanente



PANORÁMICA DE TERRA DE LOBEIRA

pegada nos fillos de don Xosé Lorenzo Álvarez e dona Joaquina Fernández Barcia. A experiencia vivida nun ambiente primordialmente campesiño, un mundo aínda estruturado, no que os traballos e os días, os símbolos e as crenzas, a vida social,

4 Situación que se viu ameazada a pouco de morrer o pai, en 1923, por canto o administrador dos bens que posuían en Arxentina trataba de facerse con eles. A nai dona Joaquina trasládase a Buenos Aires e logo de tres anos de preito, que se substancia a favor dos Lorenzo, regresa a Ourense. Namentres Xaquín vive coa súa aboa paterna e cos seus tíos en Facós, Lobeira, e Xurxo en Vigo coa familia da súa nai. (González Pérez, 2003, 45, 46).

deseñaban ese universo identitario que idealizarían os homes da xeración NÓS, debeu conformar o afán e a paixón que os irmáns Lorenzo puxeron no estudo da cultura tradicional, o que explica ese seu particular tratamento do feito etnográfico que só pode atinxilo quen o teña vivido. Lobeira será o manancial nutricional no seu ámbito anímico, sentimental e afectivo. A Baixa Limia, terra de profunda historia, porta franca de intercambio de formas culturais e relacións humanas co veciño Portugal, ha ser un dos medios nos que se configurou a personalidade dos Lorenzo.



"UN ASPECTO DE FACÓS"

Un outro escenario influirá de modo patente na súa formación: Ourense, a cidade de provincias, pequena e clerical, vive nas primeiras décadas do século XX un dos seus momentos políticos e culturais máis fulgurantes, que traen causa do relevante movemento rexionalista dos decenios postremeiros do século XIX. A circunstancial conxunción de persoeiros como Curros Enríquez, Lamas Carvajal e os vinculados á Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos e ao Museo Arqueolóxico Provincial, Juan Manuel Paz Nóvoa, Marcelo Macías, Arturo Vázquez Núñez ou Benito Fernández Alonso (Fariña Busto, 2013, 287 e ss.) impulsará unha importante acción cultural, e mesmo política, que abrangueu dende a produción literaria, á investigación nos terreos da historia, arqueoloxía e da arte, no fomento das artes plásticas..., reflectida a través dunha brandida e relevante prensa con cabeceiras tan significativas como *El Heraldo Gallego*, *El avisador ourensano*, *El Eco de Orense*, *El Miño*, *La Zarpa*, e revistas como *O Tío Marcos d'a Portela* ou o *Álbum Literario*, que fixeron da cidade a capital da prensa en Galicia, ou o Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense. Outras dúas personalidades deben subliñarse, Primitivo Rodríguez Sanjurjo e Julio Alonso Cuevillas, quen han ter particular influencia nos membros da xeración NÓS e na saliente actividade do Ateneo ourensá, fundado en 1914. Este marco configurou un contexto idóneo para o xurdimento, entre outras, das figuras de Martínez Risco, López Cuevillas e Otero Pedrayo. Serán eles, os animadores das Irmandades da Fala en Ourense e os creadores da Centuria e do NÓS, os mestres de Xaquín e Xurxo Lorenzo Fernández.

Tempos de formación e compromiso militante

No instituto da cidade das Burgas comeza, con dez anos, o cativo dos Lorenzo os estudos de bacharelato no curso 1920-1921, que conclúe, logo de interrupcións, en 1929, matriculándose a seguir, e por libre, na Facultade de Ciencias da Universidade

de Santiago na materia de Química inorgánica (González Pérez, 2003, 118). Moi contado tempo lle debeu ocupar a permanencia neste centro, pois no mesmo ano trasládase a Madrid para iniciar estudos na Escola Técnica Superior de Arquitectura. Na Universidade Central coincidirá co seu grande amigo e compañeiro de xeración Carlos Velo Cobelo, quen está a cursar a licenciatura en Bioloxía. Aínda que cualificado para o debuxo, indispensable na carreira elixida, aquela non se avén moito coas preferencias do seu espírito e de seguida inscríbese, con vinte anos en Madrid, na Facultade de Filosofía e Letras, sección de Historia, no curso académico 1930-1931.



OS IRMÁNS LORENZO NA SÚA CASA DE FACÓS

Mais xa no que lle segue, 1931-1932, cremos que por razóns familiares –Risco (1934, 64) apunta que pola chamada da terra, por medio as cartas doutrinarias que lle remite o irmán—, cambia o expediente para a Universidade compostelá, na que se inscribe como alumno oficial na súa Facultade de Filosofía e Letras, onde Xaquín cursaba xa estudos, primeiro como alumno por libre e no curso 1931-1932 como oficial. Residirán ambos os dous na compostelá Praza de San Miguel dos Agros.

Daquela Xurxo é xa un nacionalista declarado, que, segundo Risco (1934, 64), mesmo tiña superado ao seu irmán “na eislación galeguista, s’è que se pode superar n-isto a Xaquín Lorenzo”.

Os dous irmáns identifícanse plenamente co movemento estudantil que está a xerarse na Universidade, militando na tendencia galeguista da Federación Universitaria Escolar (FUE) de Santiago, constituída en 1929⁵, sendo Xaquín un dos representantes daquela na Xunta de

Goberno da USC, e un dos asinantes da “acta reservada” da FUE, de 23 de marzo de 1933, xunto con F.F. del Riego e R. Aguiar Álvarez, destinada a propagar o ideario do manifesto dirixido aos escolares, universitarios e galegos en xeral. Demandaban a autonomía universitaria, a galeguización plena e democratización da Universidade compostelán; a creación de cátedras de Lingua e Literatura galegas, estudos permanentes de Xeografía, Historia, Etnografía, Filoloxía e aulas de Arquitectura, Veterinaria, Enxeñería e Peritaxe agrónomo (M^a Cuquejo Enríquez, L. Alonso Girgado, 2005, 10 e ss).

5 Xurxo Lorenzo colaborará no primeiro número da *Revista Universitarios*, que editaba a F.U.E. de Santiago e dirixía Francisco Fernández del Riego, que leva data de 1932-1933. A mesma, da que só saíron dous números, tirábase nos prelos de NÓS. O artigo, titulado *Vieiros para o estudo da Galicia medieval*, a penas se tiña coñecido e non estaba recollido até o de agora na súa bibliografía.

A súa actividade no ámbito universitario e a adscrición ao nacionalismo supuxo para os irmáns Lorenzo, como para outros estudantes e compañeiros do SEG, o ser considerados elementos non gratos por un sector do profesorado abertamente oposto ás mencionadas arelas, sendo acusados⁶ de promover na Universidade un nacionalismo, de tinteira separatista, e que co concurso dalgúns docentes, intentaban cambiala de forma radical. Esta acusación e o resultante perseguiemento, que poñía



OS IRMÁNS LORENZO NO TREN, CAMIÑO DA UNIVERSIDADE DE ZARAGOZA

en perigo algo máis que a propia continuidade das súas carreiras, forza aos irmáns Lorenzo a trasladarse á universidade de Zaragoza na que se matriculan para continuar os seus estudos de Filosofía e Letras, cidade na que se encontran xa no mes de outubro de 1933⁷.

Xurxo Lorenzo foi en todo o relativo á súa preparación intelectual, home moi próximo, como o seu irmán Xaquín, á tríade ourensá de Nós. Sempre que estaba

6 Xaquín Lorenzo di “que fomos vetados por tres profesores composteláns”, de entre os que sobresaía Carmelo Viñas Mey, catedrático de Historia da Arte. O propio Montero Díaz será outro dos profesores, o mesmo que Moralejo Laso ou Montequi que rexeitarán a acción galeguista na Universidade.

No expediente que lle abre en 1939 o réxime franquista ao prof. Alberto Castillo Yurrita –da escola catalá de prehistoria de Pere Bosch Gimpera, que ocupara nos anos 1931-1932, a cátedra de Historia Antigua, Medieval, Moderna e Contemporánea de España, da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago e membro do SEG–, figura entre os informes *acusatorios* un subscrito por algúns profesores desta Facultade, no que se salienta a complicidade que antes de 1932 amosaba este catedrático, de “*ideas catalanistas*”, co “*galleguismo nacionalista y más o menos separatista que se había infiltrado en la Universidad con algunos profesores y alumnos y pretendía apoderarse de ella, [...] y favorecer a los galleguistas hermanos Lorenzo Fernández [...]*”. En Gracia Alonso (2009-109,110).

7 A elección da universidade de Zaragoza viría dada pola similitude dos planos de estudo coa de Santiago; o mesmo fixeran denantes Xosé Martínez López, irmán de Ramón, e Xosé F. Filgueira Valverde, quen obtivo a súa licenciatura naquela universidade no ano 1927.

en Ourense, di Risco, “procuraba a nosa compañía, e falaba dos seus inquéritos, dos seus achádegos e dos seus propósitos” (1934,65). O citado, Cuevillas e Otero serán os seus guieiros e neles atopará os elementos sustentadores da vocación investigadora e da súa man entrará tamén na militancia nacionalista. Conforme D.Vicente, Xurxo non era político: “*sintía pol-a política certo íntimo desapego, non atopaba n-ela intrés, polo menos como actor*”; o mozo catecúmeno, outorgáballe un importante papel á cultura, á creación interior, esteos que levarían “*á restauración integral colectiva... da y-alma a política podía non tragner a renacencia íntegra de Galiza... A política somentes valía como meio, endejamáis coma fin*” (1934,65). Non obstante o “desapego” que lle atribúe Risco, non empeceu para que, como afiliado responsable, colaborara coas actividades políticas das organizacións nas que participou.

Que saibamos militou na *Irmandade Galeguista de Ourense*, creada en maio de 1930, presidida polo propio Risco, da que foi Secretario 4º da xunta directiva e na que tamén figuraban, Cuevillas, como Vicepresidente 1º, Angel Martínez Noval, Vicepresidente 2º, Afonso Vázquez Monxardín, Secretario 1º, Isaac Forneiro Barandela, Secretario 2º, e 3º Xaquín Lorenzo Fernández⁸.

Ao constituírse en decembro de 1931 o Partido Galeguista da cidade das Burgas, os irmáns Lorenzo encóntranse no grupo dos seus fundadores; nos que tamén figuran, Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Vázquez Monxardín, Peña Rey, Leuter González, Amador Villar, López Trasancos. (Testemuño de Xaquín Lorenzo recollido por González Pérez, 2003,135).

Como militante do P.G. mesmo participou en algún que outro mitin na campaña para as eleccións xerais de novembro de 1933, nas que o Partido Galeguista, que podía presentar dous candidatos pola provincia de Ourense, concorre só con Otero Pedrayo (Beramendi, 2007,990 e ss.). Xurxo Lorenzo fará de teloneiro de Cuevillas no mitin que ambos os dous deron en San Xes, freguesía do concello de Lobeira, o 25 de xullo de 1932. Centrou a súa intervención naqueles problemas políticos que levaron á prostración secular de Galicia e que se ergueron como piares sustentadores do discurso reivindicativo galeguista: o *centralismo*, o estrago “*agotador e bestial, bestial como aqueles que eran os seus rexidores*” que rexeita a realidade nacional de Galicia; a *monarquía* “*que non tiña outro desexo que o nos afundir aínda máis na nosa miseria, i-esgotar a nosa riqueza pra satisfacer o seu apetito voraz*”; ou o *sistema de partidos políticos*, que non representaban ao país, co seu funcionamento clientelar e caciquil. O corolario é manifesto, a clave para rematar con esta situación está no galeguismo organizado⁹.

Con clareza exprésao López Cuevillas na súa intervención no referido mitin: “*Si*

8 Na Irmandade Galeguista de Ourense, que substitúe á Mocidade Galeguista de Ourense, figuraban así mesmo, Augusto Guedes Bautista, Julio Cortés Martínez, José Dacal, Leuter González Salgado e Manuel Peña Rey. EN FRONDA, voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Nº 14, ano 2º, xaneiro-febreiro 2008.

9 A intervención de Xurxo no mitin pronunciado en San Xes, o Día de Galicia de 1932, figura xunto coa de López Cuevillas, nunhas cuartillas manuscritas conservadas no Fondo X.L.F. do MPG.



na nosa terra eisistira unha concencia e unha política de ista clas [galeguista] os atopelos que nos arruíñan non serían posibles, porque a política e a concencia reaccionarían violentamente contra iles. N-un corpo vivo non se poden facer feridas sen que o corpo proteste e se defenda, mais n-un corpo morto ou anestesiado podese cortar, furar e crebar impunemente”¹⁰.

González Pérez (2003,135) menciona unha outra intervención de índole política de Cuevillas e Xurxo perante o Comité do Partido Galeguista en Lobeira; que ten lugar igualmente o 25 de xullo de 1932. Coidamos que o contido en ambos os dous mitins foi o mesmo.


Xurxo pertenceu aos Grupos Ultreia, asociación xuvenil que puido converterse na organización da mocidade galeguista, creados en Noia por Álvaro de las Casas no ano 1932. Foi un dos integrantes do seu primeiro Consello, xunto co mencionado de las Casas, que era o Rexente, Filgueira Valverde, Rodríguez Teijeiro, Rodrigo Aguiar e Fernández del Riego, como Secretario Xeral (Beramendi, 2007,889 e ss.). Formou parte igualmente da súa comisión de publicacións. Ultreia, foi considerada en certo modo como unha especie de viveiro das futuras xeracións galeguistas (González

Pérez, 2008,43) e no propio NÓS (1931,103), se afirma “... que constitúe hoxe a vangarda do nacionalismo galego”. O movemento Ultreya concitou non poucas críticas pola súa estrutura xerarquizada, os ademáns paramilitares e en particular pola personalidade do seu rexente. Non obstante levaría a termo algunhas renovadoras actividades culturais e pedagóxicos, entre elas as *Xeiras de estudo*, das que se organizaron catro.

Na segunda destas xornadas tivo Xurxo un destacado papel. Consistiu nun cruceiro marítimo polas Rías Baixas que se realiza dende o 1 ao 14 de xullo de 1932; unha singradura de arredor de 160 millas náuticas, no pailebote “Joaquín Pérez”, con saída do peirao de Muros




CRUCEIRO DO CAMPO
SAN ROQUE (PORTONOVO)



PÍA DA IGREXA DE SAN PEDRO
DE MUROS

¹⁰ Fragmento da Intervención de López Cuevillas no mitin citado, texto que é de sorprendente actualidade: “E daquela os galeguistas miran arredor... e viron que eran moito máis dos que creían; a semente había prendido e por todos lados xurdían mozos ardentes e fortes, cheios de galeguismo e ansiosos de loitar, co-a crás de armas que fose necesario, pol-a consecución da nosa liberdade; e o galeguismo foi entón un partido político; mais nunca un partido de “votos” e cacicadas; non ás normas políticas da monarquía, habían de morrer con ela, i-en troques reinar agora unha política de limpeza e de decencia moral. Eu non sei se o camiño era certo ou non, eu non sei, se os outros partidos políticos cambearían tamén os seus procedimentos, mais sei en troques, que nos non queremos chegar ó fito das nosas ideas, senón por camiños dereitos e craros, fuxindo dos recunchos i escuridades que son o corrente acompañamento dos partidos políticos tradicionais”. Fondo X.L.F. do MPG.



DEBUXO DA COSTA NORTE DO BARBANZA

e final no porto de Vigo (González Pérez, 2008). Neste periplo participan vinte oito persoas, entre rapaces, profesores e mariñeiros. Os encargados daquel son de las Casas, Xurxo Lorenzo e Xosé Martínez López e os profesores Parga Pondal e Ramón Martínez López.

De parte da derrota levou Xurxo un diario –publicado como homenaxe póstumo no NOS en 1934–, dando conta a través do texto e de debuxos –eses seus debuxos de sinxelas liñas, mais nítidos e definidores–, da paisaxe, dos vestixios arqueolóxicos, megálitos, castros, do mundo etnográfico e as lendas, igrexas e arte, cruceiros..., que inventaría dende Muros e Monte Louro, até a illa de Ons, costeando as rías de Muros, Arousa e Pontevedra e visitando vilas e lugares de interese¹¹. A querenza de Xurxo pola paisaxe faise expresa nas verbas coas que o autor abre o diario, “Non comecei eu ista xeira, dito seña en descárrego da miña conciencia, co-a teima de faguer un inventario máis ou menos compreto de todolós materiaes arqueolóxicos espallados pola nosa roita: eu fun somentes a “ver paisaxe” (Risco, 1934, 74). Navegan seguindo a liña costeira, divisando dende o mar unha singular paisaxe, perspectiva case privativa dos mariñeiros, na que sobrancea a notable concatenación de castros ao longo do litoral norte da serra barbanzá; os cons mareiros, as pedras de singulares vultos labrados polo vento e a auga, fitos referenciais, marcacións, para o singlar do mariñeiro e a procura dos cardumes. Arizaga Castro (2008) ten cualificado a este traballo de Xurxo, como unha *Etnografía arqueolóxica da paisaxe mariña*.

Álvaro de las Casas na presentación que fai en Nós do diario da xeira, salienta que Xurxo foi “o mellor irmán; sempre ledo, sofrido, traballador. Un exemplo no que

11 Xurxo ten un preciso motivo na visita a Vilagarcía; había pouco que se atopara unha necrópole con sepulcros de lousas, que lle dan a algún deles forma antropoide, nos que se recolleran restos de esqueletos. A escaseza de tempo impídelle observar os vestixios óseos que estaban gardados no faro. Sen dúbida o interese por este achado viña dado polo traballo que estaba a preparar encol das xentes e a vida cotiá na Galicia da outa Idade Media.

todos nós reparamos e que todos nós temos de lembrar en recordo inesquecible” (1934,74).

Unha modernidade creativa

De entre os da súa xeración ha ser Xurxo Lorenzo un dos máis abertos á modernidade. Engadado pola vangarda e o novo, a súa manifesta curiosidade intelectual e predisposición a todo o tocante ao mundo creativo, facilitoulle o achegamento ás correntes anovadoras que estaban a acontecer en Europa nos dominios da cultura, polos anos vinte e trinta do século pasado. E a esta propensión non deberon ser alleos o seu propio pai e o seu mentor D. Vicente Risco, quen nos di que o noso autor “*gostaba da arte nova, na qu’era especialmente entendido*” (1934, 66).

O primeiro, Xosé Lorenzo Álvarez, foi fundamental na preparación –igual que da de Xaquín–, dun rapaz con evidentes capacidades de seu. Home culto, avogado, socialista, impulsor das sociedades obreiras en Ourense, escritor, así como recoñecido e premiado caricaturista –que asinaba as súas viñetas co pseudónimo de Tabarra, Xurxo usou o de Tabarrita–, fora nos seus anos de estudante de dereito en Santiago, colaborador do Semanario compostelán *Café con Gotas*¹². Xosé Lorenzo dispoñía dunha abastada biblioteca, con presenza de sobresáintes escritores europeos, da que se serviron dende novos os irmáns Lorenzo¹³. Detalladas referencias ao tempo da súa formación e á importancia que na mesma tivo o seu o pai poden verse en González Pérez (2003, 59, 60).

O segundo, home sabedor das vangardas e movementos que se significaron na Europa do primeiro terzo do século XX –neste punto non hai que esquecer a faciana poética de D. Vicente, na que se rexistran explícitos elementos característicos daquelas–, influirá na renovación da literatura galega, a través dos seus artigos sobor das novas correntes literarias e estéticas que publica en *A Nosa Terra*, *NÓS*, *La Zarpa* (Carlos L. Bernárdez, 1994, 6 e ss), e, por descontado no propio Xurxo.



EX LIBRIS DOS IRMÁNS LORENZO, DESEÑADO E DEBUXADO POR XURXO

12 Semanario humorístico satírico ilustrado, do que o primeiro número saíu o 17-X-1886. Ao longo dos anos colaboraron Curros Enríquez, García Ferreiro, Labarta Pose, Aurelio Ribalta e Valle-Inclán. Xosé Lorenzo colabora no Semanario durante o ano 1892.

13 A parte literaria do fondo bibliográfico non galego de D. Xaquín Lorenzo, foi distribuída, seguindo a súa vontade, entre a Fundación Penzol e a Fundación Otero Pedrayo.

Un terceiro personaxe cremos debe citarse aquí, Carlos Velo, o recoñecido cineasta, o seu amigo de xuventude, con quen compartira na cidade das Burgas as súas primeiras experiencias no mundo do cinema¹⁴ e logo compañeiro en Madrid, en contacto cos sectores anovadores da capital.

A década dos anos vinte do pasado século e dos comezos da República, foron transcendentais para situar a Galicia na modernidade, abríndoa ás innovadoras correntes europeas no eido da creación literaria e das artes e facéndoa presente no progreso das ciencias e da investigación. Compostela, por aquelas datas, pode considerarse unha auténtica fervenza cultural; momentos apaixonantes consonte cos retos que demandaban uns renovadores anos. O valioso labor desenvolvido polo Seminario de Estudos Galegos, efectiva vangarda na mesma cerna de Galicia, apunta cara o estudo de noso, a afirmación do autóctono e á vinculación co mundo europeo; o idioma será parte esencial na tarefa restauradora e por primeira vez o galego empregárase, con normalidade, no ensaio, na ciencia, na didáctica. De par dos nomes de Cabanillas, López Abente, Taibo, Otero Pedrayo, Castelao, Risco..., xurde unha brillante e vangardista xeración de escritores, e ao tempo crítica con algunhas formulacións do nacionalismo precedente –Manuel Antonio, Amado Carballo, Blanco Amor, Dieste, Eugenio Montes, Correa Calderón, Otero Espasandín, Fernández Pimentel, Cunqueiro...--, coa que a creación literaria acada un singular papel no ámbito cultural, que se reflicte na edición de escolleitas e vangardistas revistas como *Alfar*, *Ronsel*, *Yunque*, *Resol*..... Este abalo anovador maniféstase igualmente, con distinta intensión, noutros ámbitos: na música, con *Bal e Gay*, na arquitectura, con *Candeira*, na escultura con *Eiroa* ou na pintura na que sobrancean os nomes de *Maside*, *Colmeiro*, *Souto*, *Fernández Mazas*, *Seoane*, *E. Granell*...

Xurxo Lorenzo vivirá en Santiago un dos momentos culturais de máis puxanza e creatividade, alicerces dunha *Galicia nova*. A breve, mais activa estadía compostelá, o contexto e a amizade con moitos dos aludidos, deixará especial pegada no noso autor.

Concorrían en Xurxo Lorenzo saberes e competencias en eidos variados, o que non resulta inusitado en quen era saliente discípulo dos tres grandes mestres da Xeración NÓS. De cativo xa amosaba inclinación pola literatura, escribindo, só para a súa deleitación, algunhas poesías, que destruíu, e en palabras de Risco –a quen seguimos–, un libro de viaxes, moi “verneano” que tampouco chegou a nós; interesouse pola xeografía astronómica e como non, para satisfacción deste seu mestre, logo do misterio do espazo, tentouno o misterio do tempo, e afeccionouse á exiptoloxía,

14 A cinematografía, metáfora da modernidade, atraerá tamén ao noso autor. As primeiras experiencias cinematográficas que Carlos Velo levaría a cabo en Ourense, contarán coa colaboración dos irmáns Lorenzo. Os dous son parte dun peculiar equipo no que figuraban tamén o logo cineasta Antonio Román –que fará con Xaquín Lorenzo o magnífico curto *O carro e o home*–, e o fotógrafo Augusto Pacheco. O propio Xocas, grande afeccionado á fotografía experimental, ha ser o protagonista dunha peliuliña *Las aventuras de Pokronski*. Xurxo encargouse de debuxar a historia, “*cadro a cadro*”, “da nova e abaladora” serie *La locomotora asesina*, na que tamén desempeña un papel. M. A. Fernández (2002, 15, 16).



“Esa esfinge d’Oriente, qu’a todos nos ha surtir no camiño cand’escomenzamos a vida do espírito” (1934, 64). Debullou dende mozo a literatura; non lle apracían os clásicos, debeceu por Victor Hugo e gustou de Lamartine, Dumas, De Musset ou Larra; predilectos foron así mesmo Dickens e Daudet, Stevenson, Dostoievski, Ibsen; do mundo portugués inclinábase por Eça de Queiroz e Guerra Junqueiro; e na literatura galega, dos antigos antepoñía a Pondal, dos modernos escolliía a Cabanillas e dos contemporáneos aos seus próximos amigos Bouza Brey e Carballo Calero.


Dotado de especiais aptitudes artísticas, con criterios moi de seu, foi de cedo afeccionado á música e aprendeu pola súa conta a notación musical e a tocar varios instrumentos de corda. Foi igualmente un magnífico debuxante, e aquí compre lembrar novamente o papel de seu pai na formación dos fillos. Será este, á vista das aptitudes do mocío, quen o introduza no debuxo, confiándolle a aprendizaxe a Juan Fernández Pérez Xesta, valorado artista e profesor de numerosos ourensás na iniciación desta arte. Tense dito que Xurxo lle contaxiou a Xaquín o mester, que acadará importante relevo nas ilustracións das súas investigacións etnográficas.

Tamén el utilizará o debuxo nos seus traballos históricos, arqueolóxicos e etnográficos; algúns deles publicáronse no NÓS, entre os que salienta *O xogador de porca*, e onde tamén viron a luz os correspondentes á xeira marítima dos Ultreyas de 1932, nos que amosa o seu interese pola paisaxe, o mesmo que nos deseños a plumilla das arraianas terras de Lobeira, cun tratamento moi propio dos seus severos cordais graníticos, con trazos sinxelos pero precisos e denotativos¹⁵. Mais a habelencia do noso protagonista para o debuxo non se cingirá só a aquelas temáticas máis relacionadas coa súa vocación investigadora.



XOGADOR DE "PORCA". -DESEÑO DE XURXO LORENZO†

“XOGADOR DE PORCA”, INTERESANTE XOGO POPULAR EXISTENTE EN VARIAS ZONAS DE OURENSE



CAPA DA “AUTONOMÍA”, DE R. VILLAR PONTE, DESEÑADA POR XURXO.

15 Os debuxos de Lobeira, que garda a Fundación Vicente Risco, foron publicados nunha coidada edición no ano 2010, centenario do nacemento de Xurxo Lorenzo. Ver bibliografía final.



XURXO DE LECTURA NA SÚA CASA DE OURENSE

Xurxo será tamén un creativo deseñador; confeccionou capas de libros –Risco aponlle na súa curta estadía madrileña a realización dalgúñas portadas de novelas–, das que debe subliñarse polo seu vangardista deseño a cuberta do libro *Breviario da Autonomía* de Ramón Villar Ponte, (Imprenta NÓS, 1933); ou a ilustración de publicacións e prensa periódica, como a viñeta do Dia de Galicia, publicada en El Pueblo Gallego de Vigo, ou o Ex-libris que usaron os dous irmáns.

O pequeno dos Lorenzo prometía asemade como escritor –Otero Pedrayo xulgou que de ter máis longa vida, houbera sido “o mestre e o poeta da súa xeneración, comprador do voto e arelanza de Vicetto e Pondal” (1953, 111)–, mais non tiñamos coñecemento da existencia dalgún texto de índole literaria saído da súa pluma, pois os que lle atribúe Risco na súa achega bio-bibliográfica, foron destruídos polo propio autor.

E outra volta o fondo do seu irmán Xaquín poñeranos nas mans unha súa creación literaria; trátase dun longo poema en castelán, sen título, do que se conserva unha versión manuscrita, rubricada ao final, e outra mecanografada que integra un caderniño de dez páxinas. O poema é unha curiosa mostra do seu estro poético, cremos que escrito, todo ou grande parte en Lobeira, probablemente entre os anos 1931 e 1932, con envío para un tal Fausto, a quen non identificamos, e para Carlos

Velo, o fraternal amigo. Di así o texto da remisión:

“A los intrépidos ‘neos’¹⁶
que, mirando al infinito,
con paso firme y sereno
por recta senda caminan
de los Dioses a los templos:
!Salve, Fausto!
!Salve, Velo!”

Motiva o extenso poema o incumprimento polos amigos, a quen lle lo dedica, ambos os dous en Madrid, da súa promesa de escribirlle a Lobeira, onde se encontraba e por si aquel fose causado “*por el desprecio de los que hacia el campo sienten los que fueren madrileños*”, envíalles a composición para lembrarlles onde el está e para dicirlles, “*rapidamente, en un vuelo, / las glorias y las fazañas / que son honra de este pueblo / para que, si es que así fuera, / no tengais reparo en hacerlo, que el escribir a Lobera / no es desdoro ni desprecio*”. O enalzamento das glorias e bondades de Lobeira, e da vida no rural, cun aceno crítico ao bucólico, contraponse de xeito burlesco co axitado e castizo Madrid.

A composición de declarada modernidade, de índole satírica e evidentes elementos simbolistas, enalza á terra e vila de Lobeira, a súa soberbia paisaxe, a historia e os seus anterrosos vestixios, o lendario; a *Real villa de Lobera*, por privilexio que lle outorga en 1228 o rei Afonso IX; ás glorias e fazañas do pobo Lobeirán e á heroica actuación do rexemento de Lobeira, en México, en 1812 e logo no Perú, epopeas que lle mereceron o apelativo de El Augusto.

De entre as estrofas da mencionada poesía escolmamos as seguintes:

Con un ‘pito’ entre los labios
y los pies en el brasero,
pues hace tan grande frío
que se congela hasta el pelo,
una bien larga misiva
a escribírosla me apresto.
Permitiréisme primero
que una grande invocación
dirija yo hacia los cielos
para que a mi me den brio
y para ... amolar a Velo.
= = =

16 Repárese no cualificativo que aplica Xurxo aos seus amigos Velo e Fausto. Este prefixo de uso adoito naqueles anos, distinguía aos afectos aos movementos renovadores, que procuraban novos conceptos sociais, políticos, artísticos, relixiosos... que mudaran os valores tradicionais. Xurxo incluírase neles.



!Brrr...!!

!Yo invoco a Dyans, el de los luengos cabellos!

!Yo invoco a Surya, que entre las brumas luce!

!Yo invoco a Agni, el de la barba de fuego!

!Yo invoco a Ushas, la perezosa aurora!

.....

¡Venid a mi, espíritus asirios!

¡Venid a mi, oh Dioses del "Etereo"!

!Que sienta aletear en torno mio

Los ídolos que asirios Dioses fueron!

.....

¡Dadme la Ira, el Odio, la Locura,

¡Dadme el rayo, el relámpago, el trueno...!

¡Poned aquí, en la punta de mi pluma,

el poder del que arroja a los infiernos,

el poder del que mete en agua hirviendo

a todo el que las leyes y tratados burla!

.....

¡Ven Brahama, ven Svayambú,

Ven trayendo debajo de tu brazo


el Manavadharmassastra

y el Manú!

¡Y transfórmame en un tigre, en una fiera,

metempsicopséame en gato, en gata

o en mamuth;



FRAGMENTO MANUSCRITO DO POEMA DEDICADO A CARLOS VELO E FAUSTO




Y en parangón, ¿que es Madrid?,
 ¿que es ese Madrid fullero?
 ¡Una villa miserable
 que careciendo de fueros
 engalana sus escudos
 Con un oso y un panderol!

Y ¡en ese Madrid en cambio
 que agitada vida veo!
 ¡Ese Madrid tan castizo
 de manolas y toreros!
 ¡Ese Madrid tan castizo
 de asaduras y meneo!
 o ¡ese que lo es tan poco
 de pelota y fuboleo,
 de niñas bien, carabinas
 y chavalas de ojos negros!

Benxamín do Seminario de Estudos Galegos


Xurxo Lorenzo foi proposto o 5 de outubro de 1929, con só dezanove anos, para incorporarse ao Seminario de Estudos Galegos; nomeado Socio activo o 3 de maio de 1930, ingresa como membro na sesión do 19 de outubro de 1932, presentando



CARNÉ DE SOCIO DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1930)

como preceptivo traballo o titulado, “*Blasôs de Ourense I. Escudos de armas existentes na Catedral*”, en colaboración con Xosé Manuel Amor González. Na sesión do día 29 do mesmo mes será designado secretario de actas, posto no que desenvolve un





CASTRO DO COTO DA VILA (LOBEIRA) "DENTRO DO RECINTO CASTREXO ESTÁN EDIFICADAS A EIREXA PARROQUIAL E AS MÁIS CASAS DO LUGAR DA VILA"

responsable e recoñecido labor.

No SEG, ha concorrer especialmente ás xeiras das Seccións de Prehistoria e Arqueoloxía, formándose con Cuevillas "na súa severa e iniciática escola", e de Etnografía, con Risco, xeiras nas que o traballo de campo, a observación directa do obxecto de estudo e do seu contexto eran estes esenciais na investigación. En excelente avinza as diversas Seccións do Seminario realizaron campañas de estudo en diversos lugares e comarcas, precursora iniciativa que achegaba ao eido da investigación o labor interdis-

ciplinar e a análise da materia a estudar dende a perspectiva de cada especialidade.

Xurxo participa coa Sección de Prehistoria e Arqueoloxía na ardua e modélica tarefa de catalogación dos castros, que foi un dos empeños da citada Sección, realizando baixo a dirección de Cuevillas a correspondente á Terra de Lobeira. Colaborou, así mesmo, na campaña de escavación do castro de Troña, Pontearreas, en 1932, con Lluís Pericot e López Cuevillas e con Sebastián González García-Paz nas escavacións da Universidade de Santiago, practicadas en 1933 nos castros de Borneiro, en Cabana e Baroña en Porto do Son.

No seu soarego de Lobeira cataloga e estuda con Luciano Fariña Couto, uns gravados rupestres na serra do Leboeiro, que verá a luz no Nós, en 1933, cun prefacio sobor das características da serra, a súa paisaxe e un asinado resumo da riqueza arqueolóxica da zona, que abrangue sepulcros megalíticos e castros, xunto co folklore referido a estes monumentos.

De par da súa afección pola prehistoria, a arqueoloxía e a etnografía, tiña o noso autor predilección pola paleografía e a diplomática, especialidade esta última que cultivaba de preferencia; disciplinas que lle permitirán afondar nas importantes e escasamente estudadas fontes documentais, tantas aínda a agardar por quen as desatoase para a historia de Galicia. O Prof. Alfonso Vázquez Martínez (1942, 205, 206), que pescudou tamén naquelas, amigo e compañeiro de traballos de Xurxo, ten salientado o seu entusiasmo pola arquivística, viero que o levou "a desentrañar documentos, a investigar épocas y a catalogar ricos fondos documentales de nuestros no menos ricos monasterios". Ambos os dous percorreron os arquivos das catedrais de Lugo, Ourense e Tui, estudando importantes fontes medievais escritas, moitas delas inéditas.



ESCAVACIÓN DE BAROÑA (1933). EMPEZANDO POLA ESQUERDA, NA SEGUNDA FILA DE PERSOAS SENTADAS, XURXO É O CUARTO, CON CALZADO BRANCO. DIANTE DO XEONILLO DO HOME RECOSTADO AO FONDO, SEBASTIÁN GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, CON CHAQUETA ABERTA E CAMISA BRANCA

Iniciárase na paleografía da man do ilustre Prof. Agustín Millares Carlo, na súa cátedra da Universidade de Madrid, do que ha ser, en palabras de Risco, o seu mellor discípulo (1934, 65)¹⁷, e a quen debeu coñecer no curso académico 1930-1931, ao consultarlle sobor do foro de Lobeira, privilexio concedido a esta vila por Alfonso IX de León en 1228, e que Xurxo estaba a estudar, traballo completo e detallado que verá a luz no Vol. V dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos.

Na súa estadía madrileña, e por este mesmo ano, sabémolo asiduo do Archivo Histórico Nacional ocupado principalmente na análise do ricaz fondo do mosteiro de Celanova que lle consumiu horas de estudo e vixilia, como ten subliñado Vázquez Martínez e que testemuña igualmente Luís Rodríguez de Viguri y Gil, que en carta a Xaquín Lorenzo, na que lle traslada información sobor do referido foro de Lobeira, coméntalle que Xurxo e el frecuentan o A.H.N. no que andan a catalogar documentación dos mosteiros galegos que naquel se conserva.¹⁸

Esta laboriosa esculca das fontes medievas nos máis variados arquivos, ha ser imprescindible alicerce para os traballos que tiña entre mans o noso autor.

No SEG gozou do afecto e da consideración dos seus membros. Nos locais que

17 O mesmo Xaquín Lorenzo fai mención dunha carta que lle dirixiu o Prof. Millares dende México, onde estaba exiliado, na que lle expresa a alta apreciación na que este tiña ao seu irmán.

18 Carta de 11 de novembro de 1930. Fondo X.L.F. do MPG. Luís Rodríguez de Viguri y Gil, pertencía a unha destacada familia de políticos composteláns. Por aqueles anos estaba vinculado ao Ministerio de Economía Nacional.

ocupaba a institución no Pazo de Fonseca, en Compostela, cedidos pola universidade de Santiago, Xurxo, –escribe D. Ramón Otero Pedrayo (1953,111,112)–, “*tiña súa mesiña ben perto de D. Salvador Cabeza de León era o derradeiro mestre de San-Yago dono da arte de unha palabra de acentos e ecoares románticos. Consideraba na mocidade o agromar de seguras alboradas. Elas pousaban na frente de Xurxo. Era por o mestre agasallado Benxamín de aquila familia de eleitos camiñantes a frol do comprimento de unha promesa inmorredoirá*”. Os testemuños persoais de Fermín Bouza Brey, Antonio Fraguas ou Ramón Martínez López abundan na estimanza e creto que o presidente e demais membros do SEG lle tiñan a Xurxo Lorenzo.

Tradición e identidade

Xurxo Lorenzo viviu dende cativo a cultura tradicional e conteste coa máxima *non hai modernidade sen tradición*, entregouse, xa de mozo, ao seu estudo e valemto. Mais fíxoo afastado de pechados conservadorismos. Unha tradición herdada e transmitida oralmente, que lle outorgaba ao pasado das comunidades rurais referencia de prestixio e parte esencial dunha identidade sustentada na memoria colectiva daquelas. Unhas sociedades que viñan aturando un proceso de cambio, con gradual incidencia no seu patrimonio etnográfico, entendido este como o conxunto de bens culturais inmateriais e materiais –idioma, xeitos de vivir e pensar, prácticas e crenzas, representacións e creacións artísticas, espazos, técnicas e aparellos...–. Todo un singular sistema sociocultural, un universo identitario, suxeito á acción de factores esóxenos que estaban a ocasionar, en concausa con factores –e actores– endóxenos, a mudanza e mesmo perda, de elementos de aquel seu tramado sociocultural.

Dinámica de cambio que suscita non poucas cuestións e dúbidas; entre outras, unha intrincada disxuntiva, que aínda hoxe é obxecto de debate: que elementos dunha cultura tradicional en risco de alteración ou desaparición deben ser *preservados, cómo e para qué*. Risco (1934, 65) sintetizou o parecer de Xurxo ao respecto desta disxuntiva: “*A tradición galega ten que ser o guieiro, mais non para resucitala estática n-un punto morto, senón para desenvolve-la e continu-la. Da tradición compre conservar o que nos sirva para marchar para diante, por eixemplo, o idioma. Por eixemplo, tamén a arte popular, que compre interpretar con senso moderno. En troques, os uteis antigos e outras cousas polo xeito, non sirven máis que pra o Museu. En suma: sacar todo o que o espírito galego teña de vital, e modernizalo*”.

Actitude que ben se compadece co ideario anovador que o noso autor comparte: o pasado no que se insire a tradición, non debe impedir que o novo xurda, ao final aquel áchase mesturado no presente, e nel, en certa medida, persiste. O pretérito pode ser de proveito, mais tamén virar en obstáculo. Como mantén no texto da conferencia que abre este traballo, os pobos teñen que facer do seu pasado un presente, substancial e útil, o ollar só cara atrás, a nostalxia do pasado –é como perseguir ao vento–, pode supor un freo para a construción do hoxe e do mañá, e mesmo acabar coa que Xurxo nomea “*enerxía creadora dos pobos*”. A tradición non debe ser estática,



inalterable, ancorada; senón aberta, permeable, capaz de incorporar achegas que a avivezan e renoven, evitando así a súa obsolescencia.

Xurxo levará a cabo traballos de recollida e recuperación de diversas expresións da cultura tradicional, tratando ao tempo de transmitirle aos seus conterráneos a relevancia daquela cultura, o porqué da súa defensa e a valorización dos seus contidos simbólicos e identitarios, tarefa que así mesmo podía coadjuvar a vigorizar unha memoria colectiva debilitada polo devalo da vida campesiña.

Nas súas asíduas permanencias en Lobeira dedicaba boa parte do seu tempo ao labor de campo na procura de datos arqueolóxicos e información etnográfica, neste caso en concreto no eido da música, a cantiga do pobo e a danza. Manifestacións populares que afondan as raizames en vedraños tempos, antecedendo incluso á linguaxe, e que espertan no home, en especial cando forma grupo, emotividade e sensacións, que non se acadan mesmo coa palabra, e que lle permiten, polo seu alcance simbolizador, expresar ideas, emocións e sentimentos. Música, canto e danza –a primeira leva ás outras dúas–, apreixan as formas de vida, costumes e crenzas dunha comunidade e reflicten o sentir da súa xente, procedendo como un elemento socializador que fortalece a cohesión grupal, revelándose como un dos referentes identitarios de singular significado¹⁹. Xaquín Lorenzo (2004, 13) ten escrito, con sentidas verbas, que “*O galego nasce entre cantigas, vive cantando e despois do seu pasamento, a súa lembranza mantense entre cantigas... Tódolos intres do seu vivir teñen cantigas adoitadas, cada angueira do campo axúdase con determinadas cantigas, as súas dores teñen cantigas como lenitivo e as súas horas ledas tamén se fan patentes... O traballo, o amor, a morte, son así, non somentes ocasións de cantar, senón tamén fonte viva onde xurde espontánea e fecunda a musa popular*”, anónima case sempre, e a cantiga vai de uns a outros, mellorándose e recreándose nunha ou máis variantes. D. Xaquín (2004, 12) explícita así a dimensión caracterizadora destas manifestacións da nosa cultura tradicional: *Dixo Voltaire que os vascos son un pequeno pobo que baila no cume dos Pireneos, nos podemos apricar a frase a Galicia decindo que os galegos son un pobo que canta no fondo dos vales.*

A inclinación de Xurxo polas citadas expresións era evidente²⁰. Os coñecementos musicais que adquiriu dende novo e de forma autodidacta, facilitáronlle o labor de compilación das cantigas populares, incluída a súa notación musical. Cando as feiras do verán en Facós colaboraba co seu irmán, colectando materiais para o que habe-

19 Non hai que esquecer o valor identitario e a exaltación que se lle deparou en Galicia a estas tradicionais expresións nas décadas finais do século XIX e o que isto supuxo na comunidade para a revalorización da súa singularidade cultural, aínda que, como ten indicado Bal y Gay, a tradición orfeónica, abonda de tópicos e superficial, e os seus mestres, foron valorados esaxeradamente pola intelectualidade galeguista daquel século.

20 Xurxo podía gabarse das súas dotes para a música e para o baile, e así mesmo podía facelo para o canto. Refire a súa nai dona Joaquina que cando estaban en Facós “...a Jorge que era un estupendo bailarín de muiñeira, le invitaban a las fiestas, nunca quería asistir sin que yo le acompañara. Tocaba maravillosamente la guitarra y varios otros instrumentos; los tres sólo muchas veces cantábamos y hacíamos fiestas durante las vacaciones. Cuando sus parientes venían a casa, era obligado que el terceto actuara” (González Pérez, 2003, 47).



ría ser o *Cantigueiro popular da Baixa Limia*, e así llo recoñece na súa introdución, que “*co seu corazón de poeta, cheo de agarimo soubo ir deprendendo as cantigas populares como quen vai recollendo as froriñas da nosa campía*” (X.Lorenzo, 2004, 11, 13). Anada que comeza D. Xaquín a finais dos anos vinte do pasado século e conclúen ambos os dous en 1933, e que recadou arredor de tres mil cantigas, sobor dos traballos do campo, faenas do liño, esfollas, ruadas, fiadeiros, desafíos...; labores e xoldas que ao tempo que volven máis soportables as angueiras cotiás, fan aguzar o ensino e que a cantiga xurda. Este *Cantigueiro* ten o valor acrecentado de que parte dos materiais colectados fóronlles ouvidos a vellos fístores, herdeiros da anterga xograría, como Manxón das Quintas, o Cipigueira de Gaiás, o Gaiato de Riocaldo e o Palmelá; ou a Rosa “*a mocíña loira, cantadeira da Baixa Limia, herdeira dos poetas dos Cancioneiros galaico-portugueses. Cantora, desde fai xa anos, da gloria do Señor. A súa grande retentiva proporcionoume moitas cantigas, ás que compre engadir as feitas por ela*” (X. Lorenzo, 2004, 11)²¹.

Risco (1934, 66) menciona que Xurxo foi conformando un ficheiro de música popular de Lobeira²² e que deprendera moitas das cantigas colectadas, ditándolle a música delas a Xesús Bal e Gay²³. Descoñecemos, até agora, a relación que puido haber entre Bal e o noso personaxe e mesmo o tempo no que puideron coincidir en Santiago ou en Madrid. O musicólogo e folklorista, membro do SEG, intelectual dos máis comprometidos no proceso de dignificación e anovamento da cultura galega na década dos anos vinte e nos comezos dos trinta, debeu ser no ámbito da música e o canto de tradición oral unha apropiada referencia para Xurxo Lorenzo.

Bal estimaba que no eido musical a nosa cantiga popular era un dos temas de meirande interese, posto que da “canción popular”, tratada cos precisos coñecementos técnicos e o indispensable sentido artístico, podía partir o renacemento da música galega (Bal y Gay, 1926, 2, cit. en F.J. Garbayo, 2005, 186); sendo partidario de romper co caduco folklorismo do orfeonismo decimonónico, unha das pexas para o desenvolvemento dunha arte musical a partir dos materiais folklóricos, reelaborados dende pautas modernas (Bal, 1917,3, en L.Costa. 2005, 226, 227). O mesmo Xaquín Lorenzo (2004, 12) era da opinión que a música tradicional achábase adulterada polos

21 Xurxo foi un excelente bailador; incluíndo a tradicional muiñeira. Tense dito que aprendeu a bailala co fin de lla ensinar ás mozas e mozos de Lobeira, onde se abandonara a súa práctica e recuperar así de novo esta distintiva expresión do máis xenuíno folklore de noso. O seu propinco amigo Bouza Brey poida que faga alusión a este feito na poesía que lle dedica polos anos 1931 ou 1932: “¡As rapazas de Lobeira / andan chorando e carpindo. / Danos ó Xurxo Santiago. / Non o teñas máis contigo / Veña a bailar a muiñeira nos nosos agros froridos”.

22 Descoñemos si o mencionado ficheiro comprendía cantigas a maiores das recadadas xunto co seu irmán para o *Cantigueiro da Baixa Limia*. No Cancionero gallego de Torner e Bal non figura ningunha indicación ao respecto.


23 Martínez Torner e Bal y Gay, por encargo da “Comisión de Estudios de Galicia”, auspiciada pola “Junta Superior para la Ampliación de Estudios”, levaron a cabo a compilación do Cancionero gallego, que inician en 1928. Este Cancionero vería luz serodía en 1973 editado en dous tomos pola Fundación Pedro Barrié de la Maza. Ambos os dous estudarán tamén o Folklore Musical de Melide, publicado en Terra de Melide, do SEG, en 1933.



coros e agrupacións análogas -chegando a non incluír no seu cantigueiro aqueles cantos que sabía deturpados por esta causa, parecer que presumimos compartiría o seu irmán-. Advertía Bal -advertencia que de seguro subscribiría o noso autor- que “*El creador que quiera hacer arte de hondas raíces populares ha de prepararse mediante una larga asimilación del folklore o de la palpitante vida que lo circunda. Luego, puede crear, libre de todo prejuicio, una obra “suya” con la firmeza de que al propio tiempo será... “nacional” y “universal”* (Bal, 1924, 76, en L.Costa, 2005, 253). Mais esta “preparación” esixía o coñecemento previo das fontes orixinais da música de tradición oral e da realidade sociocultural na que aquela xurdía, o que demandaba un labor de investigación e compilación metódica dos cancioneiros, da que o musicólogo era firme defensor, como así mesmo o foron os irmáns Lorenzo.

As consideracións de Bal deberon ter especial relevancia para Xurxo Lorenzo, habida conta da concordancia dalgunha daquelas co que este sostíña no que fai á tradición cultural. Segundo nos transmite Risco, cuxa influencia neste punto cremos evidente, Xurxo coidaba que da tradición habería que preservar aquelas súas manifestacións *que axudaran a ir cara diante, a desenvolverla*: as susceptibles de anovarse e mesmo redefinirse dende unha óptica contemporánea, pero mantendo a súa substancia constitutiva, -o que Bal denomina *o protoplasma folklórico*-; así, por exemplo, expresións da arte popular tradicional, como a música, o canto ou a danza, que *compre interpretar con sentido moderno e tirar delas todo o que o espírito galego teña de vital e actualizalo*.²⁴


24 Ao tempo que porfiaba en recuperar e difundir aquelas manifestacións da cultura tradicional susceptibles de ser fomentadas, a súa propensión á modernidade e ás novidades que esta xeraba, levábano a por parella intensión en facer presentes algunhas delas na súa propia contorna de Lobeira, mesmo en parcelas como a deportiva. Valga como mostra a instalación, cabe a casa soarega de Outeiro, en Facós, dunha cancha de tenis, para lle depender á xuventude do lugar o xogo deste deporte, que non había moito comezara a coñecerse en España e que en Galicia era pouco practicado por aqueles anos. No fondo X.L.F. do MPG consérvanse algúns bosquejos saídos da man de Xurxo para ilustrar a súa aprendizaxe. Polos anos trinta do século pasado deportes como o tenis ou o hockey eran escasamente practicados en Galicia, en comparación co football e mesmo con algúns xogos, acuáticos, natación, canotaxe, water-polo, que despertaron notorio entusiasmo en cidades e vilas marítimas. Vid. A cultura galega hoxe en día, NÓS, nº 115, 98-105.



DEBUXO DE XURXO CON MOVEMENTOS DO TENIS

O adaíl ben querido

Vicente Risco trazou perspicaz caracterización do seu discípulo que non podemos deixar de recoller aquí: “...rapaz outo e longo, de soave lanzalía, de prefil agudo, de ollos sorridentes e curiosos, de pel oscura, de cabelo rizo, ben fardado e coidado na súa persoa, unha voz moi branda e sonora, boas maneiras, medidas e cortesés, moi sereo e dono de si mesmo, repousado, c’unha lixeira ironía e un gran domiño das cousas, que o sabía todo e qu’o preguntaba todo. Tiña gran istinto artístico, gran capacidade sintética [...], e por riba d’isto todo, era tan bó, que había que quererlle” (1934,63).



XAQUÍN E XURXO LORENZO (CA. 1930)

A este afectivo e apropiado retrato *risquiano* podemos engadir algunhas outras referencias obtidas daqueles seus contemporáneos máis próximos --o seu irmán Xaquín, Bouza Brey, Fraguas Fraguas, Ramón Martínez López--, que de par da iconografía que del se conserva, nos presentan a un mozo de evidente apostura, de múltiple e aberta personalidade, vitalista, de ollada penetrante e expresiva, “ollos finos, esculcantes, ollos de afitar de artista”, en dicir de Otero Pedrayo, elegante e atento á moda no vestir, alegre e de natural e franca simpatía; a súa aparencia e xeitos e unha manifesta proximidade, facíano de seguida merecedor de estimanza e centro de atención en reunións e faladoiros e predilecto nos círculos femininos. Pódese dicir que sempre o acompañou o éxito social, o que non debe sorprender xa que de par dos seus naturais atractivos, dábanse nel non poucas aptitudes que o distinguían especialmente. Había en Xurxo un algo de dandismo, unha *allure*, que non cremos errar moito recoñecendo nel a influencia de Florentino López Cuevillas.

Non obstante o seu mundo de relacións sociais non diminuíu no absoluto o seu compromiso co traballo, dende os primeiros tempos en Madrid, mergullado nos arquivos na procura das bases documentais para os seus estudos encol da historia medieval; participando nas xeirás do SEG ou colectando materiais etnográficos nas súas estadias en Facós.

A produción bibliográfica

Dáse a seguir relación dos traballos de Xurxo Lorenzo que foron publicados e dos que temos coñecemento. A súa ficha catalográfica completa figura no apartado bibliográfico final.

O primeiro artigo, de título *Un casamento en Lobeira*, asíno co seu irmán e aparece na revista NÓS (1928) na sección Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza. Pequeno traballo arredor dos costumes do casamento practicados no concello de Lobeira, con ilustracións orixinais inéditas asinadas por Tabarra, pseudónimo utilizado, como xa se deixou dito, polo pai como debuxante e caricaturista.

En vida tamén chegou a ver publicados estoutros artigos:

– *Blasós de Ourense. I. Escudos de armas existentes na catedral* (1930). Con Xoan Manuel Amor.

– *Foro de Lobeira* (1930).

– *A cristianización do castro de Monterrei* (1931).

– *Blasós de Ourense. II. Escudos civís existentes nas rúas da cidade* (1932).

– *Vieiros para o estudo da Galicia medieval* (1932-1933).

– *O Crismón na escritura de Galicia* (1933).

– *Catálogo dos castros galegos. Terra de Lobeira* (1933). Con Florentino López Cuevillas.

– *Tres estacións de arte rupestre da serra do Leboeiro* (1933). Con Luciano Fariña Couto.

– *O Protocolo dos documentos galegos da outa Edade Meia* (1933-1934).

Aos amentados traballos hai que engadir as nótulas inseridas no Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza, do NÓS, *O Xogo de San Julián* (1932) ou na Miscelánea, *Contra a pestilencia* (1932) e *A data da consagración da eireja de Lugo* (1933).

Logo da súa morte, verán a luz catro traballos máis:

– *Notas arqueolóxicas do cruceiro marítimo de Ultreya* (1934). Diario da 2ª xeira dos Ultreyas que se publica no NÓS como homenaxe póstuma. Moi probablemente, e así parece desprenderse da súa lectura, tal como suxire Clodio González (2003,98), Xurxo tería mentes de revisar o texto do diario denantes da súa publicación.

– *El fondo del monasterio de San Salvador de Celanova, en el Archivo Histórico Nacional* (1942).

Risco cítao (1934,69) como Índice dos documentos do Mosteiro de Celanova. Dérase este texto nun principio por perdido, mais recuperado pola familia foi publicado en 1942 no Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense, cunha presentación do seu amigo e compañeiro o Prof. Vázquez Martínez, quen era da opinión que o texto, tal como chegou ás súas mans, podía darse como completo e disposto para a súa impresión. Trátase dun amplo estudo, que o autor mencionado considera ultimado no ano 1934; nel se analiza o fondo documental do mosteiro ourensán fundado por San Rosendo, que consta de cinco mazos de pergameos e un becerro ou tomo do século XII, con documentos reais, eclesiásticos e particulares, de especial valor para a historia de Galicia e que acompaña cos correspondentes índices toponímico, onomástico e de cargos.

– *La casa, el trabajo y la cantiga en Pías (Mondariz, Pontevedra)*, en colaboración con F. Bouza Brey e con debuxos de Xaquín Lorenzo.

Publicouse en 1947 na Revista de Dialectología y Tradiciones Populares, do C.S.I.C. de Madrid. O MPG editou a versión galega deste traballo na súa serie



Alicerces, número 14 (2001). A edición de 1947 leva un prólogo introdutorio de F. Bouza Brey que reproducimos: “Saen á luz os presentes materiais de etnografía galega sen que o principal dos seus colectores poida velos senón con ollos eternos. De formar aínda entre os mortais levaríamos a cabo xuntos o propósito decidido de máis amplo traballo, desaparecido, ou mellor, arrebatado de entre nós, dámoslos como lembranza á súa louzá xuventude tronzada en pleno voo, para que non se perdan para sempre entre as miñas notas os apuntes da esperta mocidade de Xurxo Lorenzo”. Destas verbas colíxese que o texto do artigo estaba en mans de Bouza Brey, quen debeu enviálo á revista citada, na que el colaboraba. Polo que apunta Bouza, a intención dos autores era realizar un traballo máis completo, posiblemente seguindo a liña dos estudos monográficos de comarcas iniciados polo SEG, como Parroquia de Velle ou Vila de Calvos de Randín.

– *Conferencia*, sen título, verbo dalgúns aspectos de Galicia na alta Idade Media, radiada en Santiago en febreiro de 1933. Semella ser resumo dun dos traballos máis interesantes que Xurxo tiña entre mans, como se verá. O texto da mesma figura ao final da publicación (2001) do traballo precedente (p. 43-48).

No que fai á súa faceta como debuxante, alén dos deseños aparecidos no NÓS, hai que aludir aos recollidos no caderno Dibujos de Lobeira, que reúne orixinais a plumilla de Xurxo Lorenzo e fotografías de Mark Ritchie e introdución de J. Medela (2010).

Risco, no seu primordial artigo de NÓS (1934), dispón a bibliografía de Xurxo Lorenzo en tres grandes apartados: nun primeiro agrupa os “**Traballos publicados**”, nun segundo os “**Traballos inéditos completos**” e nun terceiro os “**Traballos en preparación**”

En canto ao primeiro grupo, *Traballos publicados*, non se da conta do artigo titulado *Vieiros para o estudo da Galicia medieval*, que saíu no nº 2 (1932-1933), da revista Universitarios, da FUE. Non figura evidentemente o dedicado ao fondo do *Mosteiro de San Salvador de Celanova*, que se publica en 1942, traballo que si se rexistra no segundo grupo, *Traballos inéditos completos*. Respecto de *Á casa, o traballo e a cantiga en Pías (Mondariz, Pontevedra)*, editado en 1947, non se fai referencia ao mesmo en ningún dos seus apartados.

No segundo grupo *Traballos inéditos completos*, figuran nel algúns títulos dos que só posuímos a información que nos fornece o propio Risco; é o caso dos seguintes: *O escatocolo nos documentos galegos da outa Edade Meia* (complemento do publicado co título *O Protocolo dos documentos galegos da outa Edade Meia, 1932-1933*); *Corpus de documentos visigóticos galegos* (sen máis datos); *Unha casa na Hermida* (Papeletas etnográficas coa descrición completa do edificio, partes, anexos e contidos dunha casa rural); *Escavacións arqueolóxicas*, en colaboración con Xaquín, especie de guía metodolóxica de como debe practicarse unha escavación; *Blasós d’Ourense III*, que poñía remate ao Catálogo heráldico de Ourense, do que publicara as entregas I e II. Neste grupo inclúe *Etnografía*



galega da outa Edade Meia (título segundo Risco), traballo do que si temos meirande información.

No terceiro apartado, *Traballos en preparación*, dos nove axuntados, só temos constancia de dous deles: o que figura baixo o título de *O Río Limia*, en colaboración co seu irmán Xaquín, consonte Risco, e o que este rotula como *Estudos históricos galegos*.

En relación co primeiro dos títulos citados, sabemos que na estadía de Xurxo na Universidade madrileña comeza a preparar un traballo, en castelán, sobor do mencionado río e a súa contorna, para llo presentar a un dos seus profesores. Traballo que prosegue e remata xa en Galicia e do que se conserva no fondo X.L.F. do MPG, un texto manuscrito de 104 cuartillas, ás que seguen 28 máis, a modo de apéndice, con notas bibliográficas e outras aclaratorias, xunto con un completo inventario de inscricións romanas asolladas na Limia até os anos trinta do século pasado. Na primeira cuartilla figura como título o de *Flumen Oblivionis*, con data 1930-1931 e ao pé, Jorge Lorenzo Fernández e na última cuartilla do texto, Outubro-Diciembre 1930. Trátase dunha ampla pescuda arredor do río Limia, da lagoa Antela e do seu territorio e características xeomorfolóxicas; recóllense, así mesmo, as fontes para o seu coñecemento, xunto coa xénese do seu antigo poboamento até a romanización e o seu impacto nas terras limiás, a partir dos vestixios arqueolóxicos, asentamentos castrexos e outros; epigráficos, testemuños dos escritores greco-latinos, Strabon, Tito Livio, Plinio, Mela, Marcial, Floro, Silio Itálico...; así como a problemática en torno da *Civitas limicorum*. Son de mencionar as alusións ao culto aos ríos e o lendario que recada encol do Limia, da lagoa e da comarca, incluídos o episodio de Decimo Junio Bruto e o paso do Letheo e a lenda do rei Arturo e o encantamento do seu exército.

No referente ao segundo título, *Estudos históricos galegos*, como xa se aludiu, consérvase no fondo X.L.F. do MPG o texto da conferencia *Galicia, individuo histórico*, mais nada sabemos do libro en preparación citado por Risco, ao que cualifica de “*un traballo metodolóxico.....unha esposición dos métodos d’investigación histórica, con especial apricación ás dificultades e probremas originás que nos apresenta o caso de Galicia. Dende logo que a parte mais persoal e digna de ser coñecida, era a súa interpretación en conxunto da nosa historia, na que vía unha teimosa persistencia dos mais arcaicos elementos*” (1934,71).

Dos sete títulos restantes que cita D. Vicente neste apartado, non dispomos de ningunha outra noticia²⁵. Son aqueles, *Sobre o Castro “Pia da Moura”* en Entrimo; *A*

25 Poida que a un deles, ao que Risco lle pon o rótulo de “A casa galega”, se refira López Cuevillas nunha carta que lle dirixe en 1931 ao antropólogo portugués Prof. Joaquin Rodrigues dos Santos Júnior; quen mantivo, até a súa morte en 1990, unha intensa relación cos intelectuais galeguistas. Na carta lle refire que pasou uns días con Xaquín Lourenzo en Lobeira, axudándolle “...nun estudo que anda a facer sobre a casa labrega e fidalga de aquíl país fronteirizo” (Alonso Estraviz, 2011,40). No texto de Risco indícase que se trata dun estudo, en colaboración con Xurxo, sobor da evolución histórica da casa galega dende os tempos da Idade do Ferro até a actualidade.



casa galega; O habitat nas citanias; O habitat no outo Medioevo –tema que trata nun capítulo da *Etnografía meieval galega*–; *Catálogo da Prehistoria de Lobeira*; e *Catálogo dos castros da beira esquerda do Limia*.

Os escritos inéditos de Xurxo, conferencia radiada en Santiago no ano 1933, conferencia *Galicia, individuo histórico*, o traballo referido ao río Limia e *Notas de Etnografía meieval galega*, encontrábanse todos eles na casa familiar da Rúa da Paz, en Ourense, onde se recolleron, sendo, tal como se indicou, parte do legado testamentario de Xaquín Lorenzo ao MPG. Ignoramos se na casa de Facós, en Lobeira, na que se conservaban debuxos de Xurxo, xunto con libros e algún cadro, puidesen acharse igualmente outros traballos da súa autoría, algún dos aludidos por Risco no seu repertorio e hoxe perdidos, sen desbotar que parte deles fosen soamente proxectos a realizar²⁶.

Volvamos agora ao estudo que Risco denomina “Etnografía galega da outa Edade Meia”. O texto da conferencia que foi lida en febreiro de 1933 nos micrófonos de EAJ 4 de Unión Radio Galicia de Santiago de Compostela²⁷, publicado por primeira vez no ano 2001 no nº 14 da serie Alicerces do MPG, é o mesmo que o citado por D. Vicente. O antedito texto considerámolo como un adianto, ou mellor un resumo, da investigación que Risco ten cualificado como “*a obra cume antre as que realizou Xurxo Lourenzo*”, obra que figura nunha das cuartillas do texto que se conserva co título de *Notas de etnografía meieval galega*, que estimamos foi o elixido polo autor. O estudo era tamén coñecido por López Cuevillas como se desprende da carta, á que se aludiu no comezo deste artigo, que lle remite a Xurxo Lorenzo cando se encontra en Zaragoza, facilitándolle, ao seu pedido, unha serie de datos para que, di textualmente o prehistoriador, “...engada ás súas notas encol do tipo físico dos galegos na Edade Meia”²⁸. Segundo o **Cuestionario xeral** disposto polo autor, o traballo abríriase cun **Prólogo**: que tiña encomendado V. Risco, seguido *duns Preámbulos*: I-II-III –*fala, costumes, etc.*–, que darían *paso* a unha serie de capítulos, denominados: **A terra**: *aspeito físico e os seus cambeos: as bisbarras, o mar, os montes e os ríos. Toponímico. A xente*: *Razas e misturas: o onomástico i as crases sociaes do campo: a súa correspondencia aitual. O hábitat*: *orixens da aldea, o castro: focos de atracción, físicos: camiño, val, río, ma-*

26 A casa de Facós, xunto coas súas pertenzas correspondéronlle, segundo as disposicións testamentarias, a unha curmá de D. Xaquín, xa falecida, e entre aquelas tamén figuraba algunha documentación, (González Pérez, 2004, 21), cuxo contido e paradiro descoñecemos, así como o destino da moblaxe e obxectos que aquela gardaba. As terras deixounas D. Xaquín aos paisanos que as traballaban.

27 Esta emisora desenvolveu un interesante labor a prol da cultura galega, emitindo música galega, conferencias de divulgación cultural e política, impartidas, entre outros, por Sebastián González García-Paz, Xurxo Lorenzo, Enrique Rajoy ou Álvaro de las Casas. Contaba cunha Sección infantil, para rapaces de menos de dezaseis anos (A cultura galega hoxe en día, NÓS, nº 115, 1933, 98 -105).

28 Respecto da carta de López Cuevillas de 20 do outono de 1933, contestando á petición de Xurxo para que lle informe sobor do tipo físico e a procedencia das xentes que poboaban Galicia na Alta Idade Media, delicada encomenda habida conta do baleiro bibliográfico existente á altura daqueles anos, temos en preparación un artigo que agardamos vexa a luz en breve nesta Revista dos Socios e Socias do MPG.



teriais: a cidade, o mosteiro ou catedral, o castelo: a repoboación, etc., organización das mesmas. A casa: tipos e formas: materiais e sistemas: emprazamentos; prantas i alzados: cubertas: orgaización. As construcións adxetivas: O patio, muradela, cortes: celeiros: fornos: lagares: hórreos: muiños, etc. A moblaxe: da cociña, dos dormitorios coa súa roupa, de xantar, coa súa roupa. O traxe: de muller e de home: o adorno. O traballo i a terra: cultivos: animais domésticos. O carro: o carro: os camiños. Vendas e cambeos: precios e valores de todo o que antecede.

Entende Risco que este libro debía estar rematado polo ano 1934, posto que o comprende no grupo de “**Traballos inéditos completos**”. Emporiso da revisión das follas manuscritas que chegaron a nós, algunhas mesmo escritas a lapis, con aparencia de borradores, indúcenos a pensar que o material conservado no Fondo X.L.F. do MPG é un texto de seguro incompleto, aínda en fase de preparación e recadación de datos, como se reflicte na cantidade de notas tiradas das fontes documentais e bibliográficas consultadas. Dos textos dos capítulos que chegaron a nós, só dous deles, no mellor dos casos, poderían darse como completos, así os *Preámbulos* ou o intitulado *A xente*; de algún dos títulos que integran o índice non temos ningún texto e doutros a penas hai algunhas cuartillas e non poucas das existentes encóntanse cruzadas con riscos, como se fosen borradores previos ou textos desestimados. Son abondas igualmente as follas con notas e extractos diversos de documentación medieval de procedencia e contidos varios e con índices de toponimia, onomástica e bibliografía. Con respecto á información que lle remite Cuevillas a Zaragoza sobor das Xentes da Galicia medieval, que é dos finais de outubro de 1933, figura xa incorporada ao texto do capítulo con este título. Dito o que antecede, adiantamos como probable que cando a morte de Xurxo aínda o texto estaba por concluír.

Non obstante, entra no posible que existira unha versión, máis ultimada ou mesmo preparada para os prelos, á que Risco puido ter acceso e que hoxe descoñecemos. For como fose o libro, como sinala D. Vicente, non chegaría a publicarse.

Consonte se indicou para o etnógrafo ourensán este sería o traballo máis sobre-saínte dos emprendidos por Xurxo Lourenzo. A súa temática, era por aqueles anos, de notorio relevo e novidade; mais tamén complexa, a teor do grao de información que se tiña de aspectos substanciais de non poucos dos contidos nos que se partilla esta investigación. Risco acolleu con entusiasmo o traballo do seu discípulo, como se evidencia no texto laudatorio do que escolmamos os seguintes comentarios:

“Trátase d’unha reconstitución total da vida de Galiza n-aquiles séculos escuros que pasaron enantes da grande Era Compostelá, feita con datos pacientemente recollidos en centos de documentos d’aquil tempo. A etnografía galega aparez alí descrita d’un geito vivente, como se tratara da dos nosos días, co mesmo intrés que pode ter unha novela. [É unha novela histórica somentes que real e verdadeira, composta de feitos auténticos e documentados, curiosísima, fermosamente espota]. Amóstranos que nomes levaban, de que geito vivían, en que s’ocupaban, coma pensaban e como sintían os galegos de hai mil anos. E resulta por certo solprendente que, pol-o menos a vida rural, tirando certos aspectos accidentás, era moi semellante á de hoxe.



“Iste libro de Xurxo Lorenzo, asegúramos, sen eisaseración de ninhunha caste, que non desmerez a carón das millores recostrucións históricas de Menéndez Pidal ou Sánchez Albornoz, e con seguranza que cando se publique halle conquistar unha ilustre sona ben merecida antre os historiadores peninsuares. Lástima qu’el nono poda ver.

“Porque n-iste libro non se trata já de traballo preparatorio pra a historia, senón de historia feita e dereita, elaborada, traballada, de toda unha longa época da nosa historia que volve vivir diante de nós”.

Nos precedentes parágrafos queda ben manifesta a estimanza que lle tiña o noso etnógrafo ao máis novo dos irmáns Lorenzo, así como a consideración que lle dera á obra de seu, con encomiásticos xuízos que o levan, no seu entusiasmo, mesmamente a parangonalala cos significados libros de Menéndez Pidal, *La España del Cid*, Madrid, 1929, e Sánchez Albornoz, *Una ciudad hispano-cristiana hace un milenio. Estampas de la vida en León*. Madrid, 1926. Do primeiro autor e da súa obra non atopamos mención algunha nas cuartillas do traballo; pero si aparece citado D. Claudio Sánchez Albornoz e o seu coñecido libro, que sen dúbida debeu ser obrigada referencia para Xurxo Lorenzo.

Máis realista e autocrítico é o propio autor ao ponderar as súas pescudas. Nos apartados que asigna como *Preámbulos* contéñense algunhas pertinentes reflexións acerca do alcance dun estudo pioneiro que pretende abrir camiño a ulteriores indagacións, os problemas que suscita a súa complexidade e as deficiencias no que atinxe á documentación utilizada. O autor, consciente do anterior, apunta no primeiro dos *Preámbulos* que se valeu para a súa indagación dos métodos e coñecementos aos que se chegou en Galicia nos estudos etnográficos, entendendo que a súa aplicación aos nosos tempos medievais, un vreiro até aquel momento non empregado en Galicia, era un procedemento acaído, mesmo séndoo sobor dunha base exclusivamente diplomática. O enfoque para saber da vida cotiá dunha colectividade humana do pasado conxugando observacións e datos tirados do estudo de comunidades do presente, foi instrumento teórico, suxeito ás precisas limitacións, adoito no eido da investigación prehistórica ---estudar o presente para entender o pasado, en frase de L.R. Binford, 1998---. Perspectiva que se mostra xa no índice da obra e se explícita nos seus *Preámbulos*.

“Nós, após de ben longas tarefas documentaes fumos axuntando unha chea de papeletas referentes aos outos séculos do meioevo galego, que hoxe ofrecemos ordeadas con arranxo aos derradeiros métodos etnográficos que nos proporcionan os cuestionarios do mestre Risco, e aos que imos (a) seguir”.

“Non embargantes, compre faguer agora unha aclaración: ...matinamos somentes o pór de releve deica onde acadan as posibilidades de un estudo feito con bases escrusivamente documentaes, é as nosas suposicións i as nosas suxerencias, fican pendentes de toda reitificación posterior. Non é outra cousa, pois, que un primeiro picañazo na canteira da nosa hestoria vella, co desexo de sinalar un camiño novo, que poida no futuro dar grandes e compretos froitos.



“Ousérvase tamén, á primeira ollada, a extraordinaria catívez das nosas papeletas, en comparanza co-a extensión do tempo a estudar, mais sendo as nosas bases escruivamente diplomáticas, como dito fica, as nosas notas teñen de estar en forzosa relación co-a cantidade de diplomas existentes nos nosos arquivos (ao final destes “Preámbulos” dispónse dunha lista dos fondos documentais utilizados) e cós xa dados á lus. Os caes todos son, desgraciadamente, escasos con esceso, de cuio feito sae, pol-o tanto, aquela catívez”.

Foi todo un empeño do mozo investigador afrontar un traballo desta magnitude, nun escenario pouco favorable, con moí contados precedentes aos que acudir e nuns momentos –primeiras décadas do século XX–, no que o grao de coñecemento da conformación e especificidade da Galicia alto medieval, período de ampla e complexa problemática, era notablemente precario e demandaba un rigoroso labor de pescuda nas diferentes fontes documentais, abondosas mais pouco estudadas, e noutros ámbitos, como o arqueolóxico, que podían deparar valiosos datos acerca das xentes, da sociedade galega e a súa organización, nos escuros anos do alto medioevo. Tarefa certamente de difícil realización no tempo en que escribe o noso autor. O propio D. Claudio Sánchez Albornoz, expresa no comezo do seu libro que non puido atinxir unha reconstrución acabada do León milenario, debido á falla ou penuria de información, textos literarios con noticias verbo da vida privada, festas e costumes dos leoneses daquel tempo, escaseza de representacións figuradas, poucas crónicas da época, breves, secas, esquemáticas, diplomas...., que fornecesen noticias relativas ao vivir cotián dos leoneses entre os anos 900 e 1000 a. C. (1926, 17 e ss.).

Xurxo Lorenzo encarou a investigación recorrendo ao ímprobo labor da esculca nos máis diversos arquivos, dende o A.H.N. de Madrid aos galegos, catedralicios e monásticos, da administración, institucionais ou privados. Centos de documentos pasaron pola súas mans e neles espigou datos e información para armar o traballo, que de seguro tiña como predilecto. Malia que deste só chegaran a nós as cuartillas ás que se fixo referencia²⁹.

Dos textos inéditos de Xurxo Lorenzo que se conservan no legado de D. Xaquín, soamente o manuscrito dedicado ao río Limia pode considerarse relativamente acabado e mesmo podería publicarse tal como el o deixou. No que atinxe ao traballo *Notas de etnografía meieval galega*, que reputamos como inconcluso, coidamos necesario, en principio, proceder á ordenación do conxunto de cuartillas que chegaron a nós –textos do autor, notas bibliográficas, de onomástica e toponimia, fontes

29 Xurxo Lorenzo tira o groso da información documental para a confección da súa investigación, tal como consta no seu Primeiro preámbulo, dos seguintes arquivos: Archivo Histórico Nacional do Reino de Galicia, dos catedralicios de Santiago, Lugo, Ourense, Tui e Oviedo, da Universidade e do Seminario Conciliar de Santiago; dos arquivos municipais de Santiago e Ourense, dos fondos documentais do AHN correspondentes aos mosteiros San Martiño Pinario, Celanova, Oseira, Caaveiro, Sobrado, Monfero, Samos, Ferreira de Pallares, Acibeiro, San Clodio, Carboeiro, Samos, Santa Clara de Allariz; así como de diversas Coleccións de documentos, no Boletín da RAG, Boletín da CPMHAOu, Galicia Histórica, Galicia Diplomática, Anales del Reyno de Galicia, de Huerta, Historia da S.A.M.I de Santiago de López Ferreiro, entre outros, xunto con algúns arquivos particulares.



documentais-, e á revisión demorada e meticulosa dos seus contidos, a fin de poder recompoñer, si for posible, o estado en que deixou o autor os diferentes capítulos nos que tiña partillado o traballo. Neste momento os máis desenvoltos semellan selo os titulados *A xente* e *O habitat*. No tocante á poesía dedicada aos seus amigos Carlos Velo e Fausto ben merece publicarse cunha acaída nota introdutoria.

Agardemos que algún destes escritos inéditos de Xurxo Lorenzo poida publicarse proximamente.

A morte escolle nos mellores

Todo en Xurxo foi xuventude; a súa curta existencia a penas lle deu tempo a rebordala. Pero era xa máis que unha promesa, era unha certeza intelectual. Os fados taxáronlle un exíguo tempo de vida que frustrou un labor investigador que se anunciaba de especial relevancia. De ter sido máis dilatado aquel, acadaría senlleiro lugar na historiografía galega. Con todo deixounos unha produción bibliográfica que abrangue traballos de paleografía, diplomática, heráldica, arqueoloxía e etnografía, nos que amosa, non obstante a súa idade, aptitudes e valía como historiador. Malia que sendo de interese o publicado, e bardante o traballo que o noso autor titulou *Flumen Oblivionis*, que semella ser completo, unha parte das indagacións que tiña entre mans, algunha delas de indubidable fuste pola súa temática, achábanse, cando a súa morte, unhas en fase de elaboración ou sen rematar e outras non pasaron de xerme de artigo.

Pouco máis de catro meses haberían transcorrer dende a data da carta de Cuevillas até a morte de Xurxo. O mozo lanzal e vitalista, o investigador, que deprendera a bailar a muiñeira para ensinarlla á xuventude de Lobeira, a esperanza que se dexergaba abertamente moderna e creadora, morría nunha clínica en Zaragoza por mordunha septicemia, ás dúas horas do 3 de abril de 1934, ao pouco de cumprir vinte e catro anos, vida curta, mais intensa e xenerosa. Naquel aciago transo só ao seu carón o irmán Xaquín, quen ha gardar do desenlace indeleble e dolorosa lembranza.

Na madrugada do día 5 de abril o cadáver recíbese en Ourense. Cuberto coa ban-



CORTEJO FÚNEBRE DE XURXO LORENZO

deira galega é velado no local do Partido Galeguista. “*Poucas noites o vento espallou pra min semellantes laios como na noite da chegada de Xurxo Lorenzo a Ourense*”, deixaría escrito Otero Pedrayo (1963,112). O enterro, na mañá do mesmo día, encabézaos a familia e unha delegación do Partido Galeguista, co seu presidente en Ourense Manuel Rodríguez Peña, quen representa a Castela e Bóveda, xunto con Otero Pedrayo, Cuevillas, Risco e Leuter González. O acto tórnase nunha manifestación de dó por aquel mozo galeguista benquerido de todos, “*rexo, dereito e limpo como unha espada [...] Vida breve; vida eixemplar, aproveitada ano por ano e hora por hora na ciencia, na arte e no ben. Pouco viveu Xurxo Lorenzo, mais quen soupera vivir com’él viveu;*” (Risco, 1934,67).

Na morte do moço erudito Jurjo Lourenço

Mocidade milgranada
da minha terra em sazão,
en maturidade as frentes,
quem te viu, quen te mirou!...
Cada frol da milgranada
um inmenso coração;
cada pinga do seu sangue
universos que calhou!
Alá vai da milgranada
aquil baluze melhor,
aquil que tremeluzia
gueipos de luz em paxião.

Alá vai no seu cabalo
de núvens, como um heroi
a caçar nos ceos abertos
anseios que eiquí sonhou
pra ûa pátria dormida,
pra un destino sem rol,
pra um alento sem peitos,
pra un salaio sem dôr...
Alá vai, polo olivedo
da nossa recordação!

Fermín Bouza Brey (s.a.)

Coda para Rui de Serpa Pinto

Cando me aproximei por primeira vez á historia do Seminario de Estudos Galegos, causáronme especial impresión as traxectorias vitais, de certo paralelas, de Xurxo Lorenzo Fernández e Rui Correia de Serpa Pinto (Porto,1907). Ambos os dous finarían inesperadamente, na flor da vida, por mor dunha septicemia; Rui o 23 de marzo de 1933, con só vinte e cinco anos, e Xurxo o 3 de abril de 1934, a pouco de cumprir os vinte e catro. Prematuras mortes que virían tallar o labor que estaba a alicerzar unha acción investigadora do pasado histórico do noroeste da Península Ibérica e a postergar a un inmerecido esquecemento durante anos aos nosos actores e á súa obra.

Foi o transmiense Rui de Serpa Pinto distinguido alumno e discípulo do Prof. Antonio Augusto Mendes Corrêa, con quen se formou no Instituto de Antropología da Facultade de Ciências da Universidade de Porto, que aquel rexentaba. Na mesma Universidade recibírase como licenciado en Matemática e cursará a máis estudos de Enxeñería civil –cómpre recordar que Xurxo Lorenzo tiña comezado os estudos de Arquitectura na Universidade de Madrid-, incorporándose en 1930,



por concurso, á Facultade de Ciéncias de Porto, como Asistente do seu Grupo de Ciéncias Geolóxicas.

Dotado, como Xurxo Lorenzo, de especiais capacidades para o deseño, Serpa Pinto salientará de inmediato como prehistoriador de máis que promisoría carreira, que inicia exitosamente, sendo aínda discente, co recoñecemento da comunidade científica á súa identificación das industrias líticas tipo asturiense do norte de Portugal. Ao igual que o propio Xurxo, Rui, á parte da pre e protohistoria, cultivou o estudo doutras disciplinas, como a etnografía, a epigrafía e a numismática no ámbito da romanidade, e polas súas especialidades a paleontoloxía, a xeoloxía ou a mineraloxía (Huet de B. Gonçalves, 1983/1984).

Mantivo este persoeiro excelentes e fraternas relacións con intelectuais e investigadores galegos, particularmente con Florentino López Cuevillas e Fermín Bouza Brey –mentor o primeiro e propinco amigo o segundo, de Xurxo Lorenzo–. Coñecéranse os citados de primeiras epistolarmente e de contado persoalmente, con motivo dunhas xornadas de traballo arqueolóxico, financiadas pola “Comisión de Estudios de Galicia”, da Junta para la Ampliación de Estudios, nas que percorren no mes de agosto de 1928, as terras de Guimarães e Porto. Nesta xeira descubrirán na citania de Sabroso uns petróglifos, dos que da noticia Rui no artigo Petróglifos de Sabroso e a arte rupestre em Portugal, publicado no nº 62 do NÓS de 1929, e que lles dedica aos seus amigos galegos. Serán López Cuevillas e Bouza Brey quen leven a Serpa Pinto a formar parte de Seminario de Estudos Galegos como socio activo, no que ingresa o 1 de decembro de 1928 co traballo atrás citado.

Daquela estadia arqueolóxica e da morte do amigo, deixará escrito o grande prehistoriador galego, *“Nos curtos días que convivín co noso Rui de Serpa Pinto en Porto e Guimarães e na nosa longa e frecuente correspondencia aprendera a estimar as súas coalidades escepcionaes de talento, erudición e carácter. A súa desaparición representa unha perda inapreciable para a cultura e para a ciencia e representa para min unha dor intensa e unha chaga máis no meu corazón que xa se vai facendo vello”* (En Alonso Estraviz, 2011,43). Por aqueles anos, postremos da década dos vinte do pasado século, Rui estaba a colaborar con López Cuevillas nun libro arredor da Cultura castrexa do noroeste da Península Ibérica, que o temperán falecemento daquel estragou.

No número VI dos Arquivos (1933-1934), que o Seminario de Estudos Galegos lle ofrenda ao Patri Patriae Murguía, inclúense os traballo de Xurxo Lorenzo, intitulado *Notas de diplomática galega –O protocolo nos documentos do outo meioevo–*; e os que firma o segundo con López Cuevillas, dedicados á cultura castrexa da idade de ferro do NO. Peninsular, *As tribus e a súa constitución política e A relixión*. Entendemos que estes dous artigos formarían parte do libro que tiñan entre mans Cuevillas e Rui.

No remate dese VI volume dos Arquivos do SEG figura un colofón en recordo de Xurxo e Rui, seus sobranceiros membros, recentes aínda as súas mortes; ao mesmo pertencen os seguintes parágrafos

“Portugués aquíl, galego iste, quixo arestora o destino fundir o rexo bronce da nosa dôr



n-un bloco só, atal e como fundidas están no curazón noso o amor á nobre Lusitania, irmán adourada de Galiza, Patria do infnido soñar cotián.

Intelectuais na máis outa resonancia semántica, dotados de elevadas facultades moraes, arquetipos da nova mocidade alborada de estas terras do Occidente europeu, deixan espallados pol-as publicacións científicas froitos dos seus talentos [...] consagrados á arqueoloxía, á prehistoria, á diplomática ou á etnografía. O Seminario gardando no íntimo a exemplaridade dos seus nomes puros, rende n-istas liñas tributo á súa memoria imperecedeira [...] non viron con ollos mortaes rematada a espiritual ofrenda, como se houbesen desexo de chegar, mensaxeiros da propia devoción, a llo anunciar ao Patriarca pol-a campía inmensa do acougar eterno”.

Rui de Serpa Pinto foi para a intelectualidade galeguista un dos investigadores portugueses máis apreciados polas súas calidades humanas e un dos máis respectado polas súas competencias científicas. Cando a Semana Cultural Galega de Porto, 1935, os asistentes á mesma honraron a súa memoria visitando a campa que cobre os seus restos no cemiterio de Agramonte. Ao seu pé quedaría depositado un ramo de flores levadas expresamente dende a Galicia.

Que estas liñas sirvan para unir de novo os nomes de ambos investigadores e sentida lembranza do Rui de Serpa Pinto, aquel mozo gallardo, bo de corazón, sabio e asisado, intelixente, nobre como un paladín doutros tempos, o “noso Rui” que así o nomeaba Cuevillas, que foi parte daquela mocidade milgranada do poema de Fermín Bouza Brey.

Obra impresa de Xurxo Lorenzo Fernández

1928

- Un casamento en Lobeira. (Con Xaquín Lorenzo Fernández). *Nós*, 58: 186-188. (No apartado Arquivo Filolóxico Etnográfico de Galiza).

1930

- “Blasós de Ourense. I. Escudos de armas existentes na catedral”. (Con X.M. Amor). *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 5: 153-169.
- Foro de Lobeira. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 5: 173-206.
- “A cristianización do castro de Monterrei”. *Nós*, T. 8, n, 94: 188-191.

1932.

- “O Xogo de San Xulián”. *Nós*, T. 9, n. 100: 7. (No apartado Arquivo Filolóxico Etnográfico de Galiza).
- Blasós de Ourense. II. Escudos civís eisistentes nas rúas da cidade. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 4: 259-276.
- “Contra a pestilencia”. *Nós*, T. 9, n. 108: 227. (No apartado Miscelánea).



- “A data de consagración da eirexa de Lugo,” *Nós*, T. 10, n. 109: 11.

1932-1933

- “Vieiros pra o estudo da Galicia medieval”. *Universitarios. Revista de la F.U.E.* Santiago, pp. 12-14.

1933.

- “O Crismón na escritura de Galicia”. *LOGOS, Boletín Católico Mensual*, n. 28-29: 90-94.
- “Tres estacións de arte rupestre da serra do Leboreiro” (Con Luciano Fariña Couto). *Nós*, T. 10, n. 115: 124-132.
- Catálogo dos castros galegos. Terra de Lobeira, fasc. 5. (Con F.López Cuevillas). *Nós*, T. 10, n. 116: 174-182; n. 117: 189-200; n. 118: 211-224.

1933-1934

- “Notas de diplomática galega. O Protocolo dos documentos galegos da outa Edade Media” En: *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 6: 3-24.

1934

- “Notas arqueolóxicas do cruceiro marítimo de Ultreya”. *Nós*, T. 11, n. 124-125: 61-88

1942

- “El fondo del monasterio de San Salvador de Celanova, en el Archivo Histórico Nacional”. En: C.P.M.H.A. de Orense. T. XIII, fasc. III: 206-252.

1947

- “A casa, o traballo e a cantiga en Pías (Mondaríz, Pontevedra)”. (Con F. Bouza Brey). *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* (Madrid) 3 n. 1: 3-39 (2001, Reedición en galego do Museo do Pobo Galego en Aliceres, 14) xunto a: “Conferencia radiada en Santiago”, pp 41-48

2010

- *Dibujos de Lobeira* Debuxos a pluma de Xurxo Lorenzo e fotografías de Mark Ritchie. Santiago de Compostela: Fundación V. Risco. Concello de Ourense, Xunta de Galicia, Deputación de Ourense, Concello de Allaríz.

Bibliografía

ALONSO ESTRAVIZ, I (2011). *Santos Junior e os Intelectuais Galegos. Epistolario*. Ponte Caldelas: Fundación Meendinho.

ARIZAGA CASTRO, A (2005). “Xurxo Lorenzo: Etnografía arqueolóxica da paisaxe mariña”. *Encontros coa Etnografía*. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos. Museo do Pobo Galego.

BALY GAY, J (1917). “Pol-a nosa música”. *A Nosa Terra*, n.º 35.

Ib. (1924). *Hacia el ballet galego*. Ronsel.

Ib. (1926). “O momento actual da música galega”. En *Nós*, n.º 29.

Ib. (1929). “Notas de un viaje. Un Laboratorio de folk-lore”. En: *Galicia. Revista del*



Centro Gallego de Montevideo: 153

BERAMENDI, J. (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais

BERNÁRDEZ, C.L. (1994). *A Emoción da Terra: Poesía de Vicente Risco*. A Coruña: Espiral Maior.

BINFORD, L.R. (1998). *En busca del pasado*. Barcelona: Ed. Crítica.

BOUZA BREY F. (1980). *Obra literaria completa*. Santiago de Compostela: Ed. do Cerne.

BOUZA BREY Fermín. (2001). *A casa, o traballo e a cantiga en Pías (Mondariz, Pontevedra)*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

COSTA, F. (2005). "Do folclorismo á vangarda: Jesús Bal o "Simón do deserto". En: *Jesús Bal y Gay. Tientos e silencios 1905-1993*. Madrid: Residencia de Estudiantes.

COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1952). *Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores*. Vol. II. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.

FARIÑA BUSTO, F. (2013). *Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense. 1844-1967*. Ourense: Grupo Marcelo Macías.

FERNÁNDEZ, M.A. (2002). *As imaxes de Carlos Velo*. Vigo. Edicións A Nosa Terra.

FRAGUAS FRAGUAS, A. Xurxo Lorenzo Fernández (Voz) En: *Gran Enciclopedia Galega*, vol.XIX.

Universitarios. Revista de la F. U. E., Santiago de Compostela, 1932-1933 (2005 ed. facs). M Cuquejo Enríquez, L Alonso Girgado, ed. lit. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.

GARBALLO MONTABES, F.J. (2005). Jesús Bal y Gay, "Ronsel musical da Galicia moderna". En *Jesús Bal y Gay. Tientos y silencios 1905-1993*. Madrid: publicaciones de la Residencia de Estudiantes.

GARCÍA MARTÍNEZ, C. (2004). "Unha presenza indeleble. Xurxo, a promesa perdida aos 24 anos". *La Voz de Galicia*. 13 de agosto.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. (2003). *Xaquín Lorenzo Fernández. "Xocas". 1907-1089. Unha vida dedicada á Nosa Cultura*. Noia: Ed. Toxosoutos.

Ib. (2004). "Ollos lonxanos de Xurxo... Un poema inédito de Bouza-Brey a Xurxo Lorenzo". *A Xanela. Revista Cultural das Mariñas*. Nº 17.

Ib. (2008). *Mar Adiante. As xeirás dos Ultreias*. Pío García Edicións. Santiago.

GRACIA ALONSO, F. (2009). *La arqueología durante el primer franquismo (1939-1956)*. Barcelona: Bellaterra

A. A. HUET DE B. GONÇALVES (1983/1984). "Rui de Serpa Pinto - O homem e a obra". *Portugalia*. Vol. IV/V.

J. LE GOFF (1991). *El tiempo como imaginario*. Ed. Paidós Ibérica.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (2004). *Cantigueiro popular da Limia baixa*. Museo do Pobo Galego. Deputación Provincial de Ourense.

MARTÍNEZ RISCO, V. (1934). "Xurxo Lorenzo Fernández 1910-1934". *Nós*: T. I I, n. 124.



OTERO PEDRAYO, R. (1953). *El libro de los amigos*. Buenos Aires: Ed. Galicia.

SÁNCHEZ ALBORNOZ, C. (1926). *Una ciudad hispano-cristiana hace un milenio. Estampas de la vida de León*. Buenos Aires: Ed. Nova.

TORRES REGUEIRO, X. (2004). "O irmán pequeno de Xocas: Xurxo Lorenzo (1910-1934)". *A Xanela. Revista Cultural das Mariñas*.

VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A. (1942). "Presentación en El fondo del monasterio de San Salvador de Celanova (de Xurxo Lorenzo)". *Boletín da. C.P.M.H.A. de Ourense*.



HISTORIA DUNHA COLECCIÓN: Ricardo Blanco-Cicerón, Álvaro Gil Varela e a colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo.

Aurelia BALSEIRO GARCÍA

Museóloga e Directora do Museo Provincial de Lugo

Resumo: xénese e historia dunha colección arqueolóxica que pasou do coleccionismo privado ao servizo público nunha institución museística.

Ao abeiro da declaración da colección de ourivería Álvaro Gil Varela como Ben de Interese Cultural¹, realizada pola Xunta de Galicia a instancias da Facultade de Xeografía e Historia da USC, o pasado mes de xuño de 2015², por considerala “un elemento fundamental do patrimonio cultural moble galego tanto polos seus valores culturais, artísticos, históricos e arqueolóxicos coma porque as pezas e materiais que a compoñen forman parte do imaxinario colectivo e identitario da sociedade galega”, cómpre celebrar o BIC número trece para o concello de Lugo, pero tamén sinalar que non se trata dun BIC individual senón que esta categoría aplícase neste caso a uns bens mobles integrados nunha colección entendida esta como un conxunto de bens agrupados de xeito misceláneo ou monográfico logo dun proceso intencional de provisión ou acumulación (Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia cap.1 artigo 8.2.).

Todas as coleccións *per se*, teñen unha historia que moitas veces merece ser contada porque implica directamente a persoas físicas que con distintas motivacións inician,

1 Os ben mobles declarados BIC teñen a máxima categoría de protección establecida pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia e para os seus posuidores o deber de conservalos e protexelos.

2 Decreto 77/2015, do 21 de maio polo que se declara ben de interese cultural a colección de ourivería Álvaro Gil Varela (DOG núm. 104, xoves 4 de xuño de 2015)



crean e constitúen o xerme dun coleccionismo individual cun destino particular e concreto que, pode ser o simple deleite persoal, o altruísmo, a significación social, etc. Despois, coa desaparición do principal axente coleccionista, estes conxuntos de bens mobles rematan ou ben disgregándose por vendas ou herdos ou, con sorte, en institucións museísticas para desfrute de toda a sociedade.

Non podemos entrar aquí en consideracións sobre a historia xeral do coleccionismo e dos coleccionistas nin na súa repercusión na conservación ou no espolio do patrimonio cultural porque é un tema xa estudado na historia da arte dende a Antigüidade aos nosos días, dende ópticas ben distintas. Na literatura o escritor turco Orhan Pamuk no seu libro *El Museo de la Inocencia* di que os auténticos coleccionistas ao recolectar as súas primeiras pezas nunca pensan onde os levará o que están a facer; tamén establece unha tipoloxía de coleccionistas: os vaidosos que se enorgullecen das súas coleccións e queren exhibilas e os vergonzosos que ocultan nun recuncho o que reuniron. Di Kemal³ que os primeiros son os que pensan que os museos son a consecuencia natural das súas coleccións porque unha colección faise, sexan cales for os seus motivos para iniciala, para ao final exhibila con orgullo nun museo.

Así e todo, é evidente que, en xeral, as coleccións privadas están ligadas aos seus propietarios e logo, se pasan a dominio público, tamén crean vínculos coa comunidade onde radican converténdose moitas veces en símbolos de identidade, como moito do patrimonio cultural dun pobo, aínda que conserven dalgún xeito a súa relación co seu formador/es inicial.

Os dous protagonistas da orixe da, actualmente, colección de ourivería antiga do MPL, estarían inscritos na teórica⁴ lista de ilustres coleccionistas galegos contemporáneos⁵ entre finais do s. XIX e mediados do XX. As súas motivacións non son só o prestixio social, a inversión económica ou a mostra de poder e riqueza, porque daquela aínda se aprecia un compromiso co patrimonio e un desexo de conservalo e promocionalo, deste feito e relacionado co tema do mecenado, tamén derivan as doazóns e depósitos que tanto o pontevedrés como o lucense fixeron en vida, non só de obxectos e obras artísticas a institucións museísticas senón tamén de axudas económicas para contribuír á conservación do noso patrimonio. Ámbolos dous tamén teñen en común un marcado galeguismo entendido do xeito e da época que lles tocou vivir, que ten que ver co sentido de investigar ou poñer en valor os bens que coleccionaban ou patrocinaban.

A historia da colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo está

3 Protagonista do libro e *alter ego* de Pamuk.

4 Na realidade adoecemos desa listaxe ao igual que tampouco temos unha historia do coleccionismo galego.

5 Na segunda metade do XIX a estabilidade política e económica propiciou o coleccionismo particular; agora fóra dos círculos aristocráticos, dunha burguesía rica pero tamén culta (Acuña, F. Sáenz-Chas, B.; "Ricardo Blanco-Cicerón, apunte biográfico" en *Olladas dunha época. Fotografías do fondo Blanco-Cicerón*. Xunta de Galicia. Museo do Pobo Galego. 2009 p.p.14-23).



ligada a eses dous grandes coleccionistas galegos: Ricardo Blanco-Cicerón Núñez e Álvaro Gil Varela polo que imos a contar polo miúdo quenes eran eles e despois como se formou ese conxunto patrimonial aínda que, dado que os principais protagonistas non están connosco, hai consideracións e detalles que se perden co paso dos anos, ao que hai que engadir que as fontes documentais a este respecto son escasas e incompletas.

Semblanzas dos dous coleccionistas

R. Blanco-Cicerón

Naceu en Tui en 1844 e morreu en Santiago en 1926. Católico, de ideoloxía carlista e conciencia galeguista, adicouse temporalmente á política (1877-1879) na súa vila natal, pero acabou exercendo como avogado en Santiago de Compostela. Non obstante, recoñéceselle tamén a súa faceta de arqueólogo e coleccionista. Ao longo da súa vida reuniu unha gran colección de obxectos artísticos e arqueolóxicos moi variados así como un importante arquivo e biblioteca xunto cun destacado arquivo fotográfico (actualmente no Museo do Pobo Galego). Precisamente ese afán de heteroxénea recopilación parece que o levou a certos

apuros económicos que resolveu grazas ao apoio do seu cuñado Simeón García (do Banco Simeón e irmán da súa muller Herminia García de la Riva). Neste campo foi membro de varias institucións financeiras.

As súas inquedanzas culturais e os seus coñecementos lévano a ingresar na Sociedade Económica de Amigos do País (en 1884) e na Real Academia Gallega. Tamén foi vicepresidente da sección arqueolóxica da Exposición Regional Gallega de 1909 onde fixo un importante labor tendo en conta que se tratou dun verdadeiro acontecemento para a Galicia de entón non só pola cantidade e calidade de obxectos artísticos e pezas arqueolóxicas, entre as que se amosou precisamente a súa colección de ourivería antiga, senón pola finalidade de promoción cultural e turística e polo seu carácter internacional.

O legado coleccionista de Blanco-Cicerón está diseminado por moitos museos galegos, parte doados por el en vida ou despois da súa morte pola disgregación da



R. BLANCO-CICERÓN

súa herdanza. Obviamente as coleccións son fillas do seu tempo e do seu dono e polo tanto, hai que situalas nun contexto concreto. Neste caso estamos nunha época onde existe unha burguesía ilustrada con posibilidades económicas e profesións liberais, pero só uns poucos tiñan ese interese coleccionista. Tal como salienta o seu bisneto, o catedrático e arqueólogo Fernando Acuña Castroviejo⁶, a raíz do seu coleccionismo derivaba dunha preocupación polo patrimonio e pola súa conservación no noso país; pode dicirse que foi o coleccionista galego máis importante no trazo entre o século XIX e o XX chegando a conformar unha das máis destacadas coleccións galegas de carácter cultural. A maior parte da súa colección era de procedencia galega, agás a numismática e a medallística, aínda que primaban as pezas arqueolóxicas por preferencias persoais. Acuña di que foi unha “*rara avis*” polo seu talante erudito e galeguista e como coleccionista, comparable a Lázaro Galdiano ou Guillermo de Osma. Con respecto á sección de ourivería quizais a súa motivación tamén tivera que ver coa recuperación de pezas que senón, como sinala Vázquez Seijas (1943:43) sobre un torques atopado en Dompniñor o Vello en 1872 que foi vendido a un prateiro de Ribadeo e fundido inmediatamente ignorando o seu valor arqueolóxico ou primando o valor económico do ouro, desaparecerían. Os crisois dos xoieiros eran o destino habitual das xoias áureas atopadas non sempre casualmente en contextos arqueolóxicos galegos, sobre todo a finais do século XIX e principios do XX, e precisamente estes coleccionistas privados ou tamén algúns anticuarios conscientes do valor histórico das pezas e do interese social polas “antigüidades”, contribuíron á

VIDA GALLEGA

GALLEGOS ILUSTRES

Don Ricardo Blanco Cicerón

Falleció en Santiago D. Ricardo Blanco Cicerón, socio de la casa Hijos de Simeón García y Compañía.

Hacia algún tiempo que los achaques de la edad habían alejado de los negocios al ilustre finado, en los cuales llegara a ser una de las más prestigiosas personalidades de la región gallega.

Hombre de vasta cultura, era un notable arqueólogo, siendo la colección arqueológica y numismática que poseía, formada en largos años de laboriosas búsquedas, una de las más importantes de España.


En objetos ibéricos llegó a reunir lo que pocos museos tenían y, especialmente su colección de torques era quizás única, así por la cantidad como por la calidad.

El museo de Tolosa no tiene ejemplares como el hallado en la Recadeira, de un kilo y doscientos gramos, ni como las dos diademas halladas en Mellid, ni como los brazaletes recogidos en San Martín de Oteyros.

El museo de Londres hizo en vano reiteradas gestiones para la adquisición de los tesoros en tantos años coleccionados por el Sr. Blanco Cicerón.

Caballero so, bueno y caritativo, sus relevantes cualidades habíanle granjeado innumerables simpatías, por lo que la noticia de su muerte produjo general sentimiento.

Enviamos el pésame a su distinguida familia, y a la razón social Hijos de Simeón García, deseándoles la resignación necesaria para sobrellevar la desgracia que les aflige.



NECROLÓGICA DE BLANCO-CICERÓN

6 Acuña Castroviejo, F.; *El coleccionismo en Galicia entre finales del s. XIX y principios del XX.: Ricardo Blanco Cicerón y su legado*. Discurso de ingreso como académico electo de la Real Academia Gallega de Bellas Artes. 2013.



súa recuperación evitando a perda de obxectos arqueolóxicos.

A. Gil Varela.

Álvaro Gil Varela naceu en Lugo en 1905 e morreu en Madrid en 1980. En Lugo, onde repousan os seus restos, participa activamente desde moi novo en iniciativas culturais como a fundación e publicación da revista *Ronsel* dirixida por Evaristo Correa Calderón. Despois vai estudar a Madrid a carreira de enxeñeiro técnico de montes e alí faise membro de Mocidade Céltiga. Ao rematar, seguiu ampliando estudos por Europa e traballa na Deputación de Pontevedra. Estivo destinado en Lourizán, Pontevedra, cidade onde se relacionou co partido galeguista e con círculos intelectuais e persoeiros como Castelao e Bóveda.

Esta vinculación co galeguismo republicano motivou que o encarceraran na illa de San Simón tras o levantamento militar de 1936. Como consecuencia foi expedientado quedando sen praza e titulacións polo que entrou a traballar na empresa privada: Zeltia, Pescanova, Cementos del Noroeste, Transfesa, etc., dirixidas pola familia Fernández, de Lugo. O seu éxito como empresario dálle unha seguridade económica que xenerosamente reverte no mundo da cultura comezando un intenso e activo mecenado. Participa na creación de empresas relacionadas coa literatura como a Editorial Galaxia ou a Fundación Penzol, ou coas artes, co apoio directo a creadores galegos, coa adquisición, depósito e doazón de obras de arte a institucións museísticas.

O seu intenso activismo cultural está documentado de moitos xeitos, sirva como exemplo o epistolario de Luís Seoane que publica o Consello da Cultura Galega, onde aparece mencionado a cotío. Ao tempo vai conformando unha gran colección privada de arte onde destacan as obras da pintura galega contemporánea. A pesar da súa intensa vida, sempre seguiu vinculado a Lugo onde, en 1950, lle encarga ao arquitecto galeguista Manuel Gómez Román a construción da súa casa, aínda que tamén gusta de pasar tempadas en Viveiro. Casou con Antonia Arias e tiveron unha soa filla, Antonia Gil Arias, que lle deu nove netos.

Foi vicepresidente da Fundación Penzol, doutor en Ciencias Naturais pola Universidade de Berlín, membro de honra da Real Academia Galega, membro da Academia de Belas Artes de San Fernando, distinguido co Pedrón d'Ouro na Casa de Rosalía de Castro en



A. GIL VARELA. RETRATO DE LUÍS MOSQUERA

Padrón, nomeado Fillo Predilecto da Cidade de Lugo, entre outros cargos e distincións.

No Museo Provincial de Lugo, ademais de formar parte como vogal dende 1957 da súa Xunta Rectora, realiza numerosas xestións e intermediacións a favor do Museo e do incremento dos seus fondos. Tenlle doado a esta institución numerosas obras, concretamente entre os anos 1944 e 1950: 14 pezas, entre louza de Sargadelos, acibeche e un gravado de Castro Gil; en 1958 catro frontais de pedra dun baldaquino gótico pontevedrés xunto cos irmáns Antonio e José Fernández López; en 1965 unha acuarela e dezanove debuxos de Castelao para a montaxe dunha sala monográfica; en 1970 un cadro de Carlos Sobrino e unha cruz procesional gótica de prata. Pero a súa achega máis coñecida foi, en 1974, cando ingresou no MPL a colección de ourivería antiga nunha sala acondicionada para tal efecto e contribuíndo, ademais, a costear a montaxe expositiva. Esta colección formouse inicialmente coa adquisición aos herdeiros de Ricardo Blanco-Cicerón en 1971 da maior parte das xoias⁷ aínda que logo foi incrementándoa con pezas tan senlleiras como o torques de Burela⁸ ou o carneiro alado de Ribadeo. Por todo o exposto, Álvaro Gil Varela forma parte da historia do coleccionismo e da cultura galega do século pasado e para o Museo Provincial de Lugo, xunto cos irmáns Fernández, José, Antonio e Concepción (fillos de Antón de Marcos), os López Suárez, Juan e Manuel, un dos seus máis activos promotores.

A relación entre estes dous coleccionistas vén aquí establecida pola propia colección de ourivería antiga, actualmente exposta no Museo Provincial de Lugo, porque foi conformada en orixe por Blanco-Cicerón⁹ ata que os seus herdeiros lla venderon a Gil Varela quen incluso a incrementou, como xa comentamos, con outras xoias áureas de gran valor. Pero *mutatis mutandis*, a pesares da diferenza dos contextos cronolóxicos, sociais e/ou económicos, ambos os dous teñen en común o coleccionismo e a propia heteroxeneidade das súas coleccións dado que aínda que aquí só se analice a ourivería antiga, non só se interesaron pola arqueoloxía senón que os seus gustos abranguen antigüidades, artes mobles e decorativas, belas artes, fondos bibliográficos e arquivísticos... etc. Folga reiterar que a historia do coleccionismo en Galicia está por facer¹⁰ pero tamén é necesario estudar polo miúdo a persoeiros importantes neste eido coma os aquí mencionados.

7 O contrato de compra-venda foi realizado na cidade de Santiago o catro de novembro de 1971 entre os herdeiros de Ricardo Blanco Cicerón e Gil Varela, este asistido por Manuel Chamoso Lamas como asesor técnico e perito arqueolóxico, no documento especifícase que se trata dunha colección de coarenta obxectos arqueolóxicos de distintas épocas e metais. (Agradezo personalmente a Carlos López Gil os datos achegados a este respecto).

8 Atopado a principios da década dos cincuenta, en 1954 a corporación provincial da Deputación de Lugo acorda adquirilo por 150.000 pts., a pagar por terceiras partes nos anos 1956, 1957 y 1958, na acta tamén se agradece a Gil Varela a súa intervención no logro da xoia. En 1955 Trapero Pardo publica o seu achado. Logo estivo exposto no Museo de Pontevedra como "Torques gigante de Vivero" e en 1974 ingresa no MPL.

9 Neste punto temos que lembrar a José Villaamil y Castro, historiador e tamén coleccionista, que foi dos primeiros en estudar algunhas das pezas áureas da incipiente colección Blanco-Cicerón xa a finais do século XIX.


10 Acuña (2013:21).



A primixenia colección de ourivería de Blanco Cicerón xa estivo nas vitrinas da *Exposición Regional Gallega* de 1909 en Santiago de Compostela da que o noso persoeiro era integrante da Comisión Xestora e vicepresidente da Sub-comisión de Obras e da Sección Arqueolóxica.

Daquela (1909) hai unhas fotografías de Chicharro Bissi e despois outras do fotógrafo catalán Pelai Mas que tamén inmortalizou as devanditas xoias prerromanas¹¹ en 1919 facendo trinta fotografías de gran calidade da colección de ourivería de Blanco-Cicerón por expreso encargo del, pero tamén percorreu Galicia facendo un gran traballo de documentación gráfica¹².

Con respecto á finalidade do seu heteroxéneo aínda que ilustrado ou erudito coleccionismo: “a súa intención era a de poñer a súa colección a disposición dos in-



vestigadores e tamén do público en xeral” tal como se demostra pola exposición pública na devandita *Exposición Regional* e polas facilidades de acceso que daba, concretamente para a colección de ourivería, a estudosos e investigadores como o inglés Edward Thurlow Leeds (do Ashmolean Museum de Oxford en 1921) ou a escritora Annette Meakin¹³, que a principios do século XX, deixaron constancia desta colección (op.cit. Acuña e Sáenz-Chas, 2009).

Citamos expresamente os comentarios da británica:


“Hai once torques na singular colección do Señor Cicerón, e oito deles son de ouro, este cabaleiro aseguroume que podería ter moitos máis se os pequenos pastores que se tropezan con eles nos outeiros veciños entendesen mellor o seu valor. Algúns

11 Este fondo fotográfico antigo da colección de ourivería atópase custodiado actualmente no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela) doado pola familia de Blanco Cicerón.

12 Acuña, X. E.; Pelai Mas en Galicia, en *Fotografías de Galicia no Arxiu Mas*. Xunta de Galicia, 1995.

13 Na súa obra *Galicia, the Switzerland of Spain* publicada en 1909.

pensan que estes torques datan dos días dos antigos iberos, e que os levaban como colar os xefes das tribos. Pero o seu importante peso e o seu enorme tamaño fixéronme dubidar un tanto desta teoría (...) Ademais dos seus torques o Señor Cicerón ten unha colección de xoias prehistóricas de ouro do máximo valor, entre as que vin un groso colar de ouro macizo, algúns abelorios de ouro nun fío de ouro, un anel de forma espiral, e un ancho brazal que non ten xuntura, e débérono labrar dunha peza



sólida do precioso metal; os expertos que o examinaron din que é a única maneira na que se puido facer. Outro obxecto curioso era un colar formado de cintas de ouro feitas a man, que o Señor Cicerón lles comprara a uns labregos que o atoparon na area do Río Sil, que se sabe que contiña graos de ouro dende os días de Strabo. O Señor Cicerón informoume que recentemente recibira cartas tanto de Inglaterra como de América preguntándolle se estaría disposto a vender a súa singular colección, e aínda que non tiña intención de se afastar dos seus tesouros polo momento, cando eu o visitei, coido que é máis que probable que os torques, polo menos, acharán nun momento dado o seu camiño aos Estados Unidos...”

Probablemente tamén Gil Varela consideraría que esta colección non debería saír de Galicia, polo que a adquiriu no seu momento, e/ou que debería estar exposta nunha institución pública ao servizo da sociedade polo que escolleu o Museo Provincial de Lugo para depositala en 1974 pouco despois da adquisición aos herdeiros de Blanco Cicerón e cando xa comprara o torques de Burela.

O groso da colección foi depositado por Gil Varela no MPL o 28 de febreiro de 1974, pero o chamado “carneiro alado de Ribadeo” engadiríase en 1976 (Nº Inventario: 1976/04/01. Nº de resguardo do depósito: 88) ao igual que unha moeda áurea de Fernando VI (Nº Inventario: 1976/04/03. Nº de resguardo do depósito: 88) e máis

tarde, en 1980 o espléndido brazaete de Ourense (N° Inventario: 1980/12/01, N°. Rexistro: 8483, N° de resguardo do depósito: 95). Un dato curioso con respecto ao inventario de pezas da colección de Blanco-Cicerón é o nº 39 “un anel signatario ibérico atopado na provincia da Coruña, aro liso e chatón no centro suxeito por dúas garras de león” do que non temos noticias.

Breve repaso historiográfico da colección

O primeiro artigo publicado, fóra das noticias dos medios de comunicación do momento, despois da súa chegada ao MPL en 1974, foi na revista *Lucus*¹⁴: “Las colecciones arqueológicas y artísticas del Museo Provincial se han enriquecido con una sala en la que se exhiben los torques y otros objetos prehistóricos de oro depositados por Don Álvaro Gil Varela” asinado por J.T.P. (José Trapero Pardo), nel fai especial fincapé no torques de Burela.

Pero xa a finais do século XIX Villa-amil y Castro publica estes “productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos” e máis tarde Balsa de la Vega (1912),

Acuña (2013:39) dá conta da existencia dun oficio do Director General de Bellas Artes dirixido aos herdeiros de Blanco Cicerón¹⁵ con data 27-1-1928 no que di “ha sido declarado como perteneciente al Tesoro Artístico Nacional la colección de torques y otras piezas de interés arqueológico de su propiedad...”

Vázquez Seijas (1943)¹⁶ falando dos torques menciona os Mondoñedo como formando parte da “colección del Sr. Blanco Cicerón” sen incluír o de Burela porque non é ata a década dos cincuenta cando se da a coñecer a súa descuberta.

López Cuevillas¹⁷ (1951) menciona a colección en 1951 como pertencente a Blanco-Cicerón.

En data indeterminada os herdeiros de Blanco-Cicerón encargaron un inventario/catálogo¹⁸ que sería o utilizado despois na publicación de Peinado (1975) (Acuña, 2013:38).

En 1955 Trapero Pardo da a coñecer o torques de Burela, que foi adquirido por Gil Varela segundo a acta devandita da sesión plenaria da Deputación Provincial de Lugo¹⁹.

Outro especialista como Blanco Freijeiro, en 1957, inclúe estas pezas no seu estudo sobre a orixe e relacións da ourivería castrexa.

14 *Lucus*. Boletín Informativo de la Excm. Diputación Provincial de Lugo. Núm 27. Lugo. 1974 p.p. 48-53.

15 Dous anos despois da súa morte.


16 Vázquez Seijas, Manuel (1943); *Lugo en los tiempos prehistóricos*. Junta del Museo Provincial de Lugo. Núm.3. Lugo Imp. De la Diputación Provincial.

17 López Cuevillas, Florentino (1951); *Las Joyas castreñas* Madrid.

18 Este interesante documento baixo a denominación de “Catálogo de la colección de orfebrería prerromana en Galicia Propiedad de los Herederos del Sr. Blanco Cicerón”, con varias copias en español e inglés, consérvase no Arquivo do Museo do Pobo Galego aínda que sen data nen autoría, procedente do Fondo de Blanco-Cicerón. Aproveitamos para agradecer as facilidades e profesionalidade amosada polas traballadoras do Arquivo e Biblioteca.

19 Vid. Nota nº 8.






Narciso Peinado a través da Xunta do MPL asina o catálogo da colección en 1975 cando xa está exposta no MPL, curiosamente o inventario descritivo das pezas é igual que o documento custodiado no arquivo MPG, e titúlao así: “Catálogo de la colección de orfebrería prerromana en Galicia (Blanco Cicerón) Propiedad del Ilmo. Sr. D. Álvaro Gil Varela depositada en el Museo Provincial de Lugo”.

En 1994 a Deputación de Lugo publica unha memoria de licenciatura da Facultade de Xeografía e Historia da USC onde se catalogan todas as xoias áreas prerromanas da provincia de Lugo (Balseiro García,1994).

Non pretendemos sequera facer aquí unha escolma bibliográfica porque son moitos máis os estudos e publicacións posteriores do ouro e da ourivería pre e protohistórica onde se inclúen as pezas da colección conservada no MPL, tanto na península Ibérica coma no resto de Europa, sobre todo debido a que nas derradeiras décadas do século pasado incrementáronse notablemente as investigacións multidisciplinares deste tema sinalando por encima do seu valor material e artístico a súa importancia como fontes de documentación arqueolóxica que proporcionan datos importantes para o estudo de culturas ágrafas como as desenvolvidas no Noroeste peninsular antes da chegada dos romanos.



TORQUES. MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Cronoloxía dun des/acordo

Despois de quince anos de sucesivos desencontros entre a Deputación de Lugo e os herdeiros de Gil Varela²⁰ sobre a propiedade da colección de ourivería e pintura (19 obras) ingresada por Gil Varela no MPL na década dos setenta, no mes de xuño de 2013 o Tribunal Supremo dita sentenza onde se determina a titularidade dos bens en litixio e o pagamento das custas procesuais por parte do ente provincial.

Pouco máis tarde, o 14 de outubro de 2013²¹ foi iniciado un expediente de declaración como Ben de Interese Cultural pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (DOG do 23/10/2013) a instancias da Facultade de Xeografía e Historia da USC. No mesmo mes de outubro tamén se procede ao levantamento do depósito por parte dos propietarios, retirando tanto a colección de ourivería como a de pintura.

No 2014 xa se anuncia o acordo entre a Deputación e os herdeiros de Gil Varela pero non é ata o 10 de febreiro de 2015 cando se asina o contrato de compravenda a realizar en cinco prazos ou anualidades cuxa data final de adquisición do conxunto da colección remataría no ano 2018 por un importe total de 2.346.200 €. Ese mesmo día pola tarde procedíase á reapertura da sala nº 8 coas pezas que regresaban ao MPL despois dunha ausencia dun ano e catro meses.

20 Comezados nos anos 1999 e 2000.

21 Resolución do 14 de outubro de 2013 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de incoar o expediente para a declaración de ben de interese cultural da colección Álvaro Gil Varela de ourivería prerromana (DOG núm. 203, do 23 de outubro).



SALA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Con respecto á listaxe da colección de ourivería de D. Álvaro Gil Varela que figura na acta de levantamento do depósito, enuméranse 45 pezas, pero posteriormente en base a criterios arqueolóxicos, prevaleceu a correspondencia coa listaxe do perito colexiado²² encargado da súa valoración. A diferenza en número (45/40) vén dada porque algúns fragmentos unificáanse en pezas únicas, por exemplo os tres fragmentos do torques con decoración ornitomorfa, e/ou pola súa consideración como lote ou achado único, por exemplo os dous brazais de Moimenta, as dúas arracadas de Masma e as dúas láminas áureas caladas. Non obstante, no decreto de declaración de ben de interese cultural da colección de ourivaría Álvaro Gil Varela da Xunta de Galicia, as pezas obxecto da resolución son 44 (non 45) porque non se inclúe unha moeda de ouro de Fernando VI (ano 1749) que foi engadida á colección en 1976. A estas pezas únense outras doadas, adquiridas ou depositadas en distintos momentos no Museo Provincial de Lugo coma as arracadas de Suegos, Agra dos Castros, Recouso e Bretoña, a pulseira de prata de Palas de Rei, o torques do castro de Bardaos, as tortas áureas de Recadieira, Zoñán e Corbazal ou un anel e un pendente visigótico, que complementan un conxunto único de gran importancia patrimonial.

Finalmente, outra cuestión a destacar é a primeira denominación de ourivería

prerromana para a colección orixinal Blanco-Cicerón, posto que abrangue cultural e cronoloxicamente a Idade do Bronce e do Ferro fundamentalmente, no Noroeste peninsular, pero agora tamén temos outras pezas áureas de contextos galaico-romanos e visigodos así como outras de procedencia descoñecida, pero en todo caso claramente alóctonas coma o carneiro alado, polo que a sala 8 onde se expón a colección completa amósase baixo o título xenérico de sala de ourivería antiga.

Esta colección de ourivería antiga remata así un periplo interesante e azaroso que finaliza coa súa exposición pública no Museo Provincial de Lugo e con interesantes proxectos futuros de musealización, investigación e difusión.

Bibliografía

ACUÑA CASTROVIEJO, F. e SÁENZ-CHAS DÍAZ, B. (2009); "Ricardo Blanco-Cicerón, apunte biográfico" en *Olladas dunha época. Fotografías do fondo Blanco-Cicerón*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Museo do Pobo Galego, pp.14-23.

ACUÑA CASTROVIEJO, F. e CASAL GARCÍA, R. (2011); "La Exposición Regional Gallega de 1909: R. Blanco-Cicerón y la plástica galaico-romana" en *VII Reunión de escultura romana en Hispania. Preactas*. Santiago de Compostela e Lugo 4-6 xullo 2011. Universidade de Santiago de Compostela, pp.127-130.

ACUÑA CASTROVIEJO, F. (2013); *O coleccionismo en Galicia entre finais do século XIX e principios do XX: Ricardo Blanco-Cicerón e o seu legado*. Discurso de ingreso na Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario. 30 de novembro de 2013. MPG. Santiago de Compostela.

ACUÑA CASTROVIEJO, F. e CASAL GARCÍA, R. (2014); "Noticias de arqueología en el Fondo del coleccionista R. Blanco-Cicerón (siglos XIX-XX)" comunicación en *IV Congreso Internacional de Historia de la Arqueología. III Jornadas de Historiografía SEHA – MAN*. Madrid: Museo Arqueológico Nacional 11-13 diciembre de 2014.

BALSA DE LA VEGA, R. (1912); *Orfebrería gallega*. Madrid: Fototipia de Hauser y Menet.

BALSEIRO GARCÍA, A. (1994); *El oro prerromano en la provincia de Lugo*. Lugo: Deputación Provincial.

(2013); *O torques de Burela. A xoia do noso patrimonio*. Concello de Burela, Deputación Provincial de Lugo.

(2015); "Un home e unha colección: o conxunto de ourivería antiga de Álvaro Gil Varela". Revista dixital *Lugo cultura dixital* nº 0. Lugo: Deputación Provincial, UNED.

BLANCO FREIJEIRO, A. (1957); "Origen y relaciones de la orfebrería castreña" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 12, Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 5-28, 137-157, 267-301.

CASTRO PÉREZ, L. (1992); *Los torques de los dioses y de los hombres*, A Coruña: Vía Láctea.

(1947) *Guía del Museo Provincial de Lugo*. Junta del Museo Provincial de Lugo.



Lugo: Imp. De la Diputación Provincial.

LADRA FERNÁNDEZ, X.L. (2005); "Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el noroeste peninsular" en: *Actas del Encuentro de Jóvenes Investigadores sobre Bronce Final y Hierro en la Península Ibérica*, Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 94-110.

LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1951); *Las joyas castreñas*. Madrid: Instituto Rodrigo Caro, CSIC.

(1974) *Lucus*. Boletín Informativo de la Excma. Diputación Provincial de Lugo. Núm 27. Lugo. 1974.

MEAKIN, A.M.B. (1909); *Galicia, the Switzerland of Spain*. London (hai tradución ao galego co título: Galicia inédita: Diario de viaxe de Annette Meakin. A Coruña: Tambre, 1994)

(2009); *Olladas dunha época. Fotografías do fondo Blanco-Cicerón*. Santiago. Xunta de Galicia. MPG.

PEINADO GÓMEZ, N. (1975); *Torques celtas en el Museo Provincial de Lugo*, Junta del Museo Provincial de Lugo núm.16.

PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1990); "Achega tipolóxica para o estudo dos toques áureos do NW" *Gallaecia* (Santiago de Compostela) 12: 139-151.

REBOREDO CANOSA, N. (2000); "Evolución tecnolóxica de la metalurgia del oro, desde el Calcolítico a la Edad del Hierro" en *Gallaecia* (Santiago de Compostela) 19: 73-92.

SERRANOTÉLLEZ, N. (1997); "O sector privado dende o ámbito do coleccionismo e a promoción das artes en Galicia: 1900-1990" en *Galicia 1900-1990: Ferrol*, 29 de maio-outubro 1997, Santiago: Consellería de Cultura e Comunicación social, 390-407.

TRAPERO PARDO, J. (1955) "Una joya de la orfebrería prehistórica lucense: el torques de Burela". en *Boletín de la Comisión provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 6, Lugo: Deputación Provincial, pp.55-59.

VÁZQUEZ SEIJAS, M. (1943); *Lugo en los tiempos prehistóricos*. Junta del Museo Provincial de Lugo núm. 3. Lugo: Deputación Provincial.

VILLA-AMIL Y CASTRO, J. (1892); *Catálogo de los objetos de Galicia*. Madrid: Est. Tipográfico "Sucesores de Rivadeneyra".

"(1873) *Antigüedades prehistóricas y célticas en Galicia*. Lugo.

"(1906) "Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos". BCMOr III, nº 53-57.



A ARRIERÍA E A COMERCIALIZACIÓN DO VIÑO DO RIBEIRO NA PARROQUIA DE SANTO TOMÉ DE QUIREZA A TRAVÉS DO CASO DE DIEGO RODRÍGUEZ (1699-1778)

Rita IGLESIAS BLANCO

*A vida dos arrieiros
é moi mala de levar;
á noitiña déitanse tarde,
pola mañá madrugar*

Cantiga popular

Cando no ano 1752 os encargados da recollida de información do Catastro de Ensenada na freguesía de San Tomé de Quireza rexistraban a Diego Rodríguez como *labrador arriero y traficante de vino* estábanse facendo eco dunha realidade moi común nalgunhas zonas de Galicia, como a Terra de Montes, onde era moi difícil ou case imposible poder vivir unicamente da agricultura sen dedicarse a un oficio complementario. Os máis destacados na súa arte na Terra de Montes eran os canteiros¹, oficio que deu sona á comarca en toda Galicia, pero non desmerecían en importancia outros oficios como o dos arrieiros, un tanto esquecidos e pouco recoñecidos. Sen embargo, a xulgar polos Memoriais do Viño do Hospital Real de Santiago², se non fose polos arrieiros da Terra de Montes e das xurisdicións veciñas pouco viño do Ribeiro de Avia tería atravesado a Porta de Mazarelos.

O caso de Diego Rodríguez que aquí imos expoñer é unha mostra a pequena escala do oficio dos arrieiros, imprescindible na comunicada Galicia do Antigo

1 Recoñecidos nome a nome por Antonio Rodríguez Fraiz na súa obra *Canteiros e Artistas de Terra de Montes e Ribeiras do Lérez. Pontevedra 1982*.

2 Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela (A.H.U.S.), *Hospital Real. Contas*, leg. 449, s.f.



Réxime. A propósito desta actividade dicía Lucas Labrada no ano 1804 falando sobre o transporte do viño do Ribeiro ás principais cidades e portos:

...la facilidad del transporte sobre ruedas, al mismo tiempo que proporcionará su salida en mayor cantidad, hará bajar notablemente los portes y desaparecerá aquel tráfico libertino a que muchos labradores se dedican transformándose en arrieros con pocas y malas caballerías; los cuales llamados otra vez á la agricultura por el mayor fomento que la debe dar la facilidad de extraer sus productos, abandonarán aquel ejercicio, sin que para ello se emplee otro medio coactivo, que el del interés individual...

Neste pequeno fragmento da *Descripción Económica del Reyno de Galicia* o autor parece recriminarlles ós labradores a súa dedicación complementaria como “transportistas”, cando en realidade ben merecido tiñan unha loanza por facerse cargo durante séculos de mover as mercadorías nunha Galicia na que as infraestruturas viarias apenas se modernizaran dende a Época Romana. En lugar de falar de “labradores transformados” como di Labrada, ben poderíamos cualificar ós arrieiros como a uns verdadeiros emprendedores que asumen o risco de dedicarse a un oficio no que teñen que efectuar longas e pesadas viaxes movendo mercadorías nas que ás veces invisten os poucos beneficios que produce a súa explotación agrícola, converténdose tamén en pequenos comerciantes denominados na época “traficantes” ou “tratantes”.

Non cabe dúbida de que Diego Rodríguez posuía certo espírito emprendedor xa que, aínda que a práctica da arriería estaba moi estendida na comarca, este ademais de transportar o viño investía na súa compra para comerciar con el dentro da parroquia. Isto supuxo que durante o segundo terzo do século XVIII fose unha persoa con certa relevancia na economía local, deixando tras de si un legado documental importante que nos posibilita hoxe reconstruír parte da súa historia e a do seu oficio³.

3 O interese polo caso de Diego Rodríguez xurde a partir da investigación realizada durante o traballo académico “*Articulación socio-familiar na Galicia de transición. Estudo dun caso particular: a Familia Piñeiro (S.XVII-XX)*”, no que se analizan os patróns sociais e demográficos dunha liñaxe familiar durante tres séculos. A familia estudada ten unhas pautas de reprodución social ben definidas porén, no século XVIII co emparellamento coa familia de Diego Rodríguez é cando xorden singularidades nos patróns de comportamento socio-demográfico. É a raíz deste feito que focalizo a miña atención na persoa de Diego Rodríguez que aparece presente en numerosos documentos notariais e do que ademais no Catastro de Ensenada se recolle a plenitude da súa unidade familiar e explotación agropecuaria. A metodoloxía utilizada para a elaboración deste artigo basease na análise do rastro documental de Diego Rodríguez a partir da bibliografía especializada sobre a arriería e tamén sobre a Terra de Montes en xeral, ademais da comparación do seu caso particular co contexto xeral da Parroquia de Santo Tomé de Quireza e as parroquias limítrofes a través do Catastro de Ensenada.



Contextualización da actividade arrieira na Terra de Montes

O arrieiro obxecto deste estudo era veciño da freguesía de Santo Tomé de Quireza⁴, concretamente do lugar de Laxoso onde naceu e morreu. Esta freguesía hoxe en día pertence ó concello de Cerdedo na Provincia de Pontevedra pero durante a Época Moderna estivo englobada na antiga provincia de Santiago baixo o señorío do arcebispado compostelán, e dentro da xurisdición de Montes xunto con outras vinte e dúas parroquias.



CAPELA DA VIRXE DA O EN LAXOSO⁵

A agricultura era a actividade económica básica na xurisdición de Terra Montes, pero co gran crecemento da poboación acaecido ó longo da Época Moderna, a propia insuficiencia da mesma fixo que o recurso a actividades complementarias aumentase⁶, dándose un incremento da gandería e dos oficios secundarios e terciarios. Así, a mediados do XVIII a Terra de Montes contaba cun gran índice de pluriactividade profesional xa que o 74,4 % dos fogares obtiñan ingresos extraagrícolas (Fernández Cortizo 2008: 329). Aínda que é no século XVIII cando se constata a importancia

4 Quireza sitúase na parte máis occidental de Terra de Montes, facendo estrema cos concellos de A Estrada e Campo Lameiro. Forma xunto coas parroquias veciñas de Sabucedo, Tomonde, Castro e Pedre unha entidade xeográfica e social denominada Val de Quireza. Esta entidade xeográfica vértébrase a través do río do mesmo nome, que nace en Sabucedo e se une ó Lérez na "Pontapedre" (Baliñas Fernández 2015).

5 Capela datada no século XVII na que María Rodríguez, irmá de Diego, tiña *una Santísima misa de fundación rezada en cada un año el día de Nuestra Señora de la Concepción en su octavario perpetuamente, determinando la limosna de ella en dos reales y medio de vellón sobre la heredad de Supresa que hipotecó por su seguridad... cuyo cumplimiento dexa a cargo de sus hermanos que lo son Diego Rodríguez y Jacinta Rodríguez y Joseph y Juan Alonso de Sabucedo... fundó otras dos misas rezadas perpetuas* (anotación no asento de defunción de María Rodríguez o 01/09/1748, Libro de Defuntos do Arquivo Parroquial de Santo Tomé de Quireza).

6 A insuficiencia agrícola débese á baixa proporción de terra cultivable nesta zona de media montaña e a unhas explotacións campesiñas moi pequenas e en progresiva parcelación (Fernández Cortizo 2002: 248).

dos oficios complementarios a raíz do seu aumento e a súa plasmación no Catastro de Ensenada, a meirande parte deles viñan dunha longa tradición dende a Idade Media⁷.

Dentro da propia xurisdición existía unha especialización por zonas e parroquias. Por unha parte predominaba a dedicación a actividades do sector secundario como a cantería e carpintería, que impulsaban unha corrente migratoria estacional, na zona sur da xurisdición. Mentres, no sector norte, eran máis comúns os oficios terciarios como a arriería e ó tráfico de cera. Así pois, segundo o Catastro de Ensenada eran as freguesías setentrionais de Acibeiro, Pereira e Forcarei as que tiñan a maior proporción de arrieiros en toda a xurisdición; as de Beariz, Cerdedo, Pedre e Presqueiras as que gañaban en canteiros; mentres que os carpinteiros se concentraban practicamente na freguesía de Quireza.

Aínda que máis presentes nunhas zonas que noutras, en case todas as parroquias de Terra de Montes había arrieiros. A presenza desta actividade na xurisdición viña dada por varios factores. Como factor estrutural estaba a insuficiencia agrícola que influía na proliferación de toda actividade complementaria á agricultura. En especial para a arriería dábanse tres factores nesta zona: a estratéxica situación xeográfica da Terra de Montes, situada nunha zona de transición xeográfica e a medio camiño entre a zona vitivinícola do Ribeiro e as cidades de Santiago e Pontevedra; a dispoñibilidade de animais de carga (elevada cabana gandeira), materias primas (carbón, cera e madeira) e mercancías para o tráfico (viño do Ribeiro e cereais dende o interior/ sal e pescado dende a costa); e a existencia de tradición arrieira dende época medieval (Fernández Cortizo 2008: 336).

De resultas do seu propio carácter complementario o oficio de arrieiro era unha actividade estacional que respectaba os ciclos agrícolas. Existían distintos tipos de arrieiros en función do produto transportado. Os máis numerosos na Terra de Montes eran os do viño e os do carbón, seguíndolle os arrieiros de froito e de sal en menor medida. Tendo en conta o produto transportado tamén existía unha especialización por parroquias, primando os arrieiros de carbón en Pereira e Acibeiro mentres que en Quireza case todos arreaban viño e sal⁸. Entre todos os arrieiros había unha xerarquización interna debido ós ingresos que lle reportaba a actividade. Á cabeza estaban os que transportaban viño xa que eran os que maiores ingresos obtiñan, tanto polo propio valor do produto como por ser os que posuían as recuas máis numerosas e con maior número de cabalerías mulares, que reportaban máis beneficios que as cabalares⁹ debido á súa maior capacidade de carga.

7 Este é un elemento esencial para a explicación da proliferación de certos oficios nesta zona xa que hai un "capital acumulado polos habitantes en forma de coñecementos técnicos especializados ou de contactos e coñecemento de rexións relativamente distantes que lles proporcionan vantaxes comparativas para exercer estas actividades" (Arteaga Rego e Fernández González 1998: 328).

8 Os arrieiros de viño e sal de Quireza transportaban o viño dende Ribadavia ata Santiago e vilas do litoral (Pontevedra, Redondela, etc.) nas que collen sal para o viaxe de retorno (Fernández Cortizo 2008: 345).

9 Os arrieiros de carbón utilizaban bestas únicamente, as denominadas no Catastro de Ensenada "hacas".



A casuística do tipo de tráfico que realizaban os arrieiros era variada. A función clásica era a de transportar por conta allea dun lugar a outro o que lle encomendaban tanto comerciantes como particulares. Non obstante, moitas das veces os arrieiros eran ó mesmo tempo comerciantes que investían na compra das propias mercadorías que transportaban, vendéndoas despois a outros comerciantes ou directamente eles ó por menor no seu lugar de orixe.

A proliferación deste oficio na Terra de Montes fixo que dende a época medieval os arrieiros foran sometidos a realizar transportes obrigatorios como carga señorial ou como servizo real polo que cobraban suxeitos a unha taxa. Deste xeito, o Mosteiro de Santa María de Aciveiro obrigaba ós veciños arrieiros desa freguesía a transportar ata ahí o viño que esta institución eclesiástica cultivaba nas súas granxas do Ribeiro. Igualmente dende o século XVI o Hospital Real de Santiago esixíalles ós arrieiros de toda a xurisdición de Montes, entre outras, que transportasen o viño que mercaba no Ribeiro pagándolles un salario máis baixo do acostumado. Véndose os arrieiros da xurisdición afogados por tales cargas, no ano 1742 o Procurador Xeral da Xurisdición de Montes pide unha rebaixa na cantidade de viño asignada polo Hospital Real xustificándose da seguinte maneira:

*Dha jurisdición antes de agora fue de las mas pobladas de arrieros de toda la provincia, carretavan todo el vino que se necesitaba para esta Real casa, el carbon para la maestranza de Pontevedra y otras cosas, pero despues, Por la fatalidad de los tiempos o por la pobreza de muchos se extinguieron quasi todas las recuas que avía, de suerte que ay muchas feligresias que no se hallarán en ellas una sola cavalleria y al tanto dixeron en seguir y usar este trafico los de la Jurisdicion de Caldeberazgo, Cotobat, Coto de Codeseda y coto del visso que son los que mantienen las mejores recuas según es vien savido y notorio en todo el arzobispado...*¹⁰

A intención dos de Montes era que o Hospital cargase nestas outras xurisdicións a cantidade de viño que a eles se lles rebaixara. A petición parece que foi atendida polo administrador do Hospital Real xa que nos anos consecutivos prodúcese unha diminución no número de moios asignado nos compartos de viño.

As xustificacións que aporta o autor do documento anterior dannos moita información sobre a arriería na Terra de Montes. Nelas amósase a importante tradición arrieira que tivo a comarca e que estaba indo a menos a favor das zonas veciñas¹¹, así como os destinos principais dos arrieiros da zona, a cidade de Santiago e a de Pontevedra. Mentres que o tráfico primordial cara a cidade de Compostela era o do viño, para a cidade de Pontevedra transportábase tanto viño do Ribeiro - para abas-

10 A.H.U.S., *Hospital Real. Contas*, leg. 449, s.f.

11 Esta nova realidade vese reflexada nas Respostas Xerais do Catastro de Ensenada para o Coto de Codeseda, onde tanto arrieiros como recuas de viño son moito máis numerosos. Este Couto de Codeseda, formado polas parroquias de Codeseda, Sabucedo e Liripio, delimitaba precisamente coa freguesía de Quireza e concretamente a de Sabucedo lindaba co lugar de Laxoso no que vivía Diego Rodríguez.



tecer a cidade e para exportar dende o porto- como carbón vexetal e tamén madeira para a confección de navíos e pipas polo menos ata finais do século XVI (Fernández Cortizo 2008:334 e Juega Puig 2013).

O transporte do viño do ribeiro

O transporte do viño dende o Ribeiro fíxose principalmente a lombos de mulas¹², aínda que na maioría das recuas de arrieiros tamén se integraba algunha besta. Estes animais cargábanse con odres ou pelellos feitos de pel de cabra recuberta de pez e nos cales se gardaba o viño. Cada pelello non tiña unha medida específica xa que dependía do tamaño do animal. No transporte e comercio de viño as principais medidas que se tomaban como referencia eran o moio (128 litros), o canado (32,7 litros) e a ola (15'96 litros). Para almacenar o viño utilizábanse cubas ou bocois¹³.

O camiño polo que se conducía o viño dende Ribadavía a Santiago de Compostela era o chamado camiño “vreeiro”, percorrido que se cre que puido ser utilizado xa dende a Época Romana. Este camiño atravesa en sentido sur- norte as comarcas do Ribeiro, Carballiño, Terra de Montes, Tabeirós e Santiago. Cruza os ríos Lárez, Umia e Ulla polas pontes de Parada (Ceredo), San Amaro (Forcarei) e Sarandón (A Estrada-Vedra) respectivamente.

Precisamente o percorrido intermedio dende o Ribeiro a Santiago coincide co seu paso pola Terra de Montes. Na xurisdición entra polo lugar de Alfonsín en Presqueiras para continuar por San Miguel e Morgade dentro do concello de Forcarei. Xa no concello de Ceredo pasa por Folgoso e Parada onde cruza o Lárez e segue ata Lama Ferrada no límite co concello de Forcarei de novo. En Lama Ferrada discorre ós pes da Torre de Alarma da Barciela na freguesía de Santa Mariña de Castrelo para continuar despois polos lugares de O Vieiro, Liñares, A Mámoa, Cima da Costa, As Baiucas e Quintillán. Dende o anterior segue pola freguesía de Meavía onde no lugar de A Rúa cruza o Umia pola Ponte de San Amaro seguindo cara o lugar de O Cruceiro. Xa fóra da Terra de Montes continúa pola comarca de Tabeirós pasando por Pardemarín, Olives, Curantes, Ancorados e Riobó ata chegar á Ponte Sarandón, onde cruza o Ulla e segue a Santiago (Rozados 2010: 112-113). A variante máis importante deste camiño era a que ía ata o Mosteiro de Aciveiro co fin de facer chegar ós monxes a colleita das súas granxas no Ribeiro.

A toponimia dalgúns lugares anteriormente nomeados como Parada, Vieiro, Cima da Costa, Meavía, A Rúa ou O Cruceiro confirma a importancia e a antigüidade desta vereas, substantivo do que procede a palabra “vreeiro”. Igualmente a toponimia ratifica a utilización do camiño polos arrieiros xa que no lugar de A

12 Ata ben entrado o século XIX os estreitos e dificultosos camiños non permitiron a utilización dos carros. Xa pasada a metade do S.XX, cando xa se utilizaban os camiións para ir a buscar o viño, había lugares como a pequena aldea de Fraguas ós que este seguía a chegar no lombo dunha mula que se cargaba no lugar das Casetas, onde estes camiións deixaban parte do viño e se almacenaba.

13 Cálculase que na zona un bocoio sería equivalente a 6 moios (Caxide Diéguez 2008:19), é dicir, tería unha capacidade de 768 litros.



Mámoa atopamos o manancial denominado Fonte dos Arrieiros (Cabeza Quiles 2013:112). Segundo algúns autores o “vreeiro” tería funcionado tamén como un camiño de peregrinación cara Compostela dende o norte de Portugal (Cabeza Quiles 2013, Rozados 2010).

Topónimos, partes de calzada, pontes romanas e medievais, unha torre de vixilancia e numerosas ermidas son os vestixios que aínda podemos atopar relacionados con este camiño e que amosan a transcendencia que tivo tanto para os habitantes de Terra de Montes como para os arrieiros e viaxeiros foráneos.

A outra vía importante pola que circulaba o viño, e que tamén atravesaba a xurisdición de Montes en sentido nordeste- sudoeste, era o camiño que unía Ourense con Pontevedra a través do Carballiño. O percorrido transcorría e transcorre por



PONTE DE PARADA NO CONCELLO DE CERCEDO


Soutelo de Montes e Cerdedo, lugares nos que cada mes se celebraban feiras moi concorridas froito do constante tránsito de comerciantes. Hoxe en día estas feiras continúan a celebrarse pero con escasa afluencia.

As peticións de melloras deste camiño producíranse constantemente dende mediados do século XVIII, solicitándose a construción dun camiño carreteiro dende o Ribeiro a Pontevedra (Eiras Roel 2008: 160). Estas peticións non serán solucionadas ata mediados do século XIX, cando no 1852 se leva a cabo a construción da estrada nº 541 que uniu Pontevedra con Ourense atravesando o Paraño (Caxide Diéguez 2008:21).

Diego Rodríguez labrador, arriero y traficante de vino

O arriero

O 6 de decembro do ano 1699 nace Diego no lugar de Laxoso, fillo de Juan Rodríguez e Jacinta Reigosa. Non temos máis información del ata vinte e oito anos despois cando aparece unha anotación sobre o seu matrimonio no Libro de Casados do Arquivo Parroquial de Santo Tomé de Quireza. A singularidade da mesma é unha peza clave para o comezo do estudo do seu oficio xa que non estamos a falar dunha partida matrimonial ó uso. Trátase dunha anotación con data do primeiro de



DOC. I -REGISTRO DE DIEGO NO PERSOAL DE LEGOS (FONTE: A. H. P.Po)

marzo do ano 1729 que rexistra que o seu casamento se levou a cabo o seis de xaneiro na Igrexa de Santa Susana de Santiago de Compostela, feito que sitúa a Diego nunha das cidades de destino dos arrieiros. Se a contraínte fose orixinaria da cidade o normal sería que o enlace se celebrase alí, porén, María Pascua García procedía da parroquia de San Salvador de Laro pertencente ó bispado de Lugo e á xurisdición de Trasdeza. Isto indícanos que posiblemente a muller de Diego fose de familia de arrieiros xa que na xurisdición de Trasdeza tamén abondaba este oficio e, ó igual que a de Montes, estaba sometida á obriga de transportar certa cantidade de viño dende o Ribeiro ata o Hospital Real de Santiago.

Precisamente a data na que se celebra o matrimonio concorda co período habitual no que os arrieiros sometidos ós servizos do Hospital Real debían de carrexar o viño ata Santiago, entre finais de decembro e principios de marzo, durante a época de camiños máis dificilmente transitables (Fernández Cortizo 2008: 335).

No ano 1752 a través do Catastro de Ensenada é cando obtemos a información máis explícita acerca da actividade de Diego como arrieiro. Como dixemos con anterioridade aparece rexistrado como labrador, arrieiro e traficante de viño. Pola actividade de arrieiro regulábanlle as utilidades en función dos animais de carga que posuía. Ó igual que ós outros quince arrieiros da parroquia, valorábanlle por cada cabalería mular 180 reais e 110 reais por cada cabalar¹⁴. Posto que Diego posuía catro mulas e unha besta o cálculo total de ingresos que lle resultaba da arriería eran 830 reais¹⁵.

No Couto de Codeseda, limítrofe coa nosa freguesía, os encargados de redactar o Catastro de Ensenada foron máis minuciosos explicando as utilidades que lle regulaban ós arrieiros de viño. Así pois, segundo o anterior todos os arrieiros das parroquias deste couto realizaban dezaseis viaxes ó Ribeiro de Avia e a cada moio

¹⁴ O gando mular, que daba utilidades maiores que o cabalar, era propiedade exclusiva dos arrieiros de viño (Fernández Cortizo 2008: 339).

¹⁵ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (A.H.P.Po.), *Catastro de Ensenada, Libro Real de Legos*, L-248, ff. 138-142.

transportado regulábanlle vinte reais de vellón¹⁶. Aínda que a Diego lle regulaban as utilidades en función do tipo de animal de carga, xa que as mulas podían cargar máis, se dividimos os 830 reais de utilidade que lle regulaban anualmente entre os vinte reais por moio que regulaban en Codeseda danos un total de 41'5 moios anuais. Os arrieiros de Codeseda que tiñan cinco cabalerías como Diego transportaban dous moios e medio en cada viaxe, o que supoñían uns 40 moios anuais. Isto coincide case perfectamente cos 41'5 moios que transportaría Diego anualmente.


Como resultado destas comparacións estimamos que Diego coa súa recua de catro mulas e unha besta podía transportar en dezaseis viaxes cada ano 5.312 litros de viño dende o Ribeiro de Avia. Isto serían uns 332 litros cada viaxe, podendo cargar cada mula con 72 litros e a besta con 44 litros de viño.

Para chegar coa súa recua ata o camiño “vreeiro” Diego debía ir ata o lugar de A Mámoa, o enlace máis próximo dende a súa casa, a uns cinco quilómetros de distancia.

A importancia que tiñan para Diego Rodríguez os camiños era evidente, por iso non é de estrañar que no ano 1767 encabece xunto con outros veciños un preito contra un canteiro que quería librarse de participar no arranxo dos mesmos¹⁷.

O tráfico de viño

No ano 1752 o Catastro de Ensenada contabilizaba tres traficantes de viño na parroquia de Quireza: Diego Rodríguez, Manuel Quibeo e Pedro Ruzo. Destes tan só Diego Rodríguez aparecía entre os dezaseis arrieiros rexistrados. Aínda que era habitual que os arrieiros compatibilizaran o porte e comercio do viño neste momen-



DOC. 2 - LISTA DE OFICIOS DO CATASTRO DE EÑSENADA (FONTE: A. H. P. Po)

¹⁶ Por exemplo: Estevan Picallo arriero, con seis caballerías hacen ocho meses del año diez y seis viaxes al Rivero de Avia y de cada uno de portte tres moios y medio y por cada moio de alquiler se le reguló veinte reales vellón (PARES: AGS_CERG/L242/jpg 222-236).

¹⁷ A.H.PPo., Protocolos notariais, leg. G. 1816 ff.14-15, Notario Pereira Villorado.

to en Quireza só atopamos a Diego efectuando ambas actividades polo menos de maneira oficial. As utilidades que lle aportaba a arrieiría eran un pouco maiores que o tráfico de viño, polo que lle regulaban 770 reais.

Ademais, o Catastro daba conta da existencia de dúas tabernas en Quireza que precisamente estaban arrendadas por Diego Rodríguez no prezo de 652 reais e dezasete maravedis de moeda de vellón¹⁸. Así pois, sinala Camilo Fernández Cortizo (2008: 346) que as tabernas como propiedade do común eran explotadas en réxime de arrendamento en prazos de duración de entre dous e catro anos. Efectivamente isto era o que sucedía na parroquia de Quireza, pois que Diego tiñese arrendadas as tabernas en agosto de 1752, data na que se redacta o Catastro, coincide perfectamente coa escritura de arrendo que fan os veciños de San Tomé de Quireza a favor de Diego Rodríguez o oito de decembro do ano 1750 no lugar de Os Castros¹⁹. Este documento subscríbena veciños dos diversos lugares da freguesía entre os cales atopamos a arrieiros e traficantes de viño. Os veciños comparecen encabezados polo administrador de rendas provinciais para arrendar os dereitos de sisa de viño, carne, aceites e belas xa que o arrendo anterior feito a Juan Ruza acabárase o día de San Miguel en setembro. A continuación os veciños facíanlle o novo arrendo a Diego Rodríguez a través do documento que di o seguinte:

... nuevamente arriendan y Dan en arrendamiento los expresados derechos de sisa de vino, carne, azeitte y Belas a Diego Rodriguez Vezino del referido lugar de Laxiosso para que por el espacio de dos años consecutivos que comienzan a correr desde oy en adelante asta su fenezimiento Pueda vender y administrar estos generos vino por mayor y menor, en los terminos de esta dicha feligresia de Quireza cuyo Arriendo le hazen con las condiciones siguientes: Prívanse dichos otorgantes y mas por quienes hazen de Vender por mayor y menor Durante los expresados dos años, Vino, ni otros generos de los referidos, sino que ttan solamente lo ha de ejecutar, el nominado Diego y los que tubieren encubadas de Vino tanpoco lo han de poder ni pueden vender, sino es que sea por mayor, dedos Moyos Juntos arriva y no de otra manera, empezando siempre en este mismo numero, pena de su perdimiento y mas daños que ocasionasen= que dichos encubadores no puedan entrar vino en Caballerias en estta referida feligresia ni de otra forma mas y caso lo agan sea con aviso que preze da emprimer lugar dado a dicho Diego a fin de que este sepa la Cantidad del vino porquenolo Vendan aoculto por menor emperjuicio de dichos derechos... dichos otorgantes ymas vezinos por quien hazen cadaunoparasu Consumo puedan yr a comprar Vino a donde les pareciere fuera de esta feligresia por mayor y menor, sin que dicho Diego como ttal arendattario se lo pueda perturbar; yasimesmo con condicion que si el expresado Diego no pusiere carne ni diese abasto de ella en los dichos dos años de este arriendo alos Vezinos de esta feligresia lo pueda hazer qualquiera vezino deella,


18 A.H.PPo., Catastro de Ensenada, Libro Real de Legos, L-248.

19 A.H.PPo. Protocolos notariais, leg. G. 1815(6), fol. 24, Notario Pereira Villorado.



sinporello yn Currir empena alguna, ni por esta razon pagar derechos algunos alcitado Diego sino, quela vendan libremente... con condicion que el referido Diego se ha de ansttener de vender pormenor el dia de la Cofradia del Santtissimo Sacramento que se zelebra Cadaaño en estta feligresia y en su bispera y solamente en esttos dias lo ha de poder ejecuttar el Mayordomo que fuere de dicha cofradia a su Arbitrio; y tanvien con condicion que dicho Diego por la expresada razon ha de pagar en cadaun ano delos referidos los dichos seisientos cinquenta y un reales y Dozemil de vellon del referido encavezado pagos en los tercios que se acostumbran al deposittario General de esta Jurisdiccion de Monttes para que este lo aga donde corresponde...

Con este arrendo dos dereitos de sisa Diego conseguía o monopolio do tráfico de viño ó por menor na freguesía de Quireza durante dous anos, sendo el o encargado de abastecer ás dúas tabernas existentes e o único que podía vender dentro da parroquia cantidades de menos de dous moios de viño, o que equivale a uns 256 litros, exceptuando o día da festa do Santísimo na que se encargaría o mordomo da confraría.



DOC. 3 - TABERNAS DA FREGUESÍA DE QUIREZA NO CATASTRO (FONTE: A. H. P. Po.)

Como había arrieiros e traficantes que almacenaban viño dentro da freguesía, neste documento establece a condición de que estes non o poidan gardar sen darlle aviso a Diego sobre as cantidades para que este controle que non o vendan oculto.

Aínda que Diego tiña arrendado o dereito de dar subministro nas tabernas el non era o taberneiro. Diso encargábase Benita Bazquez a quen o Catastro lle regulaba unha utilidade de 240 reais.

De novo, se facemos unha comparación co Coto de Codeseda podemos saber que cantidade de viño daba abasto nun ano Diego. Tendo en conta que ós “siseros” de Codeseda lle regulaban de utilidade dezaseis reais de vellón por moio, ós taberneiros cinco reais por cada moio e que a Diego e á taberneira Benita lle regulaban respectivamente 770 e 240 reais, podemos concluír que Diego abastecía con 48 moios (6.144 litros) ó ano ás dúas tabernas.

Se Diego como arrieiro transportaba dende o Ribeiro uns 41 moios anualmente tería que mercarlles a outros traficantes o resto do viño que necesitaba para abastecer as tabernas, como por exemplo a Juan Ruzo. Tamén cabe a posibilidade de que Diego usara trucos como rebaixar o viño con auga, práctica estendida ata a actualidade²⁰.

Aínda que boa parte dos portes de viño que facían os arrieiros ían con destino a Santiago e Pontevedra, había un tráfico importante con destino ás tabernas da zona, ademais das feiras, festas e romarías (González Lopo 2008:366). Diego durante estes dous anos autoabasteceríase pero no período anterior de arrendamento, no que era Juan Ruzo dono do monopolio do tráfico ó por menor, entendemos que a súa actividade se centraba en transportar viño fora da parroquia. Aínda así debía seguir sendo un tráfico no que el invertía diñeiro a xulgar pola súa aparición no ano 1748 nunha operación de préstamo que as institucións eclesiásticas denominaban sutilmente “venta de censo”.

Deste xeito, no ano 1748 Diego Rodríguez faille unha venda de censo ó cura reitor da freguesía de Quireza, M. Francisco de la Peña²¹. Esta consistía na venda de 500 reais de censo (do caudal pertencente á capela da Nosa Señora da Ó de Laxoso) con réditos de 15 reais de vellón cada ano. É dicir, o cura da parroquia facíalle un préstamo de 500 reais a Diego polo que este tiña que pagar un interese do 3% cada ano *mientras no se redimiere* hipotecando o terreo de Os Leiros como aval. No mesmo ano, pouco despois de pedir este préstamo, Diego tamén vende o terreo sito no lugar de Piñeiro denominado Mámoa²², polo que podemos deducir que se trata dunha época na que o arrieiro precisa facerse con diñeiro líquido para poder investir na compra de viño²³. Dezaioito anos despois Diego saldará as contas co reitorado da parroquia, o que podemos ver nunha escritura de redención de censo do dous de xaneiro do ano 1766 que foi *otorgada por Don Pedro Ruzo cura de Quireza a Diego Rodríguez, referida a la venta anterior a Francisco de La Peña y hipoteca*²⁴. Neste documento oficialízase a devolución que fai Diego de 500 reais ó cura, mentres que este entrega unha carta de *Pago, finiquito y redención de dicho censo en favor de Diego Rodríguez y sus herederos*.

Así pois, a implicación no mercado do crédito local por parte de Diego Rodríguez é unha consecuencia do feito de que a maior parte das veces a actividade da arriería compatibilizaba o porte por encargo co transporte e comercialización por conta e risco dos propios arrieiros, que facía a estes pedir préstamos ós notables locais para a compra do viño (Fernández Cortizo 2008:340).

20 Nalgunhas tabernas da zona utilizábanse estas artimañas ata hai ben pouco. É coñecido o caso dunha na que os veciños se apuraban en ir mercar o viño xusto despois de que chegara o camión do Ribeiro xa que se comentaba que cando os pipotes ían baixando o taberneiro ía reenchendo con auga.

21 A.H.PPo., *Protocolos notariais*, leg. G. 1815 (4), fol. 13, Notario Pereira Villorado.

22 A.H.PPo., *Protocolos notariais*, leg. G. 1815 (4), fol. 29, Notario Pereira Villorado.

23 Pola contra dos “meros transportistas”, os arrieiros investían capital na adquisición dos produtos, ademais de conducir as mercadorías do lugar de produción ó punto de venda. (Arteaga Rego e Fernández González 1998: 319).

24 A.H.PPo. *Protocolos notariais*, leg. G. 1816 (8), fol. 2, Notario Pereira Villorado.



A “Casa”

Diego pasou boa parte da súa vida nos camiños e nas tabernas pero ante todo era labrador e os beneficios que lle puidera reportar este oficio tiñan o fin de mellorar a súa casa e á súa familia, que precisamente non foi pequena.

Nos anos consecutivos ó matrimonio nacen os seus fillos: Juan Antonio (1730), M^a Ignacia (1732) +, Dominga (1734), Francisca Antonia Josefa (1737), M^a Ignacia (1739), Jacinta (1742), María Rosalía (1745). De sete fillos nados sobreviviron seis deles, indicando unha baixa taxa de mortalidade infantil neste grupo familiar quizais por tratarse, como en xeral nas familias de arrieiros, dos mellor situados economicamente²⁵.

No ano 1752 a través do Catastro de Ensenada temos unha fotografía moi completa do que sería a casa de Diego Rodríguez, cos seus membros e todas as súas propiedades. No Persoal de Legos vemos que a unidade familiar de Diego Rodríguez, *labrador arriero y traficante de vino* de 50 anos de idade e casado, está composta polo seus fillo Juan e cinco fillas menores, e obviamente pola súa señora María Pascua García, implícita no adxectivo de casado²⁶.

Co Real de Legos²⁷ podemos reconstruír a súa explotación agropecuaria que está composta por unha casa alta (de 11 por 11'5 varas) na que vive en Laxoso e 32 pezas de terra de cultivo que suman un total de 36 ferrados (2'5 ha.). Ademais conta cunha cabana gandeira de 76 reses: cinco son de vacún (dous bois, dúas vacas e unha cría), corenta de ovino (trece carneiros e vinte e sete ovellas), vinte de caprino (catorce cabras e seis castróns), seis de porcino e un de equino e catro mulares destinadas para a carga. A explotación contaba ademais con once colmeas, polo que é moi probable que tamén se dedicara secundariamente á venda de cera. A parte da casa na que vivía a familia tiña outra en Fondós (Quireza) de 3x3 varas e taxada en 2 reais de aluguer. Tamén tiña carballos distribuídos en diferentes lugares e vinte horas semanais para moer no muíño de Castrobó.

Pero non todo sumaba, no Catastro tamén se rexistraba o que debía de pagar anualmente ós señores ou á Igrexa: de foro a Joseph Moscoso de Santiago un ferrado e sete concas de pan medeado e un real e dezaseis marabedís por razón de capón e carneiro; á capela de Nosa Señora da Ô tiña que darlle 3 concas de pan medeado e os quince reais de réditos da venda de censo que vimos antes; polo voto de Santiago debía pagarlle á dignidade arcebispa catros concas de centeo.

Como todo labrador Diego non deixou de investir na compra de terras para agrandar o patrimonio da casa co fin de deixar o mellor situados posible ós seus descendentes. Deste xeito, durante o ano 1751 atopámolo de protagonista en dúas compra-vendas. Así, o 18 de abril merca a J. Monteagudo e á súa muller Bernarda

25 Fernández Cortizo (2008:339) conclúe que dentro do campesinado de Terra de Montes os grupos familiares dos campeiños con dedicación á arriería son os mellor posicionados economicamente.

26 A.H.PPo. *Catastro de Ensenada, Libro Personal de Legos*, C-623 A/3, fol. 5.

27 A.H.PPo. *Catastro de Ensenada, Libro Real de Legos*, L-248, ff. 138-142.




Quibeo a herdanza no lugar de Laxoso que lle pertence a esta polos seus pais Amaro Quibeo e Theodora Piñeiro, por un prezo de 54 ducados e 6 reais²⁸. Un mes despois vende a Benito Villar unha veiga situada en Figueroa, un pobo próximo pertencente á parroquia do mesmo nome, polo prezo de 70 ducados de vellón²⁹. Estas transaccións levadas a cabo polo arrieiro parecen indicar que a súa estratexia é facerse con patrimonio preto da casa mentres que vende o que posúe máis lonxe.

En resumo, a dedicación á arriería e tráfico de viño influíu en que tanto o grupo familiar como a explotación agropecuaria de Diego tivesen unhas características un pouco diferentes ás dos seus veciños non arrieiros, con maior número de membros, de hectáreas de cultivo e de cabezas de gando³⁰. Tamén chama a atención o seu matrimonio no que, como vimos anteriormente, non se produce a endogamia e a consanguinidade habituais da zona debido ás súas relacións profesionais con foráneos da parroquia.

O legado de Diego Rodríguez

O último e un dos máis importantes documentos que xerou Diego Rodríguez foi o seu testamento, o cal facía xunto coa súa muller María Pascua García en Piñeiro a 25 de Marzo de 1776³¹. Mentres que Diego firmaba por si mesmo, a rogo da súa muller facíao como testemuña *Miguel Fernández Meín abogado de la Real Audiencia de este Reino*, residente en Piñeiro. Os albaceas do testamento eran respectivamente cada un dos cónxuxes, o un do outro, costume moi frecuente.

En primeiro lugar, no que atinxe ás honras fúnebres, o matrimonio deixaba estipulado que ambos serían enterrados con hábitos de San Francisco na primeira fileira



DOC. 4 - A SÚA SINATURA NO TESTAMENTO (FONTE: A. H. P. Po.)

de sepulturas e se non houbera sitio na segunda. Isto faríase en sepulturas de doce reais, nunha cerimonia asistida por dez curas, con duascenas misas rezadas por cada un e 8 sacerdotes no aniversario.

28 A.H.PPo., *Protocolos notariais*, leg. G.1815 (7), fol. 18, Notario Pereira Villorado.

29 A.H.PPo., *Protocolos notariais*, leg. G. 1815(7), fol. 21, Notario Pereira Villorado.

30 Diego supera un pouco as medias de hectáreas, reses e de membros da familia que da Fernández Cortizo (2008:338) para a parroquia de Quireza.

31 A.H.PPo. *Protocolos notariais*, leg. G. 1845, ff 17-18, Notario Joseph Sieiro de Santa Eulalia de Castro.

En canto ós herdeiros vemos como principal beneficiado ó seu único fillo e primoxénito Juan, o cal recibe a casa e bens, non obstante, catro das súas cinco fillas tamén son melloradas. Así a Dominga, Francisca, Jacinta e Rosalía, a parte das súas lexítimas, correspóndenlles as pezas de terra de Pereiriñas, Silveira, Brañiña e Peza Grande do Val e o que xa teñan recibido. En concreto a Rosalía mellórana dobremente, quizais por ser a filla máis pequena e posiblemente solteira, dándolle tamén *una baca y su cría y las ovejas lanares que le correspondieron enteramente*. Finalmente, estipulaban que *los bienes movientes como son vacas y ovejas y la heredad Estivada lo dividan entre todos a partes iguales*, coa condición de que mentres vivan eles non se poidan partir nin dividir os bens.

O máis importante deste testamento é que ó seu fillo Juan, ademais de deixalo mellorado coa casa familiar, léganlle *la requa de carretar vino con sus pertrechos* polo que neste documento non só vemos a transmisión do patrimonio material senón tamén a transmisión familiar do oficio de arrieiro. Aínda que a recua e os seus aparellos eran imprescindibles para ser arrieiro, o saber facer e os coñecementos que Diego lle puido transmitir ó seu fillo aínda eran máis importantes porque non se podían mercar.

Dous anos despois da redacción deste testamento falece Diego Rodríguez Reigosa. Non vemos cumprida a súa vontade xa que é inhumado nunha sepultura de 6 reais e recibe 100 misas rezadas, a metade do que deixara estipulado nas súas últimas vontades.

Conclusiones

A análise do caso de Diego Rodríguez ratifica as características establecidas para os arrieiros da Terra de Montes e de xurisdicións próximas durante a Época Moderna.

En primeiro lugar, o seu casamento en Santiago de Compostela no mes de xaneiro concorda co destino predominante nos percorridos dos arrieiros do viño e coas datas nas que o Hospital Real concorre ós arrieiros da zona. Polo que con seguridade podemos establecer que se dedicara ó arreo de viño dende o Ribeiro de Avia con destino a Santiago a través do camiño “vreiro”.

Constátanse as maiores utilidades da arriería do viño tendo en conta o tipo de animal de carga que se adoitaba usar, así como a importancia da mesma nesta zona da xurisdición, máis en consonancia coas freguesías veciñas do Couto de Codeseda. Así pois, como arrieiro de viño, Diego Rodríguez era un dos labradores mellor situados economicamente na súa parroquia xa que a súa explotación contaba cunha media de reses e de terra de cultivo maiores que a dos seus veciños. Tamén o número de fillos era maior que a media, resultado dunha situación económica máis desafogada e dunha explotación na que se precisaban máis brazos.

Ademais de dedicarse ó transporte de viño compatibilizou este co comercio e o tráfico do mesmo, investindo diñeiro nas mercadorías que el mesmo transportaba como acostumaban a facer boa parte dos arrieiros. Así constatamos que durante algún tempo tivo



en arrendo as tabernas da parroquia polas que pagaba os dereitos de sisa, conseguindo deste xeito o monopolio da venda de viño ó por menor durante polo menos dous anos. Froito das transaccións comerciais que debía levar a cabo e para as cales precisaba diñeiro en efectivo aparece presente en diversas operacións de préstamo e do mercado da terra.

Socialmente afirmase a importancia dos arrieiros dentro da comunidade vendo como Diego aparece encabezando ós seus veciños en preitos e pola súa relación cos notables locais (avogado da Real Audiencia e párrocos) mediante a análise das testemuñas en diversa documentación. Dentro do propio seo de arrieiros vense unhas relacións máis íntimas a través de matrimonios que parecen responder a patróns socio-profesionais, como o del mesmo ou o dalgunha das súas fillas.

Finalmente, co testamento no que lega ó seu fillo a recua cos seus aparellos corrobórase a tese de que a arriería é un oficio de transmisión familiar.

Tendo en conta o anterior chegarase á conclusión de que o caso de Diego Rodríguez non achega novidades sobre o tema da arriería galega, senón que referencia todo o xa descrito por outros autores. Porén, tampouco era iso o que se pretendía xa que este estudo soamente quere servir de exemplo, poñendo nome e apelidos a un dos moitos protagonistas da Historia de Galicia. Porque, máis alá da historia dos grandes persoeiros e as súas fazañas, é na historia do particular e das pequenas cousas, como unha cunca de viño, onde realmente atoparemos a esencia do noso pobo.

Fontes documentais

Doc. 1

Personal de Legos de la feligresía San Thomé de Quireza. Concello de Cercedo.
Papel. Tinta negra. 30x21 cm. Regular.
Fondo: Hacienda de Pontevedra-Catastro do Marqués da Ensenada.
Ca. 623A (3).

Doc. 2

Lista de los oficios... Interrogatorio de las feligresías de la Jurisdicción de Montes.
Papel. Tinta negra. 33x22 cm. Restaurado.
Fondo: Hacienda de Pontevedra-Catastro do Marqués da Ensenada.
Ca. 548 (2), fol. 33.

Doc. 3

Interrogatorio de las feligresías de la Jurisdicción de Montes.
Papel. Tinta negra. 33x22 cm. Restaurado.
Fondo: Hacienda de Pontevedra-Catastro do Marqués da Ensenada.
Ca. 548 (2).



Doc. 4

Testamento de Diego Rez. y su muger. 25 de marzo del 1776. Escritura outorgada ante Josef Sieyro, escribán da Súa Maxestade, de Santa Eulalia de Castro, da Xurisdición de Montes.

Papel, tinta negra, 31x22cm. Bo estado.

Fondo: Fe Pública-Protocolos Notariais.

Ca. 1845 (2), folios 17-18.

Arquivo Parroquial de Santo Tomé de Quireza. Libros de Bautizados, Libros de Casados e Libros de Defuntos.

Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela: Fondos do Hospital Real.

Portal de Archivos Españoles (PARES): Catastro de Ensenada, Respuestas Generales, Coto de Codeseda [Enliña] <<http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController?accion=4&opcionV=3&orden=0&loc=6179&pageNum=1>>

Fontes bibliográficas

ARTEAGA REGO, Aurora e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Angel (1998) "Labradores, gandeiros, artesáns e traficantes. Unha aproximación ás actividades productivas da poboación rural en Galicia, 1750-1900" en TORRES, M.P. et al. (coords.) *Espacios rurales e sociedades campesiñas*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 307-341.

BALIÑAS FERNÁNDEZ, Carlos Amable (coord.) (2015) *O Val de Quireza. Un recanto da provincia de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

CABEZA QUILES, Fernando (2013) "Meavía, A Estrada e outros topónimos xacobeos de Tabeirós-Terra de Montes". A *Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 16: 107-126.

CAXIDE DIÉGUEZ, Luís Manuel (2008) "Os derradeiros arrieiros de Tabeirós-Terra de Montes". A *Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 11: 13-65.

EIRAS ROEL, Antonio (2008) "El comercio de Galicia y con Galicia en la economía mundial del siglo XVIII. Para un estado de la cuestión". *Obradoiro de Historia Moderna*, Nº 17, Santiago de Compostela, pp. 155-178.

FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo (2002) "La Tierra de Montes en la Época Moderna. Permanencias y cambios en una sociedad rural del Antiguo Régimen". *Obradoiro de Historia Moderna, Santiago de Compostela*, Nº 11, pp. 247-288.

FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo (2008) "Arrieiros y traficantes en la Galicia rural de la Época Moderna". *Obradoiro de Historia Moderna, Santiago de Compostela*, 17: 325-352.

GONZÁLEZ LOPO, D.L. (2008) "La arriería en el comercio de la Galicia suroccidental según el Catastro de Ensenada". *Obradoiro de Historia Moderna, Santiago de*



Compostela, 17: 353-372.

LABRADA, José Lucas (1804) *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Ferrol.

JUEGA PUIG, Juan (2013) "El comercio del vino en Pontevedra y Galicia" en *Faro de Vigo* (01/04/2013), [En liña] Consulta 30/08/2015 <<http://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2013/04/01/comercio-vino-pontevedra-galicia/783196.html> >

ROZADOS, Francisco (2010) "O **Vreeiro** por Terra de Montes e Tabeirós. Comercio e peregrinaxe" A *Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. 13: 157-170.



ACHEGAS EPISTEMOLÓXICAS E DIDÁCTICAS DAS FOTOS FAMILIARES NA INVESTIGACIÓN SOBRE AS SOCIEDADES CONTEMPORÁNEAS: PROPOSTAS DENDE A ANÁLISE DA EMIGRACIÓN EN GALICIA.

Raúl SOUTELO VÁZQUEZ

Doutor en Historia pola Universidade de Vigo

A técnica fotográfica democratizou a Arte contemporánea facendo accesibles os retratos aos petos das persoas e familias dos sectores populares que mercaban ese produto para envialo como unha remesa que expresase afecto por enriba do tempo e das distancias que os afastaban. Esa crecente demanda social de fotos explica a abundancia de fotógrafos ambulantes e a rápida expansión dos obradoiros de fotografía, sobre todo en rexións con forte éxodo laboral a América, como aconteceu na macrorrexión migratoria atlántica dende finais do século XIX. O pintor Carlos Maside (1951: XXX) non esaxerou cando afirmou que a fotografía se convertera na arte “preferida polos nosos campesiños para os seus retratos, individuais ou colectivos, destinados ao fillo ou ao marido ausente, para conmemorar os acontecementos familiares ou para decorar coas imaxes afectivas as paredes do fogar”. Estas foron, certamente, as principais funcións das fotos para as familias que as enviaron e recibiron.

Os pioneiros desa actividade profesional ambulante chegaban aos pobos e vilas nos días de feira ofrecendo un produto que tiña unha calidade técnica moi inferior a das fotos que recibían dende América (Da Orden, 2004: 9 e 14). Mais eles retrataron a *súa xente* co fondo respecto que transmite a obra dos “grandes” fotógrafos profesionais galegos¹. Agora esas fotos manteñen viva a lembranza das persoas retratadas na memoria dos seus familiares e axudan a pescudar as traxectorias vitais

¹ José Suárez, Ramón Caamaño, Manuel Ferrol ou Virxilio Vieitez traballaron moi influídos a nivel temático e estético polo proxecto *The Family of Man* e fixérono nun país marcado polo éxodo laboral a América e a Europa Occidental (Sendón, 1998b e 2000; Suárez Canal, 1998 e 2000). Por iso a súa obra ten un enorme interese etnográfico e para a historia social de Galicia.



daqueles pola súa representatividade dos millóns de emigrantes que *fixeron as Américas* co seu traballo. Forman parte do patrimonio cultural e da identidade colectiva dos pobos europeos que participaron nas migracións masivas do século XX e son, en si mesmas, a memoria das familias que lembran aos seus devanceiros a través delas. No caso de Galicia, diversos estudosos veñen recuperando a obra dos fotógrafos da primeira metade da centuria pasada. Demostraron que os pioneiros xa alternaban os traballos no exterior cos encargos no estudio, pois neste realizaban montaxes fotográficas nas que unían ás familias separadas pola morte dalgún dos seus membros e, sobre todo, pola emigración².

A funcionalidade e os temas das cartas e fotos conservadas polas familias con emigrantes

As fotos formaron parte da relación epistolar que permitiu que as familias con emigrantes conservasen e recreasen os vencellos afectivos e simbólicos que reforzaron a súa cohesión identitaria e cumpriron funcións prácticas ben sinaladas nos estudos especializados (Baily e Ramella 1988: 83 e 88; Da Orden 2004: 24). Por iso a produción fotográfica desempeñou un papel estratéxico na unión afectiva das familias con emigrantes. Inicialmente, funcionou como unha icona substitutoria dos ausentes, mantendo viva a relación afectiva entre eles e a casa en rexións de forte emigración como Asturias ou Galicia. As fotos amosaban, inequivocamente, a evolución física das persoas ausentes e o seu estado de saúde, mentres que as cartas podían disimular as doenzas dos emisores ou doutros membros da rede relacional³. Co paso do tempo, as fotos convertéronse no instrumento para establecer unha memoria oficial da familia. Un pasado sentimental compartido era, moitas veces, o único patrimonio dalgúns familias e as fotos organizaban esa memoria que funde a identidade individual e a colectiva nun tempo narrativo familiar (Rubalcaba 2012: 73).

A fotografía vencellouse estreitamente co ámbito doméstico case dende os seus inicios, producindo imaxes da esfera privada que recollían feitos agradables e ritos de continuación familiar como os bautizos ou as vodas. Mais a finalidade da fotografía familiar non era documental senón sentimental, pois pretendía converter, en transcendentales as emocións de cada momento desas celebracións familiares coa intención de exaltar o seu valor nese presente e na lembranza que crearían dese momento. A fotografía constitúese, deste xeito, noutro medio de representación e de

2 Estas temáticas son frecuentes na obra dos pioneiros da fotografía en Galicia: Ksado e Pascual Rey que inmortalizaron o crecemento dos asteleiros de Vigo e Ferrol; Sarabia e Pacheco fixeron o mesmo coas industrias conserveiras viguesas; Pintos e Barreiro que traballaron en Pontevedra; Chicharro, Guerra e Almeida en Santiago de Compostela; Schreck e Villar en Ourense; Ferrer, Blanco, Samaniego, Buch e Portela na Coruña; Bernardino Rodríguez en Ferrol e Lamela e C. Rodríguez en Lugo (Sendón, 1998).

3 A correspondencia do emigrante cántabro Ezequiel Jado contén parágrafos que ilustran ese valor de certificado de saúde que tiñan, neste caso, as fotos recibidas do seu pai: [Habana, 15 de novembro de 1878.] ... Recibí su retrato por el cual veo que está usted un poco más delgado aunque algunos individuos que llegaron de esa [...] Me dicen que lo sacaron un poco más delgado de lo que está" (cit in Rubalcaba, 2012: 75).



reproducción simbólica da familia (Slater 1997). A elaboración dun álbum familiar era unha operación na memoria, conservando imaxes do pasado, mais, sobre todo, unha construción organizada de recordos para o futuro. Ditos álbumes recollen os resultados da fabricación doméstica de imaxes significativas que rexistran a crónica oficial do modo de vida dunha familia nunha época determinada e cuns modelos sociais propios. Son o froito dunha práctica social que desvela as representacións simbólicas que constrúe a familia co desexo de transmitilas ás xeracións máis novas (Jonas 1996: 105), ofrecendo informacións variadas sobre ámbitos da privacidade que non reflicten outras fontes.

A petición de fotos e a confirmación do seu envío ou da recepción é un tema presente na relación epistolar de familias con emigrantes en toda a macrorrexión migratoria atlántica. Sirvan como exemplo as cartas remitidas por dous cántabros, Ezequiel Jado, residente na Habana, que escribe ao seu pai entre 1873 e 1882, e Francisco Bedoya a súa namorada Mercedes San Honorio en 1950. En sucesivas epístolas, o dito Ezequiel Jado pide o retrato paterno, menciona que envía o del para Joaquina e pregunta se este xa chegou ou se recibirá aquel pronto⁴. A petición de fotos ou a confirmación do seu envío repítese en varias das cartas remitidas por Francisco Bedoya dende a cadea na que estaba recluído por motivos políticos, á súa namorada Mercedes San Honorio, que fora enviada polos pais á Arxentina para afastala del e do pequeno Ismael, o fillo que tiveran ambos (Ramírez Cañil, 2008: 223, 225, 228 e 295-296):

[Santander, 28 de enero de 1950] ... He recibido tu carta ayer... veo que no se ha perdido la otra que llevaba una foto mía, me gusta mucho que la hayas recibido... la mirarás alguna vez y te recordarás de mi todos los días.

“[Santander, 13 de febrero de 1950] ... Empezaré diciéndote que no he recibido la carta que dices de la foto, lo cual he sentido bastante, pues no veas las ganas que tengo de ver otra foto tuya. Cuando me mandes alguna foto, procura certificar la carta, para que de esa forma no se extravíe”.

“[Santander, 9 de abril de 1950] ... Te mandaré una foto en la que estoy bastante bien, pero la tengo dedicada para mi hermana Teresina, así que hasta la próxima no te mando una. Es de cuerpo entero y de tamaño postal... Te mando una foto de Ismaelín de las muchas que tengo. El camión que tiene es el que le mandé por Navidad, ya ves que no está sin juguetes”.

“[Santander, 8 de mayo de 1950] ... He recibido tu carta y foto... Me ha gustado mucho pues deseaba tener una de cuerpo entero... Te encuentro muy guapina y muy gorda ... Para la próxima carta seguramente te mandaré una foto mía si salgo

4 Mereceu, finalmente, a seguinte resposta do seu pai Pedro: “[Santoña, 17 de decembro de 1879] A mi estimado y querido hijo Ezequiel: [...] Joaquina recibió oportunamente tu retrato, en cuya contemplacion nos entretenemos todos, dice que no te acusó el recibo, esperando a que un fotógrafo en embrión que hay en este pueblo perfeccione sus estudios hasta sacarla con todo primor; y entonces al remitir su imagen te agradecerá la tuya” (Rubalcaba, 2012: 74-75).



bien y tu no dejes de mandarme esa que dices que me vas a mandar”.

A recepción desas imaxes propiciaba a reflexión sobre o inexorable paso do tempo, a perda das relacións preemigratorias e as semellanzas físicas entre as sucesivas xeracións das familias. Temos bos exemplos en moitas das 250 cartas que enviaron Eduardo, José e Vicente Naveiras, dende Bos Aires e Montevideo, aos seus irmáns Emilio e María e para o fillo desta que vivían na casa familiar de Ferreira de San Sadurnño (A Coruña):

“[...] Te doy las gracias por los retratos que me mandastes [...] no conozco a nadie unicamente a vos y a Gato”.

“[Mayo 9 de 1921] ... Te mando un retrato y otro para la madrina [...] tube que retratarme porque Vicente ace cerca de un año que me lo pide [...] estamos ansiosos de ver por lo menos alguna fotografia de Udes. ya que no puedo verlos personalmente”.

“[Julio 3 de 1922] ... estoy contento por tenerlos retratos en mi poder y por ver la familia siquiera en fotografia despues de tantos años [...] El tio tambien se quedo asombrado al ver las Hermanas ala moda y con todos los piroletes completos [...] se creia que andaban como cuando el estaba en esa ace 34 años”.

“[Junio 7 de 1950] ... nonos cansavamos de mirar buestra fotografia porque haceis muy buena parega estamos orjulosos porque imitas bien a los Naveiras [...] en los ojos le da un hayre a Nelly de Buenos Aires y tu imitas mucho a Juan tambien de Buenos Aires”.

“[Agosto 27 de 1958] ... Aguardo ansioso las fotos prometidas para ver a varias personas que hace tanto tiempo que no las veo particularmente a mis hermanas que no tengo ninguna fotografia de ellas son las únicas que me faltan “[...] No puedes imaginarte lo que me gusta recibir fotografías de esa tierra. Hace poco que tuve la oportunita de ver todo el fondo de Ferreira en una fotografía que mandaron [...] La encontré desconocida [...] Me hizo conmover el corazón ver la tierra de uno despues de tantos años”⁵.

Os retratos convertéronse nun espazo de representación social onde a presenza física, a vestimenta, a posición do retratado fronte á cámara, ou os elementos figurativos con determinada proxección simbólica cos que aparecía aquel, contribuían a fixar a súa identidade social. Formaba parte dos procesos de idealización (individual e familiar) e de autoconstrución dunha imaxe determinada consonte coas conveniencias sociais da época (Slater 1997: 179). Neste senso, as cartas e as fotos enviadas polos emigrantes reflicten a imaxe que quixeron transmitir das súas experiencias laborais e sociais no novo mundo que os acolleu. Retratarse denantes de embarcar e mandar, despois, as *cartes-de-visite* ou ‘tarxetas americanas’ converteuse nun acto

5 Citamos textualmente anacos da cartas 6, 11 e 21 do Epistolario Naveiras de Bos Aires e das cartas 50 e 63 enviadas por Vicente Naveiras dende Montevideo.



ritual. Mais non debemos idealizar a realidade subxacente nesa imaxe de boa fortuna e disfrute do moderno confort da vida urbana que pretenden transmitir esas fotos porque sabemos, a través doutras fontes, que moitos dos que aparecen sentados e moi ben vestidos, facíanos cun traxe e sombreiro que pertencían ao obradoiro fotográfico. De feito as forzadas expresións de ledicia nas facianas deses emigrantes apenas disimulan os desenganos que padeceron os homes e mulleres que marcharon *facelas Américas* polo mundo.

Ditas fotos constitúen a principal referencia do acontecer cotián ou excepcional que afectou ás persoas que aparecen nelas. Mais estas experiencias particulares representan, tamén, aos sectores populares que utilizaron as cartas e as fotos para comunicar a existencia de novos membros da familia, vodas ou nacementos, a boa marcha dos negocios -que aparecen ateigados de mercadorías, clientes e empregados-, o éxito das xuntanzas festivas con familiares e amigos... ou o pasamento dos pais que obrigaba a facer partillas. Serviron, asemade, para demostrar que o diñeiro remesado polos emigrados se investira consonte ao mandato destes⁶.

Polo xeral, os emigrantes enviaban ou recibían fotos cando se producía un cambio na situación persoal que afectaba á composición da familia por nacementos, vodas ou pasamentos, sendo habitual que eles mandasen as das súas parellas e as dos fillos para que coñecesen *na casa* ao novo sobriño e o incorporasen simbolicamente á familia a través desas imaxes⁷. Mesmo servían para demostrar a paternidade de emigrantes finados no estranxeiro e, consecuentemente, a necesidade de contar con fillos destes na herdanza do patrimonio dos avós paternos. Tal fixo Victoria Villegas aludindo ás fotos que enviou aos cuñados para eliminar posibles sospeitas sobre a paternidade do finado Aquilino Borrajo respecto do fillo que tiveran. Nesas imaxes, que se conservan no arquivo familiar, aparecen ambos os dous co pequeno Pancho ao carón dun avión.

“[Huehuetoca Méx.-enero 21-1940] ... Cuñado de mi respecto [...] Desde hace días tenía mas fotografías [...] No las había mandado porque usted no me había contestado, pero ahora en esta las adjunto y ya que va para España les dará a su hermanas una a cada una [...] Estan un poco corrientes porque aqui en el pueblo no hay buenos fotógrafos”.

“[Mexico D.F a 27 de agosto de 1946] Sr. Calletano Borrajo Estimado cuñado [...] Le mando unas fotografías para Ud. y otras para un hermano para que no duden

6 Tomemos como exemplo o seguinte anaco da carta 22 do epistolario familiar dos Borrajo que recibiu na Habana Caetano Borrajo do seu pai Francisco nunha aldea ourensá: “[Regengo setiembre 16 de 1923] ... Temande el retrato mio y el del Manolo [...] Estaba con lablusa que le mandaste [...] Ya lecompre untrage menos el sombrero y zapatos que los tenía nuevos y noselos compramos”.

7 Tense interpretado este envío de fotos de nenos, desnudos para que visen o seu sexo, como unha mostra máis da asunción de novos valores urbanos polos emigrados, pois apenas hai imaxes dos nenos das familias labregas ata que superaban a infancia e axudaban xa nas tarefas agrícolas e domésticas. Isto resultaba novidade e por iso os retrataban os *americanos* que viñan cos modernos *tomavistas*.



si Paco es o no hijo de su hermano Aquilino porque yo senti mucha tristeza con lo que Ud. me mando decir [...] La fotografia en donde estamos los tres es cuando Paco tenía 5 años, estamos en un pueblo [...] Donde esta Paco solo es cuando termino su primaria'⁸.

As imaxes de defuntos tiñan o valor de testamento visual con carácter notarial e estaban destinadas aos emigrados cunha finalidade semellante á do velorio coa exposición do cadáver como mecanismo regulador de emocións (De la Cruz Lichet, 2007: 74). Estas fotos de defuntos foron o instrumento para que aceptasen a nova realidade derivada da perda dos pais ou irmáns e as conseguíntes repercusións no referido á xestión do patrimonio familiar.

Outra finalidade das fotos era a de coñecer previamente aos emigrantes potenciais que reclamaran a axuda dos transterrados para que estes soubesen a quen debían recoller no peirao de arribada. Con eles viñan, polo xeral, fotos recentes da familia que quedara nas casas de orixe⁹.

Unha tipoloxía das fotos familiares e os problemas da súa patrimonialización.

O interese de sociólogos e etnógrafos polas fotos levounos a elaborar diversas tipoloxías en función dos obxectivos desas pescudas. Na nosa pescuda, intere-sounos a produción fotográfica de familias con emigrantes na medida en que reflectía momentos significativos ou aspectos concretos dos proxectos migratorios desenvolvidos por familias que fosen representativas dos diversos sectores da sociedade rural e vilega de Galicia na primeira metade do século pasado. Utilizámolas, ademais, como un recurso para activar os recordos dos informantes co obxectivo de complementar a información extraída dos epistolarios familiares. Mais as fotos así recuperadas foron aumentando en volume e variedade. Isto obrigounos a organizalas con algún criterio convencional. Combinamos, por simple operatividade, a clasificación dos fondos fotográficos do Arquivo do Reino de Galicia sobre o complexo agrogandeiro galego que fixeron Bibiana Castro, César Llana e Xosé Carlos Sierra (2004: 23-35), coa ordenación, máis sinxela, das fotos de W. Ebeling que realizou o profesor González Reboredo (2003: 48-52). O resultado é unha tipoloxía fotográfica que pretende abranguer

8 Reproducimos dous parágrafos das cartas 51 e 56 do epistolario Borrajo. Nos anos seguintes, o mozo Francisco Borrajo y Villegas só demandou consellos ao seu tío Caetano e algunha foto da familia paterna para coñecerlos (cartas 62 e 63 do epistolario Borrajo). Tivo éxito nos negocios, foi alcalde de Huehuetoca e os seus fillos desenvolveron brillantes carreiras profesionais logo de graduárense na Universidade. Os Borrajo mexicanos foron un exemplo máis da exitosa integración da segunda e da terceira xeración de emigrantes galegos cumprindo esa *lei das Tres Xeracións* que remite ás fases de adquisición, organización e reprodución do capital económico e do prestixio social acumulado polas familias inmigrantes na sociedade de acollida.

9 Foi o caso de Enrique Soto Luaces que era o irmán da dona de Vicente e chegou coas agardadas fotos do sobriño e da irmá deste que vivían en Ferreira de San Sadurniño (Ferrolterra): "[junio 7 de 1950] ... El día 29 de mayo me fui a Buenos Aires a esperar a mi cuñado Enrique [...] lo esperamos en el muelle yo y tus tíos Eduardo y José [...] Lo primero que le pedí fue tu fotografía" (carta 50 E.N.M.).



todos os aspectos produtivos e reprodutivos da vida das persoas, por tratarse do, contexto económico e cultural dos proxectos migratorios que desenvolveron eles e as súas familias.

Estaría un primeiro bloque de fotos referidas á xestión do territorio e á formación das paisaxes rurais¹⁰. Un segundo bloque de fotos sobre o hábitat rural e as actividades económicas e sociais desenvolvidas nel¹¹. O terceiro bloque conformaríano as imaxes sobre as actividades realizadas no hábitat vilego¹². O cuarto bloque estaría integrado polas fotos sobre os traballos e oficios femininos nas aldeas e nas vilas¹³. No quinto bloque entrarían as fotos sobre festas e romarías, tempo e espazos para o lecer marcando as diferenzas sociais e culturais entre o mundo rural e o vilego¹⁴. O sexto bloque integraría as imaxes do poder que inmortalizaron as novas e vellos elites e as dinámicas sociopolíticas locais¹⁵. E, por fin, o sétimo e derradeiro bloque dedícase ás fotos que recollen imaxes das familias transnacionalizadas pola emigración¹⁶.

Cuestión a parte é a referida á musealización desta memoria epistolar e fotográfica da emigración, que avanzou substancialmente en Italia ou en Asturias mercé ás exposicións e publicacións de institucións como a Fondazione Sella de Biella (Rak 2001) ou o Muséu del Pueblu d'Asturies (López 2000). En Galicia recuperáronse

10 Abrangería os seguintes campos temáticos: as infraestruturas (vías e medios de comunicación dende os camiños de carros e corredoiras para o gando ata as pistas forestais para os tractores e as estradas para automóbiles e motos), o aproveitamento dos ríos para transporte (barqueiros) e a proindustrialización coa enerxía hidráulica (aceñas e muíños, papeleiras), a industrialización coas papeleiras e saltos hidroeléctricos, a evolución do complexo agrario galego coa introducción de novos cultivos, a mecanización, etc, ata os procesos recentes de desagrazación.

11 Comprendería: a distribución espacial dos núcleos de poboación e a organización das aldeas, casas e construcións anexas en relación ao espazo de produción agroforestal, de almacenamento e consumo e de socialización; as labours agrícolas con especial atención á malla do cereal, ao xeito tradicional ou con equipos mecánicos, á división das angueiras por xénero e idade e aos descansos para repor forzas na leira ou na eira; a importancia do gando: o seu coidado e os traballos que se facían coas vacas e bois; actividades artesanais e comerciais desenvolvidas polas persoas nas casas e aldeas; e, finalmente, outras escenas da vida cotiá, nomeadamente a dos nenos e os vellos na sociedade rural.

12 Especificamente todas aquelas dedicadas ao proceso de urbanización das rúas vilegas (enlousado, alumeado público, mobiliario, etc); ás arquitecturas vilegas privadas (casas), públicas (prazas de abastos, concellos, etc) e eclesiásticas (camposantos e igrexas); á organización social e produtiva nas vilas; ás diferentes vestimentas e actitudes das familias burguesas e traballadoras; ás persoas e aos produtos que concurrían nas feiras e nos mercados.

13 Coas seguintes variantes: os traballos téxtiles no ámbito doméstico coas mulleres como protagonistas principais, tecendo e fiando nas casas ou mozas coas máquinas nos obradoiros de costura; os traballos e a socialización feminina nas fontes, lavadoiros, feiras, mercados e prazas; as mulleres que desempeñaban oficios vilegos: empregadas domésticas, lavandeiras e amas de cría.

14 Este bloque abrangue as fotos referidas a procesións relixiosas polas mañás, bailes, paseos e músicos nos serás, e ás comidas no campo que reflicten a importancia do monte como espazo de lecer.

15 Incluíndo ás autoridades municipais, aos políticos locais e a escenografía do asociacionismo agrarista en mitins e manifestacións.

16 Sexan retratos de familia que transmiten a xerarquía do grupo consonte coas concepcións sociais do momento, dos emigrados que reflicten os valores individualistas e de modernidade das sociedades urbanas que os acolleron, ou as imaxes dos investimentos realizados coas remesas individuais e colectivas da emigración, nomeadamente as fotos de centros escolares e outras obras de interese veciñal como fontes, pontes, camposantos, prazas de abastos, palcos para as festas e, tamén, asilos de anciáns.



placas e negativos dos obradoiros dalgúns fotógrafos locais e as fotos de fondos familiares, mais apenas se estudaron os álbumes familiares da xente corrente. O minifundismo das institucións culturais de Galicia, reflexo quizais da idiosincrasia das xentes que habitan o país, dificultou a patrimonialización sistemática deste tipo de fondos. Avanzouse considerablemente na salvagarda deses documentos visuais que se estaban estragando e desaparecendo en moitos arquivos familiares e de fotógrafos locais e desenvolvéronse experiencias modélicas no que atinxe á documentación antropolóxica desas imaxes por parte de expertos como Manuel Sendón (2000), Xosé Luís Suárez Canal (1998 e 2000), González Reboredo (2003) ou o equipo do Museo Etnolóxico de Ribadavia (Sierra e outros 2004). Mais, desgraciadamente, estas achegas tiveron escasa trascendencia como referente para a mancha de “museos etnográficos” que montaron eruditos locais encostados por alcaldes desexosos de aproveitar para o seu Concello algunha subvención ou, simplemente, de rendibilizar electoralmente o padroado desas salas, casas e gabinetes de curiosidades etnográficas nas que adoita haber as consabidas fotos antigas para humanizar unha colección de apeiros e trebellos. Desenvolveron actuacións para recuperar fotos sen o debido inventariado e catalogado que permita extraer toda a información relativa aos contextos e funcións que determinaron a produción desas imaxes enmudecidas para sempre. As máis fermosas nutriron innumerables escolmas de construcións etnográficas, xentes e paisaxes de diversos concellos e parroquias galegas... e pouco máis¹⁷.

A utilidade das fotos de familias con emigrantes para as investigacións sobre as sociedades contemporáneas.

A maior parte das científicos sociais e, nomeadamente, sociólogos e antropólogos, analizan as fotos como un instrumento que permite coñecer mellor diversos aspectos das realidades sociais contemporáneas. Hai décadas que esas imaxes deixaron de ser meras ilustracións estéticas dos textos producidos polos investigadores que deseñaron estratexias cognitivas específicas para esculcar nelas o pasado. Fundaméntanse en varias hipóteses.

A primeira delas é que as fotos son produtos socialmente construídos que infor-

17 A etnografía galega apenas acometeu a exploración sistemática dos fondos fotográficos con fins documentais e interpretativos nin existen programas organizados para recuperar as coleccións de fotógrafos locais e dos arquivos familiares. E iso a pesares do magnífico precedente que temos no proxecto de recuperación da identidade étnica de Galicia polos mestres do Seminario de Estudos Galegos. Estes etnógrafos e folcloristas entendían que labregos e mariñeiros elaboraran un imaxinario cultural propio e incorporaron a fotografía ao seu repertorio de instrumentos para rexistrar esas formas culturais do pobo e da paisaxe creada sobre o territorio que habitaran ao longo do tempo. Xaquín Lorenzo desenvolveu este proxecto ata a década de 1960, despois, as mudanzas do *Desarrollismo* franquista arrombaron definitivamente a sociedade rural galega, máis ou menos “tradicional”, provocando o éxodo definitivo e o asolagamento de fértiles vales con encoros, máis, tamén, a modernización agroindustrial de moitas bisbarras galegas. As fotos deses anos manteñen os estereotipos de finais do s. XIX e dos estudos folclóricos do primeiro terzo do XX. Amosan unha Galicia labrega que mudou axiña nas tres primeiras décadas da centuria para estancarse e ruralizarse de novo nas dúas seguintes debido á miseria imposta pola autarquía económica da ditadura franquista.



man sobre a cultura que reflecten. Por iso unha análise polo miúdo delas axuda a describir e comprender mellor os contextos culturais, as tradicións fotográficas e as normas sociais nas que foron producidas. Esta premisa xustifica o emprego das fotos nos estudos de vida sobre o campesiñado europeo e nos de folclore das poboacións autóctonas e emigradas nos restantes continentes (Miguel e Ponce 1998: 84 e 91-93).

A segunda hipótese é que as fotos antigas constitúen, xunto cos testemuños orais e coas cartas e demais escritas populares, os principais *lugares da memoria familiar*. E ofrecen interesantes perspectivas de análise microsocial porque amosan aspectos relativos á organización económica e social das anónimas vidas da *xente corrente* no medio da furacanada Historia do século pasado. A inmensa masa de imaxes que se conservan nos arquivos públicos e privados reflicte múltiples aspectos de culturas desaparecidas ou transformadas, como a da Galicia rural da primeira metade do século XX, e por iso son fontes de interese para a Etnoloxía e a Historia.

Esta cuestión interesou xa aos fundadores da antropoloxía moderna, no abrente do século pasado. Bronislaw Malinowski e Franz Boas salientaron a necesidade de que os investigadores usasen o rexistro fotográfico da realidade social para describila, comprendela e interpretala dende a análise antropolóxica e etnohistórica, alén do pintoresquismo costumista, porque as fotos non explican *cómo* se desenvolveron as vidas e accións dos personaxes que aparecen nelas. O reto é pasar do icónico (a imaxe fotográfica) ao conceptual (os procesos históricos), sistematizando e analizando con rigor o discurso visual das fotos. Ditas imaxes son, tamén, un texto visual que debe contextualizarse nun proceso de produción e recepción que é o contexto desas fotos. Por iso debemos coñecer o escenario económico-ecolóxico, sociopolítico e cultural no que se produciron, incluíndo as motivacións do autor que as realizou, o uso que tiveron, como se difundiron e a que audiencia se dirixiron. Isto implica coñecer o escenario cultural do fotógrafo e dos suxeitos fotografados, que era compartido por ambos os dous colectivos no caso dos retratos encargados polas familias galegas con emigrantes a Ramón Caamaño, Virxilio Viéitez e tantos outros fotógrafos que traballaron na Galicia rural ata os anos sesenta do século pasado. Eles desenvolveron unha tarefa semellante a do fotoetnógrafo Eduardo Masferré en Filipinas (década de 1930) ou de Edward S. Curtis, que recompilou notas etnográficas e gravou cantos, lendas, biografías e tomou máis de 40.000 fotos de membros de varias tribos indias norteamericanas durante o primeiro terzo do s. XX. Semella máis fiable o traballo dos fotógrafos galegos, porque gozaron de máis confianza e simpatía por parte das xentes que retrataban, mentres que os amerindios agacharon moitos aspectos da súa vida e Curtis preparou as escenas que non lle permitían fotografar (Cardesín 2001). Uns e outros documentaron formas de vida hoxe perdidas ou transformadas e as súas fotos axudan a recompor imaxinariamente os elementos desaparecidos desas culturas¹⁸.



A fotografía, como ciencia e arte que é, posúe unha narrativa propia e unha linguaxe específica, que comunican significados referidos aos comportamentos, valores, desexos e sentimentos, producidos e reproducidos polas persoas que aparecen fixadas nas imaxes dun tempo e dun espazo no que elas viviron. Mais as fotos teñen dúas eivas considerables á hora de usalas como fonte etnográfica ou histórica. A primeira é que non rexistran moitos aspectos da vida produtiva e reprodutiva das persoas, das familias ás que pertencen e das redes relacionais que condicionaron o desenvolvemento dos seus proxectos de vida. Fotografarse supuña un dispendio ao que había que engadir o envío desas imaxes por correo postal, no caso das familias transnacionalizadas polas migracións contemporáneas, e as persoas retratábanse só nos momentos *e ritos de paso* que rachaban coa rutina cotiá e tiñan unha relevancia económica ou social nas súas vidas¹⁹.

A segunda eiva é a escasa potencialidade explicativa autónoma das fotos que só transmiten un resultado semántico claro cando o investigador social as inclúe en estratexias concretas de recuperación da memoria, ben sexa para que “fagan memoria” as persoas entrevistadas ou para darlle unha faciana aos protagonistas individuais ou colectivos dos procesos estudados. Pensemos, como exemplo, nas fotos que viaxaron asociadas coas cartas familiares dos emigrantes poloneses, italianos, galegos ou asturianos. Serviron para evocar a memoria dos destinatarios activando a lembranza das persoas que as conservan. Constitúen a cerna mesma desa memoria persoal e familiar pola súa capacidade de flash-back para recuperar aspectos concretos das estratexias de sociabilidade e de reprodución social nas familias de labregos-emigrantes no mundo contemporáneo. A simple contemplación desas imaxes facilita a reorganización mental da experiencia vivida ou da historia familiar e, polo tanto, a pescuda das traxectorias de vida das persoas integrando aspectos macroeconómicos e microsociais das ciencias humanas. O seu potencial é innegable para activar as lembranzas de quen nos explique os proxectos migratorios (e de vida) desenvolvidos polos descoñecidos que *permanecen* nesas imaxes. Demóstrao ben, por exemplo, un maxistral estudo sobre os emigrantes da parroquia pontevedresa de Vilatuxe nas minas de aluminio e de carbón en Nova York (Iturra, 1998) partindo dunha foto de grupo que se converte en *imaxe antropolóxica* porque fornece informacións visuais útiles e significativas para a conservación e comprensión da cultura que a produciu²⁰.

Daquela, esas fotos que representan aos ausentes e escenifican a existencia dos familiares requiren unha lectura cun dobre obxectivo: para saber cómo foron construídas e percibidas naquel contexto relacional porque os seus significados non son

Centro de Estudos Fotográficos (<http://www.cefvigo.com/galego/especiais.htm>).

19 Por iso as fotos de bautizos, comuñóns, asistencia á escola, vodas e finados que deixaban un patrimonio a herdar constitúen a maior parte das imaxes dos álbums familiares.

20 Aínda que non se fixera con esa intención etnográfica, unha foto convértese en *imaxe antropolóxica* cando é usada para informar etnograficamente aos espectadores sobre as prácticas sociais, a cultura material e os cambios culturais en investigacións sobre a familia, os roles femininos, a situación dos nenos na sociedade, as culturas populares en diversos momentos históricos e espazos xeográficos comparados (Scherer 1995: 201-208).



os mesmos para o espectador actual que as analiza dende o presente. E para descifrar o sentido delas debemos interrogar á imaxe, que é un texto icónico en sí mesmo, e aos contextos da súa produción e recepción. Isto último remítenos ás demais fontes da memoria familiar para que as ditas fotos acheguen coñecemento novo e significativo alén de ilustrar textos autónomos sobre, por exemplo, os traballos, as festas e, en definitiva, a vida cotiá das persoas que habitaron a Galicia rural e vilega ata os anos sesenta do século pasado.

Usos epistemolóxicos das fotos na historia social das migracións.

A análise das fotos de familias con emigrantes permite coñecer mellor o deseño e o desenvolvemento dos proxectos migratorios e o contexto relacional desas familias. Por iso nos estudos das migracións históricas dende unha perspectiva microsocia estendeuse o uso de historias de vida e sagas familiares elaboradas con todos os documentos dispoñibles sobre a persoa ou o grupo biografados. Cartas, fotos, fontes orais e autobiografías convertéronse na materia prima para a memoria familiar da emigración. A entrevista retrospectiva en profundidade serve para reorganizar a memoria oral dos retornados e dos seus familiares mais, tamén, para recuperar a súa produción fotográfica e epistolar, demostrando as posibilidades destas fontes para avanzar no coñecemento de diversos aspectos cualitativos dos procesos migratorios e das transformacións económicas, sociais e políticas derivadas deles. O emprego destas fontes alicézzase na súa representatividade respecto dos diversos sectores das sociedades expulsoras implicados nas migracións, ou, simplemente, no feito de que esa *memoria familiar* é a fonte que reflicte máis fielmente as percepcións e intereses deses actores no deseño estratéxico e no posterior desenvolvemento dos proxectos de vida que foron adaptando ás mudanzas dos contextos macroeconómicos e políticos dos estados de orixe e de acollida das persoas migrantes.

Diversos expertos salientan a potencialidade das fotos para coñecer máis polo miúdo as experiencias e expectativas de vida daquelas familias separadas polo océano, no contexto da desaparición da sociedade rural tradicional e da emerxencia de novos valores individualistas e urbanos. Pero a realidade das relacións familiares e da progresiva individualización das estratexias de vida dos emigrados era máis complexa do que transmiten as súas fotos. Resulta moi difícil coñecer a través destas, exclusivamente, e mesmo das historias de vida que poidamos construír activando a memoria oral, a pegada da expansión do individualismo entre os emigrados polo contaxio das súas relacións postemigratorias nas sociedades urbanas de acollida e como afectou iso as súas relacións preemigratorias no período posterior á chegada. Hai razóns abondo para non guiarnos só polas fotos nas que os emigrados e as súas familias se representaron rodeados de riqueza e símbolos da súa modernidade²¹.

Debemos ter en conta, primeiramente, que os fotógrafos compuñan a imaxe das

21 Pensemos nos 'haigas', radios e motos Lambretta ou Vespa, que eran os novos símbolos de riqueza e patróns de fachenda nas décadas de éxodo rural que financiou o desarrollismo da España franquista (Gondar 2000: 27).



familias retratadas para reflectir as relacións afectivas e de poder ou subordinación entre eles consonte cuns patróns iconográficos determinados²². En segundo lugar, a análise de epistolarios familiares demostra que os mesmos fillos emigrados que pediron con insistencia o retrato dos pais para colocalos nun lugar de respecto dos seus fogares, individualizaron os seus proxectos de vida e realizaron matrimonios exogámicos en contra do parecer dos pais e, finalmente, negáronse a retornar cando aqueles reclamaron a súa axuda. Isto deixa en entredito a interpretación desas peticións dos retratos dos pais como unha mostra de acatamento á autoridade daqueles²³.

As funcións que cumpriron as fotos nas relacións estratéxicas das familias con emigrantes tradúcense noutras tantas posibilidades de análise desas redes sociais nas que fluíron remesas de todo tipo, incluídas as propias cartas e as fotos coas novas e as imaxe dos seres queridos, agasallos, demanda/oferta de axuda, etc. Porén, as descrições pormenorizadas das características técnicas desas imaxes, as tipoloxías das poses e composicións ou as sesudas reflexións sobre as mensaxes implícitas nestas serven de pouco para avanzar no coñecemento das redes sociais das familias con emigrantes cando descoñecemos quen eran as persoas retratadas e por qué realizaron o considerable dispendio de desprazarse para facer o retrato, pagalo e envialo por correo postal. A respostas a esta e outras preguntas adoita estar nas letras do dorso desas *postais*, nas cartas coas que viaxaron e na memoria oral dos que as recibiron ou as conservan.

Tense apuntado, tamén, que as ditas cartas e fotos reflecten a asunción dunha nova identidade pois italianos, asturianos ou galegos chegaron a América con trebellos, roupas e, sobre todo, coa mentalidade da sociedade de orixe, mais integraron nela, paseniñamente diversos aspectos culturais do país de acollida. Podería servir de exemplo a foto que enviou Aquilino Borrajo, emigrante ourensán establecido cun rancho en Huehuetoca (México), ao seu pai, pois retratouse vestido co traxe de mozo a cabalo e cuberto co típico sombreiro de ala ancha. Mais é difícil deducir canto había nesas fotos de simple folclorismo ou de identidade sincrética e proxecto de vida²⁴.

22 Situaban aos conxuxes ou pais da familia no centro da imaxe co corpo ríxido, os brazos caídos ao longo del e mirando de fronte. Esta composición cerimonial pretendía transmitir a autoridade paterna mais, tamén, a dignidade da condición campesiña e o respecto que arelaban estes na súa vida social, xa fosen os labregos galegos retratados por Ramón Caamaño ou os inmigrantes pomeranos establecidos no sur do Brasil (Bahía 2003: 172 e 175). As mans duns nos ombreiros doutros indica os vencellos familiares entre eles.

23 Remitimos aos casos de Oreste Sola (Baily e Ramella 1988: 83 e 88), de Aquilino Borrajo ou de Luis Vázquez (Soutelo 2006) que tiveron dito comportamento. Enviar o retrato da noiva ou desta co noivo era a confirmación aos pais da decisión de casar e servía para presentar a parella a pesares da distancia. Sirva como exemplo o seguinte anaco dunha carta enviada por Flora González aos seus pais: "[Caracas día 1 de Junio del 56] ... Reciban un fuerte abrazo de parte de minobio [...] Ba una foto miay deel que else la dedico con mucho cariño que tambien les mando otra a los padres de el para que me conozcan [...] me quiere mucho me trata con mucho cariño" (Soutelo 2001).

24 De todos os xeitos, Aquilino Borrajo representa ao emigrante galego que optimiza os seus coñecementos sobre a cría e a compra-venta de gando vacún por proceder de familias e comarcas de tradición gandeira, para dirixir ranchos en México. Foi o caso de José Muñoz Reke que tiña gando na serra do Suído, experiencia no



Só resulta incuestionable que retratos e tarxetas postais foron remesas afectivas que serviron, xunto coas cartas, para manter as *relacións fortes* dos emigrados coas súas familias e cos espazos sociais de orixe. As fotos enviadas polos membros ausentes á casa da familia ou por esta a aqueles realimentaron os vencellos afectivos e simbólicos, reafirmando a identidade e a unidade estratéxica do grupo familiar por enriba da distancia e do tempo que os afastaban (Da Orden 2004: 24). A contemplación desas fotos familiares facilita o achegamento do espectador actual ás características e ás consecuencias dos procesos migratorios contemporáneos.

Conclusión

Procuramos demostrar nas páxinas anteriores a utilidade da análise de fotos realizadas por etnógrafos e fotógrafos profesionais coetáneos para que diversos científicos sociais recompoñan e interpreten a sociedade do século pasado. Mais esas imaxes teñen outros usos sociais non menos importantes. Moitas delas son recursos didácticos axeitados para achegar ao público en xeral e, nomeadamente, ao alumnado aos múltiples aspectos económicos, sociais e culturais dese pasado recente. Nas atinadas verbas do profesor González Reboredo (2003: 53 e 55), as fotos permiten que os máis novos coñezan as formas de traballo e de vida dos seus avós. Propician que estes fagan memoria e lembren as súas vivencias cando aínda “as vacas tiñan nome e vivían na casa cos humanos”. Esta é unha estratexia didáctica que non se ten desenvolvido co necesario rigor, establecendo previamente uns obxectivos alén da simple recompilación de imaxes enmudecidas, ao tempo que se xuntan sen o debido inventariado que rexistre os contextos familiares que determinaron a súa produción e uso²⁵.

A imaxe estática das fotos pode encherse de significado coa memoria das persoas maiores da familia para reconstruír a historia do grupo, porque as fotos eran un obxecto de intercambio regulado para reafirmar as relacións coa parentela e cos amigos e para socializar aos nenos nesas redes sociais da familia. Parte desa memoria agardanos nas gabetas familiares conservando informacións útiles para elaborar a historia dos proxectos reprodutivos desa familia nos contextos macroeconómicos e políticos que lles tocou vivir²⁶.

curtido de coiros e acadou a propiedade de varios ranchos no Estado de Morelos (Rodríguez Galdo, 2004: 133).

25 Deste xeito evítase a situación absurda de ter centos ou milleiros de fotos xuntadas ao longo de anos de 'traballo' sen ter definido moi ben para que ou que facer con elas.

26 Véxase como exemplo dese uso documental o fondo de fotografía histórica da Fototeca de Cambre (<http://www.fototecacambre.es/>) que publicou varios volumes temáticos. Resulta especialmente ilustrativo o titulado os traballo e os días: (<http://www.fototecacambre.es/libros/Libro%20os%20traballos%20e%20os%20dias.pdf>.) Remítimos, tamén, ao site (<https://sites.google.com/site/534012/mulleres-e-migracions-na-galicia-contemporanea-recursos-didacticos-e-propostas-para-ensino-secundario>.)



Bibliografía utilizada.

- BAHÍA, J. (2003) "Imágenes que hablan. El uso de la fotografía en la investigación de campo". *Historia, Antropología y Fuentes Orales* 29: 167-176.
- BURKE, P. (2001) *Visto y no visto. El uso de la imagen como documento histórico*. Barcelona: Crítica.
- CARDESÍN DÍAZ, J.Mª. (2001) "Haciendo el indio... bajo la mirada de Occidente: Karl Llewellyn, la historia cheyenne y la constitución de la antropología jurídica". *Historia Social* 41: 39-62.
- CRABIFFOSSE CUESTA, F. (2000) "Fotografía y emigración a América" en J. López Álvarez, de., *Asturianos en América (1840-1940). Fotografía y emigración*, Gijón. Muséu del Pueblu D'Asturies.
- DE LA CRUZ LICHET, V. (2007) "Memento Mori: fotografías dos mortos, recordo para os vivos. Galicia e o retrato fotográfico fúnebre" *Adra. Revista dos Socios e Socias do Museo do Pobo Galego*, 2: 59-76.
- GONDAR PORTASANY, M. (2000) "Autorretrato de un pueblo. Lectura antropológica de Virxilio Vieitez". *Photovision* 29: 18-27.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (2003) "Características e importancia da colección fotográfica de W. Ebeling" en *A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling (1928-1933)*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, pp. 43-58.
- ITURRA, R. (1998) "A oralidade e a escritura na construción do social", *Estudios Migratorios* 6: 57-68.
- JONAS, I. (1991), "Mensonge et verité de l'album de photos de famille". *Ethnologie Française* XXI, nº 2, reproducido en *Cadernos de Antropologia e Imagem*. Río de Janeiro: Universidade do Estado do Río de Janeiro 2: 105-114.
- LÓPEZ LÓPEZ, J., ed. (2000) *Asturianos en América (1840-1940). Fotografía y emigración*. Gijón: Muséu del Pueblu D'Asturies-Fundación Municipal de Cultura, Educación y Universidad Popular.
- MASIDE, C. (1998) [1951] "En torno a fotografía popular" *Grial*, 139, XXXVI, xullo/setembro de 1998, pp. 567- 578, publicado orixinalmente en *Pintura actual en Galicia*.
- MIGUEL, J. M. de y PONCE DE LEÓN, O. G. (1998) "Para una sociología de la fotografía", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 84: 83-124.
- ORDEN, Mª. L. da (2004) "Fotografía e identidade familiar en la emigración masiva a la Argentina", *Historia Social* 48: 3-25.
- (2010) *Una familia y un océano de por medio. La emigración gallega a la Argentina: una historia a través de la memoria epistolar*. Barcelona: Anthropos-Deputación de A Coruña.
- RAK, M. ed. (2001) *Gli Italiani all'Estero. 140 anni fotografie delle comunità italiane: 1860-2000*. Roma: Consorzio in Lucino, Fototeca de Roma.
- RAMÍREZ CAÑIL, A. (2008) *La mujer del maquis*. Madrid: Espasa.
- RODRÍGUEZ GALDO, Mª X. (2004) *Galegos en México. Pasado e presente*, Viveiro: Consellería de Emigración da Xunta de Galicia.



- ROS FONTANA, I. (2003) "Walter Ebeling en el este de la provincia de Lugo (1928-1933): imágenes de una investigación de la escuela de Hamburgo en Galicia" en *A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling (1928-1933)*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, pp. 13-41.
- RUBALCABA PÉREZ, C. (2012) "<<De esta manera se engendra el cariño>>: El papel de la correspondencia en la constitución de una red de afinidad entre emigrantes" en F. Caffarena e Laura Martínez Martín, coords., *Scrittura migranti: uno sguardo italo-spagnolo/Escrituras migrantes: una mirada italo-española*. Milán: Franco Angeli, pp. 63-82.
- SCHERER, J. C. (1995) "Ethnographic photography en anthropological research" en Paul Hockings, ed., *Principles of visual anthropology*. Berlín: Mouton, pp. 201-216.
- SENDÓN, M. (1998) "Notas sobre a fotografía galega e os arquetipos de representación", *Grial*, 139, XXXVI, xullo/setembro de 1998, pp. 529-548.
- (1998b) *Imaxes na penumbra. A fotografía afeccionada en Galicia (1950-1965)*. Vigo: Xerais.
- (2000) "La fotografía de Virxilio Vieitez en el período 1955-1965" *Photovision* 29: 7-16.
- SIERRA RODRÍGUEZ, X.C., CASTRO RAMIL B. e LLANA, C. (2004) "Valoración fotoetnográfica dos fondos fotográficos do Arquivo do Reino de Galicia" en *Imaxes de Galicia: fotografía etnográfica (homenaxe a Xaquín Lorenzo)*, Xunta de Galicia, pp. 17-36.
- SLATER, D. (1997) "La fotografía doméstica y la cultura digital" en M. Lister, comp., *La imagen fotográfica en la cultura digital*. Barcelona: Paidós, pp. 171-189.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R. (2001) *De América para a casa. Correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguai (1916-1969)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2006) "Proyectos migratorios, itinerarios laborales y redes microsociales de los emigrantes en su correspondencia familiar: dos gallegos en Buenos Aires (1950-1966)", *Migraciones & Exilios* 7: 115-135.
- SUÁREZ CANAL, X.L. (1998) "O home na fotografía de José Suárez", *Grial*, 139, XXXVI, xullo/setembro de 1998, pp. 549- 565.
- (2000) "Virxilio Vieitez: un recorrido por la historia del retrato". *Photovision* 29: 28-70.



ERGUEUSE VALENTE A ALDEA QUE TRABALLA: Unha caracterización da mobilización agrarista en Porto do Son no contexto do Barbanza

María Xosé VÁZQUEZ LOJO

Licenciada en Historia e Master en Historia Contemporanea pola USC

Esta achega é parte do traballo de Terceiro Ciclo que realicei sobre o asociacionismo agrarista no Barbanza por un dobre interese de tipo epistemolóxico e familiar. O meu avó materno participou naquela “guerra de Cans”, segundo me contou a miña nai, que coñeceu a historia de oídas. O influxo dos profesores do Dto. de Historia Contemporánea e de América da USC, aos que debemos o coñecemento historiográfico actual da mobilización agrarista na Galicia de antes da Guerra Civil, fixo o resto¹. Coñecíanse ben as fases, tipos de asociacións e características xerais do agrarismo mais apenas se estudaran as dinámicas específicas dese movemento social nas comarcas de beiramar. Estas posuían unha estrutura económica e social moi específica, marcada pola especialización masculina en actividades pesqueiras ou na emigración americana, mentres que as mulleres exercían a pluriactividade agrícola nas explotacións familiares ou proletarizábanse nas fábricas de transformación do peixe ou como xornaleiras eventuais. Porto do Son sería o observatorio deses procesos analizados xa para outras bisbarras galegas².

Trátase dun concello rural cun territorio semellante ao de Lousame, con 95 e 94 km² respectivamente, e case triplo que o de Noia (37 km²). O seu poboamento concentrábase nos pequenos vales prelitorais aos pés da serra do Barbanza, cun claro

1 Referímonos ás achegas dos discípulos de Ramón Villares sobre a especialización produtiva e a mecanización selectiva da agricultura galega (Rosende, 1988; Martínez López 1989, Fernández Prieto, 1992 e 1997), a mobilización social do campesiñado durante a crise da Restauración borbónica (Cabo Villaverde 1999; Bernádez Sobreira, 2006 e 2007) e as dinámicas sociopolíticas resultantes a escala municipal en Teo (Domínguez Almansa, 1997) Negreira (Liñares Giraut 1986) ou en Carballo (Riesgo Rama 2000).

2 Publicáronse interesantes traballos, despois da realización da nosa pescuda, que confirman esa natureza *simbiótica* do escenario económico sonense, a súa especialización laboral por xénero, a importancia do traballo asalariado e a considerable politización das asociacións obreiras e agrarias locais (Pereira 2010; Muñoz Abeledo 2010).



predominio das actividades agrícolas e gandeiras e unha considerable importancia da pesca. Velaquí as causas estruturais das diferenzas entre o asociacionismo agrarista neste concello e nos outros dous veciños. De entrada, interesábanos moito o enfrontamento entre os *señoritos* do Son, que controlaban o poder político municipal, e os labregos das parroquias que orientaron as sociedades agrarias na defensa dos intereses veciñais, comezando pola resistencia ao pagamento de novos impostos. Queríamos comprobar, tamén, as semellanzas e diferenzas co asociacionismo agrarista nos veciños concellos de Noia e Lousame.

A orixe do asociacionismo agrarista en Porto do Son no contexto comarcal: as fontes documentais.

A primeira sociedade agraria coñecida no Barbanza fundouse en Noia, na fase inicial do asociacionismo agrario (1880-1910). O despegue cuantitativo do agrarismo sonense estivo marcado pola actuación da Liga de *Labradores de Nebra*, que marcou a política local e mesmo a memoria social do agrarismo galego. A conflictividade sociopolítica intensificouse entre 1907 e 1912 debido á politización das asociacións agrarias polas campañas de *Solidaridad Gallega* (1907), o *Directorio Antiforista de Teis e Acción Gallega* (1910). As sucesivas *Asambleas Agrarias de Monforte* (1908, 1910, 1911) estableceron unha axenda de reivindicacións comúns e obxectivos que resultaban beneficiosos para os labregos da maior parte de Galicia, dende as terras suxeitas aos foros en Ourense ou Pontevedra, ata os caseiros das agras luguesas e das Mariñas ou os labregos do Barbanza.

O conflito antiforal tivo escasa repercusión en Porto do Son, o mesmo que aconteceu en Lousame e, sobre todo, en Noia. As reivindicacións dos agraristas locais concentráronse na rexeneración da administración municipal e o control dos repartos do imposto de consumos e doutros arbitrios suxeitos a recargo. Antepuxeron as cuestións de tipo técnico e produtivista durante a ditadura de Primo de Rivera e recuperaron a súa capacidade de mobilización política dende 1931. Mais, durante a Segunda República, xurdiron novas asociacións de mariñeiros en Portosín e no Son, cuxos líderes foron represaliados dende os comezos da Guerra Civil. Seguiron funcionando algunhas mutuas gandeiras ata mediados dos anos cincuenta do século pasado.

Consultamos os *Libros de Rexistro de Asociacións*, que levaba o Goberno Civil da Coruña, mais só permite coñecer as datas de fundación e de renovación das directivas xunto cos nomes e apelidos dos presidentes desas entidades asociativas, os estatutos e regulamentos³. Debían presentar esta documentación cando solicitaban legalizar unha asociación e informar anualmente da composición da directiva e das contas da asociación. Desafortunadamente só se conservou unha pequena parte desa documentación, incluídos os expedientes das sociedades agrarias dos concellos de

3 Recollen con escaso rigor a denominación das sociedades, que adoitan aparecer con nomes diversos, polo que é preciso cotexalos con outras fontes.



Lousame, Noia e Porto do Son⁴. As persoas que figuran nestas directivas podemos procuralos nas fontes fiscais municipais e nos anuarios Bailly Baillieri da época para coñecer a súa extracción económica e social. Finalmente, as listaxes de asistentes ás reunións demostran a presenza de mulleres, polo regular en representación dos pais e maridos ausentes.

Apenas atopamos documentación referida directamente ás sociedades agrarias nos arquivos municipais de Noia, Lousame e o Porto do Son. Salientan, neste último, as referencias ao conflito antifiscal, que rematou co enfrontamento en Cans en outubro de 1916 e os cambios na corporación municipal para calmar a ira popular. Esculcamos a composición socioprofesional das corporacións posteriores a través das actas das sesións plenarias, cun dobre obxectivo. Analizar a presenza de líderes do asociacionismo agrario e mariñeiro local ou de retornados da emigración. E a súa pegada na rexeneración da política municipal como aconteceu, por exemplo, en Oleiros (Cabo Villaverde 2006) ou en Fene (Sanfiz Raposo 1996).

Tivemos peor fortuna na procura de novas na prensa compostelá, pola falta de cabeceiras comarcais, e de informantes que nos fornecesen lembranzas e documentación relevante. Pola contra, o conflito contra o pagamento dos impostos municipais que desembocou no enfrontamento de Cans está tan enraizado na memoria social (oral e das conmemoracións locais) que é necesario desmitificalo para resitalo debidamente contextualizado na crise política da Restauración e dos abusos das pequenas elites locais que monopolizaban o control das administracións municipais.

A poboación e os recursos de Porto do Son en relación cos de Noia e Lousame.

Comparamos os recursos destes tres concellos para ver a posible pegada nas respectivas dinámicas políticas e sociais da orientación pesqueira do Son, a agrícola e gandeira de Lousame e a comercial da vila noiesa. O mar formaba parte esencial da vida da maioría das familias sonenses, que desenvolveron unha economía mixta caracterizada pola asignación de tarefas produtivas en función do sexo e da idade, nun contexto de progresiva mercantilización⁵. Veremos que as freguesías de Noal e Goiáns non tiveron asociacións agrarias ata datas moi serodias e contaron, pola contra, con aguerridos sindicatos de mariñeiros para negociar cos Pósitos, controlados polos armadores locais. Nas dúas poboacións progresaron familias descendentes

4 Formaban eses expedientes os estatutos, as actas de constitución, de renovación de directivas e de disolución, os certificados de contas e de calquera incidencia no funcionamento desas asociacións. Mais non todos están completos. Os estatutos indican as datas de fundación e os obxectivos da asociación seguindo un mesmo patrón caracterizado pola escaseza de novas referidas ao funcionamento real da entidade ou a súa orientación política, precisamente para facilitar a aprobación do Gobernador Civil.

5 A agricultura desempeñou un papel complementario como provedora de alimentos para o autoconsumo familiar mentres que acadaban recursos externos vendendo boa parte das capturas na pesca de baixura e no marisqueo, como fixeron os meus avós paternos ata os anos setenta do século pasado.



de *fomentadores* cataláns ou *patrianos* que estableceron almacéns de salga, investiron en barcos de pesca e na comercialización do peixe e controlaron cargos municipais. Tratábase, pois, dunha estrutura dual, marcada polas producións agrícolas (millo, centeo, legumes, patacas, horta e froitas) orientadas, case exclusivamente, ao autoconsumo familiar, algúns serradoiros, telleiras e muíños fariñeiros⁶. O máis innovador eran as actividades industriais vencelladas coa transformación da pesca (salga de sardiñas, conserva hermética de peixe e escabeches).

Unha primeira consecuencia desas diferenzas na estrutura económica dos tres concellos foi, dende logo, o aumento da poboación noíesa e sonense fronte ao estancamento da lousamiana.

A poboación sonense concentrábase nas parroquias de Noal, que incluía a vila do Son, e Goians a comezos dos anos trinta do século pasado⁷. Estaba considerablemente feminizada, debido á emigración masculina nas décadas anteriores e tiña unha considerable porcentaxe de analfabetismo concentrado nas mulleres⁸. Dispuñan dunha dotación escolar aceptable, con 12 escolas nacionais e algunhas privadas, todas elas de primeiro ensino, polo que o problema radicaba na asistencia regular ás escolas e na utilidade das ensinanzas que recibiran nelas para a vida económica e social dos sonenses de hai cen anos.

A vila acadara un crecente dinamismo económico dende o abrente da centuria e contaba con “armadores de buques, constructores de embarcaciones, casas de banca, fábricas de salazón, favés, fábricas de velas de cera, farmacia, casas de baños de mar, etc” a comezos dos anos trinta (Carré Aldao 1980: 592). As actividades agrícolas e gandeiras predominaban no resto das parroquias cunha clara especialización por sexo, pois boa parte dos homes dedicábanse á pesca ou emigraran, de xeito que as mulleres asumiran o traballo e a xestión das pequenas explotacións de policultivo intensivo para autoabastecemento familiar. Algunhas traballaban, tamén, en actividades vencelladas co mar, fose a reparación das redes no Son e en Portosín ou a transformación do peixe nas salgás e conserveiras (Mariño del Río 1996 e Muñoz Abeledo 2010).

6 Algúns con matrícula de uso público e un deles movido por un motor de explosión (Carré Aldao, 1980: 589) que era, posiblemente, unha adaptación da tecnoloxía naval.

7 Tiñan 2.422 e 1.109 habitantes de feito. A aldea da Silva, en Goiáns, era a máis populosa do concello con 294 habitantes (Carré Aldao 1980: 587).

8 As mulleres representaban o 59,27% dos solteiros (2.555 homes e 3.719 mulleres), o 55,67% dos casados (1.184 homes e 1.487 mulleres) e o 72,42% dos 533 viúvos (147 homes e 386 mulleres). Sabían ler e escribir un número semellante de homes (1.948) e de mulleres (1.923), só lían 48 varóns e 112 fémias, e carecían destas competencias 1.866 homes e 3.506 mulleres (Carré Aldao 1980: 587).



2. A mobilización agrarista: características e actores principais no contexto do Barbanza.

2.1. As características do asociacionismo agrario en Noia, Lousame e Porto do Son.

As sociedades de axuda mutua gandeira foron as primeiras asociacións para a defensa dos intereses dos labregos galegos. Xurdiron ao abeiro da lexislación aprobada polos gobernos progresistas durante a Restauración. A Lei Gassett de Sindicatos Agrícolas de 1906 favorecía o asociacionismo agrícola con diversas exencións fiscais e o cooperativismo como instrumento para a mercantilización das pequenas explotacións familiares. Rexíanse por estatutos e regulamentos⁹.

Figura 1: O asociacionismo agrarista nos concellos de Lousame, Noia e Porto do Son

Concello	Tipo de asociacións			Ámbito territorial de actuación			Total
	Socorros Mutuos	Agrarias	Mixtas	Parroquial	Municipal	Federación	
Lousame	6	2	2	8	1	1	10
Noia	8	4	1	10	1	2	13
P.do Son	1	10	3	12	1	1	14

FORNTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DO LIBRO DE REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DO GOBERNO CIVIL DA CORUÑA.

As asociacións agrarias foron xurdindo paseniñamente nos concellos de Porto do Son (1903), Noia (1908) e Lousame (1912). No segundo rexístrase a existencia dunha *Sociedad de Seguros Mutuos La Previsora* que debeu atender aos seguros de persoas e casas entre 1880 e 1929. Pola contra, a *Sociedad de Agricultores y Amigos del Pueblo de Noya* tivo unha longa andaina, ata 1935. Contribuíu á politización da poboación local aínda que apenas deixou pegada documental no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil da Coruña. Sumouse á Liga Agraria Redencionista Gallega en 1910, procurou controlar os repartimentos de consumos e doutros arbitrios municipais (obxectivo establecido nos estatutos) e admitía como socios ás mulleres labregas e ás xornaleiras, tanto individualmente como en representación dos maridos ausentes¹⁰.

As agrarias pioneiras no concello de Lousame foron a *Sociedad de Ganado Vacuno*

9 Aqueles establecían os deberes e dereitos dos socios, as funcións da comisión directiva e a xestión do patrimonio da entidade. Os segundos regulaban as condicións do gando beneficiario do seguro, as xestións a realizar no caso de morte dun animal e as características que debían reunir os examinadores do gando. Algunhas aceptaban mulleres como socios en determinadas circunstancias e ningunha explicitaban ideas políticas para unir á veciñanza.

10 A asociación máis serodia fundada en Noia foi a Federación Agropecuaria del Partido de Noya, xurdida en 1935 cunha vocación de innovación técnica na agricultura e na gandería da contorna. Os obxectivos centrais desta federación eran a “propagación del seguro del ganado, paradas de sementales selectos, exposicións e concursos agro-pecuarios”, a “importación de abonos minerales, semillas, maquinaria” e a “adquisición de un terreno para experimentos agrícolas” (Arquivo Reino de Galicia).



de Tállara e a Sociedad de Labradores de Tállara, rexistradas en 1912. Tiveron unha considerable estabilidade pois funcionaron, respectivamente, ata 1942 e 1935.

As sociedades agrarias sonenses copiaron o modelo estatutario da combativa *Liga Agraria de Nebra*, con diferente nivel de concreción nos obxectivos de cada entidade alén da consabida fórmula de “perseguir los fines que beneficien la actividad agrícola y a los socios”. Algunhas explicitaron a súa vocación de controlar a administración municipal, mellorar o sistema de quintas, favorecendo a prestación do servizo militar preto dos lugares de orixe de todos os soldados (non só os de cota), establecer unha escola agrícola municipal e coidar as infraestruturas tradicionais (pozos e canles de rego) para mellorar o cultivo intensivo do millo¹¹. Ademais, o *Sindicato Social, Agrícola y Pecuario de Miñortos* regulamentou polo miúdo as causas de expulsión dos socios que pretendesen “hacer sentir su influencia”, e a participación das mulleres que “podrán inscribirse pero sin voz ni voto y cargo alguno”¹².

A maioría das asociacións rexistradas actuaron no ámbito parroquial¹³. Foi o caso de doce das catorce sociedades agrarias do Son. Unha posible explicación remítenos a configuración orográfica do concello e á desigual importancia das actividades económicas desenvolvidas en cada parroquia, cun claro predominio da pesca en Goiáns (Portosín), o comercio no Son e a agricultura nas restantes freguesías. Por iso sociedades agrarias parroquiais como a de Nebra só coordinaba actuacións coas de mariñeiros do Son para sanear a administración municipal e, sobre todo, resistir a fiscalidade que soportaban os sectores populares do concello.

Aconteceu o mesmo en Lousame e Noia, pois oito das dez sociedades rexistradas actuaron a escala parroquial o mesmo que dez das trece noiesas¹⁴. A excepción atopámola na Unión Agrícola Cultural de Lousame e Noia, fundada serodiamente en 1936.

Apenas dispomos de datos concretos sobre a evolución da masa social destas entidades, mais semella que o número de socios foi menor que a cifra media de 59 membros para as mutuas gandeiras coruñesas (Cabo Villaverde 1998: 34). A *Unión Protectora de Ganaderos de Noia La de Amigos* contaba con 20 socios en 1927 e a mutua *La Unión* tiña 33 dez anos máis tarde¹⁵. O gando bovino foi o principal

11 Deu lugar a unha interesante arquitectura da auga ben documentada xa en parroquias como Nebra ou Xuño (Suárez Caamaño 2005 e Rego Sampedro 2004), e noutras bisbarras de Galicia (Sanchez Regueiro e Soto Fernández 2000).

12 Estatutos do sindicato de Miñortos, fundado por Jenaro Seoane Ulloa en 1931.

13 De feito “o agrarismo e o nacionalismo foron os dous movementos de corte político que, na historia de Galicia, souberon recoñecer a parroquia como marco inmediato de interacción social” (Cabo Villaverde 1998: 45). E poderíamos dicir outro tanto do asociacionismo microterritorial dos emigrantes galegos en América, como demostrou, Núñez Seixas (1999 e 2000).

14 Xurdiron 4 sociedades agrarias na freguesía de Lousame, 3 en Tállara, 1 en Lesende e outra en San Xusto. Non rexistramos ningunha en Camboño, Fruime e Vilacoba. En Barro 4, seguida pola de Obre con 3 e a de Roo con 2. Non tiveron ningunha as freguesías de Argalo, Boa e Noia.

15 Cifras recollidas no Libro de Rexistro de Asociacións do Goberno Civil da Coruña. Moi inferiores ás rexistradas nas sociedades do Ortegal, unha comarca de elevada especialización pecuaria cuxas mutuas acadaban unha media de entre 90 e 95 socios (Rosende 1998: 231). A excepción foi *La Previsora*, fundada en 1880 con 270



obxecto de seguro destas entidades pois só rexistramos unha que incluíu o porcino adulto¹⁶. Adoitaban repartir a perda dun animal entre os socios, para evitaren as posibles desavinzas ocasionadas pola xestión de fondos.

Coñecemos a evolución do número de socios das agrarias de Porto do Son grazas ás cotas que pagaban e á contabilidade interna. Aumentaron a súa masa social ata acadaren unha media de 100 socios coas únicas excepcións da *Liga Agraria* de Nebra, que perdeu socios despois do conflito de 1916, e a agraria da parroquia de Caamaño, que nunca superou o máximo de 40 socios. Os ingresos anuais rondaban as 100 pesetas, que gastaban en consultas a avogados e xuízos, auxilio de enfermos, compra dunha báscula, libros de rexistro ou impresión de folletos.

A pegada da axenda antiforal e anticaciquil que impuxeron o Directorio de Teis e a Liga Agrario-Redencionista de Acción Gallega chegou, tamén, ao Barbanza na segunda década do século pasado. A actividade antiforista rexistrada en Porto do Son debeuse, posiblemente, ás relacións dos pescadores e comerciantes desa localidade co porto olívico. Pola súa banda, a *Sociedad de Agricultores y amigos del Pueblo de Noya* participou no proxecto de creación dun partido agrario galego dende 1910 (Cabo Villaverde 1998). As fontes oficiais non reflicten o influxo desta asociación no veciño concello de Lousame, que contou axiña coa *Sociedad Agraria de Labradores de Tállara e a Asociación de Ganado Vacuno de Tállara*¹⁷. Xurdiron as dúas en 1912 tendo unha longa andaina que demostra unha estabilidade froito dos beneficios concretos que obtiñan os veciños asociados. A mutua gandeira mantívose ata 1942, mentres que a agraria de Tállara foi clausurada no verán de 1936, debido ao compromiso republicano dos seus socios¹⁸.

A *Sociedad Agraria de Lousame*, xurdida en 1914, é representativa da integración do asociacionismo agrarista galego nos partidos republicanos (ORGA na Coruña e en Pontevedra, Partido Radical en Ourense) durante a Segunda República. O presidente desa *agraria* dirixiu a Comisión Xestora Republicana en abril de 1931, converteuse no alcalde de Lousame durante a Segunda República e a Federación Republicana Gallega impúxose electoralmente nas parroquias de Lousame, Tállara e Lesende (Agrafoxo 1993). A principal consecuencia foi o pulo do asociacionismo agrario neste concello, coa formación de novas entidades e a extensión das actividades desa *Sociedad Agraria de Lousame* a todo o concello.

socios, o que reforza a nosa hipótese de que era unha sociedade de socorros mutuos para os afiliados.

16 Trátase da *Sociedad de protección mutua de Ganado y Cerda de Marracín* na freguesía lousamiana de Tállara.

17 Descoñecemos si a mutua gandeira era unha sección da agraria, pois non se conservaron os estatutos. A presenza das mesmas persoas desempeñando cargos directivos indica unha ligazón estreita entre elas.

18 Fundaran o Centro Republicano Agrario de Lousame e algúns foron concelleiros durante a Segunda República (Agrafoxo 1993).



Figura 2: Asociacionismo agrario nos concellos de Lousame e Noia

Denominación da asociación	Data de		Ámbito de actuación
	Fundación	Funcionou ata*	
Agraria y de Amigos del Pueblo de Noya	1908	1935	Municipal
Agraria de Labradores de Tállara	1912	1936	Parroquia de Tállara
Sociedad de Ganado Vacuno de Tállara	1912	1942	
Agraria de Lousame	1914	1935	Lousame
Sociedad de Socorros Mutuos El Porvenir	1915	1935	Barro (Obre)
Unión Progreso Ganadero de Barro Nueva Constancia	1916	1939	-
Sociedad de Socorros Mutuos San Antonio y San Roque	1918	1928	-
Agraria y de SSMM El Progreso Noia-Lousame	1924	-	
Socorros Mutuos de Ganado de San Xusto y Roo	1924	1936	Parroquia de San Xusto
Unión Progreso Ganadero La de Amigos de Noia	1927	1932	-
Unión S. Martín Lesende (Cairo) (SSMM)	1928	1929	-
Asociación Propietarios Ganaderos de Ánimas y San Antonio de Santa Cristina de Barro	1929	1930	-
Nueva Sociedad de Seguros de Ganados de Lousame	1929	1935	Lousame
SSMM de Ganado da sociedade Agraria de Seixido	1933	-	-
Sindicato Agrícola e de Oficios Varios de Lousame	1933	1936	Lousame
Agraria de Obre, sección Sta. María de Roo	1934	1936	
Agraria de Obre, sección Sta. Cristina de Barro	1934		
Socorros Mutuos Ganaderos Puente de Don Alonso	1934	1938	Ponte Nafonso
Sociedad de Ganado y Cerda Marracín (Tállara)	1934	1935	P. de Tállara
Federación Agropecuaria del Partido de Noya	1935		
Socorros Mutuos La Unión de Sta. María de Obre	1936	1937	
Unión Agraria y Cultural Lousame y Noya	1936		
Unión Protección Ganadera de Noya El Desengaño	1941		

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DO LIBRO DE REGISTRO DE ASOCIACIÓN DO GOBERNO CIVIL DA CORUÑA.

NOTA: * INDICAMOS A DERRADEIRA DATA NA QUE CONSTA DOCUMENTALMENTE O FUNCIONAMENTO DE CADA ENTIDADE.



A especialización pecuaria reflíctese, tamén, no asociacionismo noiés da segunda década do século pasado pois xurdiron tres entidades co modelo estatutario das mutuas gandeiras. *El Porvenir* (1915) disolveuse en 1935 polas desavinzas internas entre os socios que remataron nos tribunais¹⁹. A segunda foi a *Unión Protectora de Ganaderos Nueva Constancia*, 1916-1939, estendeu a cobertura ao gando en réxime de parcería, que debía ser numeroso nesa freguesía. Por último, a *Sociedad de Socorros Mutuos de San Antonio y San Roque* funcionou entre 1918 e 1928 nas parroquias lindeiras de Noia e Lousame²⁰. A comunidade de intereses entre veciños destas freguesías impúxose ás divisorias administrativas que tiñan unha pegada secundaria na vida económica e social das familias labregas.

O asociacionismo agrarista en Porto do Son salienta polo número de entidades que xurdiron (dez entre 1910 e 1923) como pola considerable politización, que experimentaron fronte á orientación mutualista e pecuaria das súas veciñas de Noia e Lousame. As agrarias sonenses procuraron rexenerar a política e, sobre todo, a fiscalidade municipal. Por iso sufriron unha forte represión administrativa, que provocou a desaparición de oito das once sociedades existentes en 1923. O Directorio militar decepou o asociacionismo dos labregos sonenses porque se convertera nun símbolo da loita anticaciquil do agrarismo galego²¹. A documentación conservada no Goberno Civil herculino demostra que a *Liga Agraria de Labradores de Nebra* reformou os seus estatutos en 1916 para adaptalos á orientación política da entidade²². Converteuse no referente para as sociedades agrarias de Ribasieira (1912-1921), Baroña (1916-1919) e Muro (1917-1933). As tres copiaron o modelo estatutario da primeira no que atinxe á intervención no reparto de consumos, creación dunha escola agrícola e realización do servizo militar preto do fogar dos soldados. Os socios que desempeñasen un cargo oficial quedaban privados de voto nas asembleas, o mesmo que os pertencentes a algún partido político. Este posicionamento era o resultado da defensa radical que fixeron os agrarios sonenses dos intereses da veciñanza fronte aos señoritos da vila que socializaban as débedas do Concello impondo arbitrios extraordinarios á poboación. Foi a razón pola cal as agrarias predominaron, numericamente, fronte aos sindicatos de tendencia católica e mutualista no asociacionismo deste concello de beiramar.

19 Parte dos socios provocaron a disolución desta entidade para non cumprir unha sentenza xudicial adversa.

20 Mudou varias veces o seu enderezo social entre os dous concellos.

21 A mobilización antifiscal que rematou co enfrontamento de Cans (Nebra) demostrara, ademais, os vencellos desas agrarias co sindicato dos mariñeiros do Son, moi influído polo anarquismo (Pereira 2003).

22 Por iso suprimiu a condición de ser católico para os socios, mentres que en 1911 acordaran formar unha biblioteca "en vista de los escasísimos conocimientos que tienen los socios de las cuestiones católico-sociales" (estatutos fundacionais da Liga Agraria de Nebra, Arquivo do Reino de Galicia).



Denominación da entidade	Data de	
	Fundación	Funcionou ata*
Sociedad Agraria de Porto do Son	1903	-
Liga de Labradores de Nebra	1910	1923
Sociedad Agraria de Ribasieira (Xufres)	1912	1921
Sociedad de Socorros Mutuos de San Pedro de Muro	1914	1923
S.A. da parroquia de Caamaño	1916	1920
S.A. da parroquia de Queiruga		1923
S.A. da parroquia de Baroña		1919
S.A. da parroquia de Muro	1917	1933
Fed. Agraria da Parroquia de Nebra		1918
Sindicato Agrícola de Loreto	1918	1923
Sindicato Agrícola Sta. María de Nebra	1920	1931
Sindicato Social, Agrícola y Pecuario de Miñortos	1931	-
Sociedad Agraria y de Oficios Varios de Caamaño		1934
Unión Agraria y Pecuaria de Silva y Goyanes	1932	1934

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DO LIBRO DE REXISTRO DE ASOCIACIÓN DO GOBERNO CIVIL DA CORUÑA.

NOTA: ESTA É A ÚLTIMA DATA QUE CONSTA NA DOCUMENTACIÓN.

A Sociedade Agraria de Porto do Son, fundada en 1903, foi a decana do agrarismo sonense, mais semella que a expansión deste resultou do desafío exemplar da Liga Agraria de Nebra aos representantes locais da *vella política* dinástica durante 1916, pois fundáronse seis novas sociedades agrarias parroquiais no trienio seguinte, tomando como modelo os estatutos da de Nebra. A escasa masa social e, sobre todo, a represión administrativa, liquidou as agrarias de Ribasieira, Baroña e Caamaño nos comezos da ditadura primorriverista. A súa semente só agromou, dez anos máis tarde, nunha *Sociedad Agraria y de Oficios Varios de Caamaño*, que xurdiu en 1932 seguindo os estatutos da Liga Agraria de Nebra.

2.2. Os indignados de hai cen anos (de Nebra): a mobilización social contra os impostos en Porto do Son e os tráxicos sucesos da Ponte de Cans en outubro de 1916.

A pésima xestión económica realizada pola corporación sonense e un desfalco nos orzamentos demostrou a corrupción e ineficiencia dos políticos locais. O Gobernador Civil permitiu que unha nova corporación impuxese arbitrios extraordinarios provocando unha vaga de protestas da veciñanza dirixida pola Liga Agraria de



Nebra e as sociedades obreiras do Son. Reaccionaron con decisión á represión administrativa durante o ano 1916 ata o enfrontamento de Cans, un suceso tráxico mitificado na memoria colectiva das loitas anticaciquís do agrarismo galego. Ese ciclo de protesta é un bo observatorio das dinámicas sociopolíticas locais na Galicia rural da Restauración. As actas das sesións plenarias da Corporación municipal e os informes elaborados pola Garda Civil permiten reconstruír o acontecido.

A apropiación dunha importante cantidade económica polo recadador de consumos orixinou un déficit nas arcas municipais que non podían cubrir cos recursos propios. Solicitaron un préstamo da Deputación Provincial, pagadeiro en cinco anos, que debían facer efectivo xunto cos intereses devengados, sumando 31.556,13 pesetas a comezos de 1916. A situación financeira do Concello era tan pésima que venderan a casa consistorial e aínda arrastraban un déficit de 9.381,71 pesetas, ademais da cota anual de 5.259,35 pesetas para liquidar aquel préstamo. Entón, a nova corporación municipal aprobou un repartimento extraordinario de arbitrios entre os 2.111 contribuíntes do Son²³. Mais a veciñanza rexeitou pagar as 60 pesetas de media que lle tocaban e estoupou o conflito pola incapacidade de moitas familias para enfrontárense cunha presión fiscal altísima nunha conxuntura de malas colleitas e escaseza da pesca²⁴.

A *Liga Agraria* de Nebra presidida por José Vilas Núñez e a sociedade *Protección Obrera* de Porto do Son, afín á CNT, que presidía José Ferrín avisaron á veciñanza do novo arbitrio extraordinario que ían imporlle, espallaron folletos anónimos con versos contra os caciques na celebración do Antroido e lideraron a crecente mobilización social dos sonenses fronte ás elites locais, que reaccionaron axiña. O alcalde Severiano Martínez fixo que a Garda Civil detivese aos presuntos autores daqueles versos²⁵. Entón, os veciños do Son apedrearon as casas de varios concelleiros e o alcalde ordenou liberar aos detidos (Blanco Martínez 2009: 72-73). Mais a Deputación Provincial esixía o pagamento da débeda contraída polo Concello do Son e a corporación aprobou, sucesivamente, o orzamento e o comezo do cobro do arbitrio extraordinario xunto co imposto de consumos²⁶.

A Liga Agraria remitiu ao alcalde, o primeiro día de abril, a convocatoria dunha reunión extraordinaria da sociedade xunto cun convite para que explicase nela aos socios as razóns das medidas fiscais impostas. O Concello enviou como representante a Francisco Sendón Suárez, atendendo aos rumores de que a xuntanza dos agrarios

23 En sesión ordinaria celebrada o 12 de xaneiro de 1916. (Libro de Actas de sesións do Concello, Arquivo Municipal de Porto do Son, en adiante AMPS).

24 Os xornais locais devalaban entre a peseta e media que adoitaba gañar unha xornaleira e as 5 pesetas dun ferreiro (Díaz Fernández 1988: 30 e 73).

25 Eran o carpinteiro Agustín Maneiro Maneiro, o zapateiro Salustiano Abeijón e un veciño de Ribeira que era barbeiro e frautista afeccionado.

26 Os agrarios protestaran porque só publicaran dito orzamento no Boletín Provincial e non o espuxeran no taboleiro de anuncios para as posibles reclamacións dentro dos prazos legais. O secretario municipal certificou que fora exposto.



de Nebra non sería “*nada satisfactoria para la tranquilidad del orden público*”²⁷. Decidiron manifestarse diante do Concello e pedir a dimisión da corporación municipal. Esta acordou rexeitar esa demanda e reforzou as medidas para garantir a orde pública: aumentaron os efectivos asignados ao posto municipal da Garda Civil e renovaron os bandos municipais anunciando o cobro do arbitrio extraordinario.

O 3 de abril realizouse unha manifestación veciñal pacífica e masiva. Centos de persoas chegaron ás portas do Concello berrando “morran os caciques, viva a unión dos labregos e traballadores!”. Ningunha autoridade municipal os recibiu e apareceron tres parellas da Garda Civil que “procedieron a disolver la manifestación con contundencia, huyendo los manifestantes”²⁸. Dous días máis tarde, a Corporación Municipal instou ao alcalde a “dar las órdenes oportunas para el cumplimiento del orden” e este solicitou máis gardas civís ao Gobernador da provincia.

Era evidente que non pensaban ceder á presión da veciñanza e as dúas asociacións que os lideraban comezaron unha campaña de mitins animando á xente a que non pagase aquela gabela. A maioría dos contribuíntes seguironos e o Concello só recadou 3.000 pesetas ata setembro. Non abundaban para sanear as 9.000 de débeda coa Deputación e a corporación municipal intentou que o exrecadador Alejandro Vilaró pagase parte do déficit xerado por el mesmo²⁹. Este non o fixo, a indignación dos veciños seguiu aumentando e a corporación municipal presentou a súa dimisión ao Gobernador Civil da provincia. Fixo o mesmo o recadador de consumos Manuel Sestayo. Mais o Gobernador Civil rexeitou e instounos a elaborar unha listaxe dos veciños que pagasen o dito arbitrio extraordinario antes do día 13 de setembro, que era a data na que remataba o prazo para facelo voluntariamente. Enviou máis gardas civís para protexer aos concelleiros e ao axente encargado de realizar os embargos dos bens dos veciños que non pagasen, e desprezou por igual as demandas e as demostracións da capacidade mobilizadora das organizacións de Nebra e do Son.

Unha comisión de veciños fora á Coruña, a comezos de maio, para solicitar ao Gobernador Civil unha revisión dese repartimento de arbitrios que se aprobara sen ser exposto aos contribuíntes. Esta reclamación foi desestimada por non estar feita en debido tempo e forma, e multiplicou o descontento da poboación.

27 A razón deste tipo de notificacións era que os alcaldes actuaban como delegados do Gobernador Civil polo que tiñan o dereito de asistir ás reunións das asociacións municipais para garantir que se desenvolvesen con orde.

28 Ademais “fueron detenidos cinco vecinos y llevados al día siguiente al Juzgado de Noia, donde quedaron presos” (Blanco Martínez 2009: 73). O traballo deste cabo primeiro da Benemérita reflicte a terminoloxía usada nos informes dos gardas civís despois dos feitos descritos, tamén, por Xerardo Díaz (1988: 73 e ss.).

29 Concretamente, pagando 2.612,08 pesetas que era só unha parte do que debía polo recadado en consumos entre 1902-1910 (Blanco Martínez 2009: 73).



Decepcionados pola inxustiza das autoridades, decidiron non pagar.

O presidente da Liga Agraria de Nebra Rutilio A. Pouso encabezou a 42 veciños da parroquia que solicitaron ao Concello o arranxo dunha ponte. A resposta foi negativa pola falta de fondos debido á resistencia da veciñanza de Nebra a pagar o imposto extraordinario.

Ante o desprezo das autoridades municipais e provinciais, a *Liga Agraria de Nebra* convocou outra manifestación a mediados de xullo. Participaron máis de 3.000 persoas de todas as freguesías do concello. Berraron contra a Corporación Municipal e pediron a dimisión do alcalde Severiano Martínez. Despois, marcharon camiñando ata Noia e concentráronse diante do cuartel da Benemérita demandando a liberdade dos detidos en abril. Sumáronselles veciños da vila e o xuíz ordenou que os soltasen para evitar que a manifestación se convertese nun amotinamento popular (Díaz Fernández 1988: 108 e 117).

Os afiliados á Protección Obreira mantiveron o seu local aberto mentres pasaba a procesión coas imaxes de S. Pedro, S. Roque e a Virxe do Carme, levadas no ombreiro por mozos con uniformes da Armada, durante as festas maiores do Son. As críticas do párroco e doutros veciños que ían na procesión deron comezo a unha turrapuxa que rematou en pelexa a cantazos. A Benemérita detivo a cinco “supuestos herejes” para salvarlos das iras dos católicos. Concentrouse outra manifestación diante do cuartel pedindo a liberdade dos detidos e lanzando pedras ata que saíu o cabo que comandaba o posto e calmou aos manifestantes prometendo a liberación dos cinco detidos (Blanco Martínez 2009: 74).

O conflito enquistábase e a espiral de violencia ía en aumento sen que as autoridades civís intentasen desactivar a situación. O Concello elaborou a listaxe dos veciños que debían o arbitrio para requirilos con axentes do Fisco protexidos pola Garda Civil, que comezaron a actuar o 11 de outubro. Moitos veciños pagaron a cota no momento de notificarlles o apremio de embargo³⁰. Os socios da Liga Agraria de Nebra souberon que eles recibirían tan indesexada visita o día 12 de outubro, comezando polo pedáneo da freguesía para facer un escarmento exemplarizante se tamén se negaba a pagar³¹.

Xuntáronse máis de trescentas persoas na estreita ponte de Cans, na mañá daquel tráxico 12 de outubro, determinados a impedirlle o paso á columna de 40 gardas civís, comandada polo capitán Maíllo e dous tenentes, protexendo ao axente do Fisco Francisco Montenegro³². Adiantáronse os oficiais ordenando aos veciños que se dispersaran. Estes responderon que non querían ser embargados e, no entanto, un grupo de vinte mulleres e algúns mozos encaráronse cos gardas pretendendo que recuasen. O oficial ao mando deu orde de abrir fogo para

30 Era o único xeito de evitalo *in extremis*. De feito, o pedáneo de Miñortos non o fixo e embargáronlle unha vaca.

31 Era Joaquín Sobrado Castelo, veciño de Cans.

32 O son dun corno de vaca e o estourido dalgúns foguetes serviron para convocar á xente. Boa parte deles eran mulleres que acudiron con fouces, gadañas e varas do gando.



rexeitar a agresión dos veciños. Mataron a dous no acto. Catro quedaron feridos moi graves, dos que 3 morreron nos días seguintes, e houbo outros 32 feridos de diversa consideración (Díaz Fernández 1988: 128-130).

Os médicos do Son Salustiano González e Antonio Facal chegaron a cabalo a Cans e organizaron o coidado dos feridos. Os nove feridos máis graves (cinco homes e catro mulleres) embarcáronos na praia da Aguieira e leváronos ata Noia para envialos ao hospital de Santiago no coche de liña. Os feridos de menos gravidade trasladáronos en carros ata o Son e examinounos un terceiro médico (Carlos Pérez) auxiliado polos boticarios da vila (Ramón Lestón e Joaquín López), polo párroco José Mira Gástelo e o coadxutor José Vinagre Olveira, para aqueles que precisasen da extremaunción (Blanco Martínez 2009: 74).

Pola súa banda, o alcalde Severiano Martínez e o capitán Maíllo dirixiron senllos telegramas ao Gobernador Civil para informar do acontecido e xustificar a súa intervención. O informe do oficial da Benemérita reflicte o desenvolvemento dos feitos dende a perspectiva dos representantes da autoridade:

“Al dirigirme esta mañana a la parroquia de Nebra con el agente de embargo y toda la fuerza concentrada saltó al paso numerosísimo grupo de hombres y mujeres en actitud hostil, armados con hoces y guadañas por lo cual me adelanté hacia ellos como a cien metros, acompañándome solamente el teniente Blanco. Comprendí a poco de interrogarles que se hallaban dispuestos a todo trance a impedir los embargos, siendo inútiles mis consejos para disuadirlos, separándose entonces las mujeres y corriendo en dirección a la fuerza gritando “¡a ellos!” por lo que rápido yo también me dirigí a la fuerza para ponerme al frente a la par que les gritaba “¡Alto, no seguir, que tendré necesidad de hacer fuego!”, por conocerles la idea de desarmar a los guardias, los cuales armaron el cuchillo. A pesar de esto, algunos llegaron a intercalarse entre las fuerzas y empezaron a arrojar piedras, oyéndose también algunos disparos hechos por hombres que estaban apostados en la parte izquierda de la carretera, por lo que, visto su decidido propósito y obstinación, ordené hacer algún disparo para repeler la agresión, a pesar de lo cual, las mujeres seguidas por los hombres continuaban furiosas tratando de apoderarse a toda costa de los fusiles y teniendo necesidad de hacer más disparos. A boca de jarros dispararon sobre el teniente Bueno y sobre mi, recibiendo el agresor un sa- blazo en la cabeza. Me he reintegrado con toda la fuerza en Portosín, para evitar mayor derramamiento de sangre y para proteger al Alcalde, sobre el cual existen rencores, excitación v venganza. Hay heridos. Resultaron contusos dos guardias, y a otro le rompieron el fusil. Llega ahora a mí la noticia de que hay tres muertos y cuatro heridos y de que seremos atacados”³³.

33 Informe do capitán Maíllo ao Gobernador Civil da provincia da Coruña reproducido polo cabo primeiro José Blanco Martínez (2009: 74).



Esta descrición do enfrontamento remite ás típicas explosións reactivas (Tilly 1990) de rebeldía primitiva das comunidades campesiñas ou dos sectores populares urbanos que se amotinaban contra a imposición tributaria abusiva, por excesiva e arbitraria (Hobsbawm e Alavi 1979). Situaban ás mulleres e aos nenos na vangarda da manifestación para evitar a carga das forzas da Orde ou reducir a violencia da súa intervención (Gil Andrés 1995 e 1996). Mais, neste caso, esa táctica fallou e costoulles a vida a Francisca Carou, Ramona Suárez Pouso, Xenerosa Vidal, Rosa Cadórniga Vidal e Antonio Sobrado Luaces.

“Al constituirse el comisionado de apremio en el lugar de Cans, de la parroquia de Nebra, para notificar a los contribuyentes, fui acometido, así como la fuerza armada, por las mujeres, intentando quitarles las armas para luego acometer los hombres guarecidos en los lados de la carretera y pinares inmediatos. El capitán de la fuerza, conociendo sus intenciones, les exhortó a que depusieran su actitud y que expusiesen sus quejas, para conseguir en bien de todos una solución. Desgraciadamente, contestaron con pedradas que alcanzaron a dos guardias que se hallan contusos, y [con] algunos disparos, llegando un joven a disparar sobre el capitán y teniente Bueno, aunque por fortuna no hizo blanco, recibiendo del teniente un sablazo que le dejó tendido. La Guardia Civil, viéndose arrollada, tuvo que hacer fuego para defenderse, teniendo que lamentar la muerte de un hombre, y dos mujeres, dos hombres heridos y dos mujeres”³⁴.

Outras mulleres anónimas serviron de escudo humano dos seus maridos e fillos, uns anos máis tarde, nos enfrontamentos de Sofán (Carballo) e Sobredo de Guillarei. Os periódicos da época recolleron o tráxico resultado da reacción antifiscal dos veciños de Nebra presentándoos como vítimas da extorsión polas autoridades municipais. As consecuencias políticas foron case inmediatas. O asunto debateuse no Parlamento e o Gobernador Civil desprazouse ata Noia para controlar a situación a instancias do Goberno presidido por Romanones³⁵. Fíxose acompañar por un inspector de Policía, aumentou os efectivos concentrados en Portosín e no Son ata 60 números reforzados cunha sección de Cabalería e o comandante Segundo Rivas Berdeal instruíu o sumario militar (Blanco Martínez 2009: 75). Cesou no cargo meses despois e continuou a súa carreira política en terras andaluzas.

Resultou máis efectiva a presenza do senador Eduardo Gasset Chinchilla, dende

34 Telegrama enviado polo alcalde Severiano Martínez ao Gobernador Civil, xustificando como defensa propia as descargas de fusilería e o posterior ataque a baioneta calada (Blanco Martínez 2009). A imaxe contraria, mitificando a resistencia antifiscal en <http://galiciaagraria.blogspot.com.es/2013/05/cans-1916-el-fuerte-brazo-de-la-ley/html>.

35 Varios deputados, incluído o republicano Marcelino Domingo, denunciaron a intervención desmedida da Garda Civil e as arbitrariedades caciquís que imperaban en Galicia (Blanco Martínez 2009: 74). O Ministro de Gobernación Joaquín Ruiz Jiménez ordenou ao gobernador José Boente Sequeiros que viaxase ata Noia para resolver o asunto.



o 15 de outubro³⁶. Reuniuse na casa de Carlos Fernández coas *forzas vivas*, incluídos os líderes da Liga Agraria de Nebra e da Protección Obrera do Son, para arbitrar unha solución. A corporación municipal dimitiu o 20 de outubro “por tener que ausentarse del distrito”. O párroco José Lamela Penela anunciou á veciñanza a listaxe dos novos concelleiros e o novo prazo de cobranza do arbitrio, pois o Concello do Son aínda debía 6.000 pesetas das 9.000 iniciais³⁷. E o deputado provincial polo distrito de Noia, Pérez Neu, chegou o día 23 para dar posesión á nova corporación presidida interinamente polo fabricante de conservas Mamerto Ferrer Romaní, ata que se convocasen novas eleccións. A reacción do sistema político foi rápida e contundente, mais os veciños terían que pagar o arbitrio e o xuíz de instrución de Noia, Juan Echeverría, clausurou durante seis meses os locais e as actividades das dúas sociedades argumentando que “allí era donde había nacido la rebeldía origen de la tragedia” (Blanco Martínez 2009).

Representantes das asociacións obreiras e campesiñas de toda Galicia acudiron aos mitins de Santiago e A Coruña, denunciando a represión desatada sobre a *Liga Agraria de Nebra e a Protección Obrera* de Porto do Son. Solicitaron o seu restablecemento e artellaron iniciativas solidarias cos familiares dos cinco finados e as demais vítimas da traxedia de Cans³⁸. Mais o conflito seguía latente o ano seguinte. A *Federación Obrera do Son* pediu que o Concello esixira responsabilidades aos debedores, en especial a Alejandro Vilaró cuxa débeda real era enorme³⁹. Manifestáronse o 3 de xuño demandando unha rápida resolución do expediente instruído a Vilaró. O Gobernador Civil comunicou a suspensión do mesmo o 18 de xuño. A corporación municipal manifestou formalmente o seu desacordo, ameazou con acudir aos tribunais, para tranquilizar á poboación, e deixou o asunto en vía morta. Os políticos sonenses volveron practicar a pésima xestión e o Concello xa arrastraba un déficit de 5.000 pesetas a finais de 1918. A corporación rexeitou aprobar outro arbitrio extraordinario e dimitiu. O Gobernador Civil comunicou a imposibilidade de axudalos porque descoñecía a identidade dos debedores⁴⁰. O problema arrastrouse nos anos seguintes provocando a dimisión de sucesivas corporacións pola imposibilidade de pagar os préstamos solicitados para atender o déficit acumulado. Recargar á poboación con impostos extraordinarios xa non era unha solución viable e adiantaren eles o diñeiro dos seus petos semellaba pouco

36 Esta familia tiña enfeudado o distrito de Noia e propiedades na Pobra do Carmiñal.

37 Actas das sesións plenarias do Concello celebradas o 20 e o 23 de outubro de 1916 (AMPS).

38 Realizouse unha función benéfica no teatro Rosalía de Castro para recadar fondos.

39 En xaneiro descubriuse que Alejandro Vilaró debía realmente 19.386,68 pesetas e non as pouco máis de dúas mil que lle requirira a corporación cesada o que alporizou, de novo, á poboación local obrigada a pagar aquela estafa.

40 Acta da sesión celebrada o 16 de xullo de 1918 (AMPS). Alejandro Vilaró tiña boa avinza política co bando dos Montero Ríos e por iso o protexían os sucesivos gobernadores civís. Unha Real Orde do Ministerio da Gobernación do 3-IX-1918 anulou as eleccións municipais celebradas no distrito en novembro de 1917, cesando aos concelleiros xa dimitidos e constituíndo outra corporación máis dócil, o 5-IX-1918.



recomendable⁴¹. A instauración do Directorio Militar ofreceu, aparentemente, oportunidades para rachar esa situación endémica. Entón, o concelleiro Rutilio A. Pouso, que presidira a sociedade agraria de Nebra, solicitou ao Gobernador Civil que nomease un delegado para revisar as contas municipais dende 1908 e que obrigase a Alejandro Vilaró a pagar a débeda contraída co Concello⁴². Non tivo resposta pero a *Liga* agraria de Nebra rexurdiu como referente do agrarismo sonense e varias sociedades agrarias fundadas nos anos seguintes seguiron o seu modelo estatutario.

2.3. As peculiaridades do asociacionismo agrario na bisbarra: a participación feminina.

As referencias á participación das mulleres nos estatutos destas asociacións reflicte os roles de xénero e a mentalidade hexemónica na sociedade rural galega de hai cen anos. Polo xeral, aceptaban a súa presenza nas asembleas, como unha concesión, cando representaban aos maridos ausentes ou se eran labregas pobres ou xornaleiras sen home principal na casa⁴³. Mais restrinxían a súa participación activa nesas xuntanzas e non podían desempeñar cargos directivos⁴⁴. Só rexistramos a actuación de mulleres nas sociedades de seguros mutuos e case ningunha nas agrarias porque elas coidaban a cabana gandeira das familias cuxa protección era a principal finalidade das *mutuas gandeiras*. Por iso algunhas establecían os mesmos dereitos para os homes e para as mulleres, outras limitaban o dereito de pertenza ás mulleres maiores de idade e un terceiro grupo restrinxían os dereitos das socias⁴⁵. As listaxes de asistentes ás xuntanzas reflicten unha considerable presenza feminina na *Unión Protectora de Ganaderos de Noia "La de Amigos"* en 1927 e na *Sociedade de Seguros de Ganado "La Unión" de Santa Marina del Obre* dez anos máis tarde⁴⁶.

Pola contra, as mulleres apenas participaron nas actividades das agrarias, máis politizadas, agás para recrear o simbolismo da *Liberdade guiando ao Pobo* cando algunha moza portaba a bandeira da sociedade parroquial nas manifestacións obreiras do Primeiro de Maio (Domínguez Almansa e Román Lago 1995). Elas lideraban á comunidade veciñal, excepcionalmente, cando se trataba de frear os abusos im-

41 En 1921 acordaron solicitar un préstamo de 10.000 pesetas a José Romero Mariño para facer fronte ao pagamento dunha débeda anterior (acta da sesión plenaria celebrada o 2-IX-1921, AMPS).

42 Acta da sesión plenaria celebrada o 19-II-1924 (AMPS). Semella que non tivo resposta porque non hai alusións ao asunto nas actas posteriores.

43 Estatutos *Sociedade General de Agricultores y Amigos del Pueblo de Noya*, 1908-1935, (Arquivo do Reino de Galicia).

44 Os estatutos do *Sindicato Social, Agrícola y Pecuario de Miñortos*, contemplaron a inscrición como socios das mulleres, que non terían voz nin voto e tampouco ocuparían cargos directivos (Arquivo Reino de Galicia).

45 Rexistramos a primeira situación nos estatutos da *Sociedade de Seguros de Ganados de Puente de Don Alonso* [Ponte Nafonso] fundada en 1934-1938 (Arquivo Reino de Galicia). A segunda nos da *Sociedad Agrícola y de Seguros Mutuos contra los riesgos de la ganadería "El Progreso" de Noya y Lousame* fundada en 1924. E a terceira nos da *Sociedad de Seguros Mutuos de ganado de la Parroquia de San Xusto de Toxosoutos y Roo*.

46 Eran mulleres 5 dos 20 socios que asistiron á xuntanza da primeira entidade o 30 de abril de 1927 (Arquivo do Reino de Galicia). A acta da reunión da segunda mutua o 1937 rexistra 10 mulleres dun total de 33 socios.



positivos que ameazaban o patrimonio das súas familias, como vimos no caso de Nebra. Mais o elevado analfabetismo feminino xunto cos roles de xénero adxudicados na sociedade rural galega da época e a pluriactividade doméstica, aumentada pola emigración masculina, eran atrancos insuperables para que as mulleres labregas representasen as súas familias. Ao cabo, tampouco tiveron *voz* nin *voto* no sistema político ata a chegada da Segunda República.

3. A evolución do agrarismo local durante a ditadura de Primo de Rivera.

O golpe de Estado de Primo de Rivera, en setembro de 1923, foi acollido favorablemente polo asociacionismo agrarista galego arelando a supresión das arbitrariedades caciquís nos concellos. O Directorio Militar cooptou a boa parte dos seus dirixentes para as novas corporacións municipais, incorporou a moitos deles na Unión Patriótica, solucionou o problema foral coa lei de redención de 1926, aplicou as reformas corporativistas que defendía o sindicalismo católico promovendo melloras na comercialización do gando (matadoiros frigoríficos de Porriño), a creación de centros de ensino agronómico e o fomento da produción forestal (Cabo Villaverde 1998). Estas medidas rexeneradoras e reformistas eliminaron os principais obxectivos da mobilización agrarista provocando a desaparición de moitas asociacións nun contexto sociopolítico de *orde* imposto e de progreso económico ata 1930.

As asociacións agrarias preexistentes en Lousame e en Noia seguiron funcionando nestes anos e xurdiron algunhas mutuas gandeiras novas⁴⁷. Pola contra, o Directorio causou un efecto represivo inmediato no asociacionismo sonense pois cesaron na súa actividade oito das dez sociedades fundadas en Porto do Son dende 1906 e só perviviron dúas asociacións católicas. As razóns desta desfeita, que anuncia a posterior destrución do tecido asociativo dende o verán de 1936, foron o predominio das sociedades agrarias, fronte ao das mutuas gandeiras nos concellos veciños de Lousame e Noia, e a resistencia antifiscal que converteu á Liga Agraria de Nebra no exemplo a seguir polas agrarias que xurdiron noutras freguesías do Son. A falta de oportunidades para a mobilización sociopolítica que caracterizou ao período anterior a setembro de 1923 e a escasa importancia económica da gandería vacúa neste concello, en relación cos de Noia e Lousame, explican que non se fundase ningunha asociación agrarista entre 1923 ata 1931. Despois, inzou o asociacionismo obreiro e, sobre todo mariñeiro, coa presenza de mariñeiros anarquistas retornados da emigración, como aconteceu no caso de Portosín. Estas cuestións quedan abertas para un traballo posterior.

47 En Noia fundáronse a sociedade agraria *El Progreso* (1924) e as de socorros mutuos *La de Amigos* (1927-1932) e *De Animas y San Antonio* (1929). Seguiron activas oito mutuas gandeiras nese concello ata 1930. En Lousame fundáronse outras tres entidades: a Sociedade de Socorros mutuos de San Xusto (1924-1936), a Unión de S. Martín de Lesende (1928) e a Nueva Sociedad de Socorros Mutuos de Lousame (1929-1935). As dúas últimas seguiron funcionando durante o período republicano.



Bibliografía

BLANCO MARTÍNEZ, J. (2009) "Nebra, el suceso más luctuoso". *Guardia Civil*. Setembro de 2009, pp. 172-175.

CARRÉ ALDAO, E. (1980) "Provincia de A Coruña", T. 3º, Vol VI. *Geografía General del Reino de Galicia* dirixido por Francisco Carreras y Candi. Barcelona, pp. 587- 601.

DOMÍNGUEZ ALMANSA, A. (1997) *A formación da sociedade civil na Galicia rural. Asociacionismo agrario e poder local en Teo (1890-1940)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Concello de Teo.

- e ROMÁN LAGO, I. (1995) "O Primeiro de Maio na comarca de Vigo e o asociacionismo labrego no primeiro tercio do século XX: toma de conciencia e coexistencia ideolóxica", en A. G. H., ed., *Historia Nova III. Contribución dos xoves historiadores de Galicia*. Santiago de Compostela, pp. 243-253.

MARIÑO DEL RÍO, M. (1996) *A industria derivada da pesca no Concello de Porto do Son: as salgadeiras (1774-1934)*. Lousame: Toxosoutos.

MUÑOZ ABELEDO, L. (2010) *Género, traballo e niveles de vida en la industria conservera de Galicia, 1870-1970*. Barcelona: Icaria Editorial

NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1998) *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia, 1900-1930*. Vigo: Xerais.

- (1999) "Algunhas notas sobre o asociacionismo local galego en Bos Aires (1904-1936)". *Semata* Santiago de Compostela 11: 345-379.

- (2000) "Redes sociais e asociacionismo: las 'parroquias' gallegas de Buenos Aires (1904-1936)", *Estudios Interdisciplinarios de América Latina y el Caribe*. Vol. XI 1, :23-44.

PAZO LABRADOR, X. A., e SANTOS SOLLA, X. M. (1995) *Poboación e territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

PEREIRA, D. (2003) *A sociedade La Protección Obrera de Porto do Son*. Porto do Son : Concellalía de Cultura

- (2010) *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*. Vigo: Xerais.

PRADA RODRÍGUEZ, X. e LÓPEZ BLANCO, R. (2001) "Galicia" en J. Varela Ortega, dir., *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales. pp. 349-381.

REGO SAMPEDRO, J. M. (2004) *Xuño: entre a montaña e o mar*. Comunidade de Montes de Xuño.

SANCHEZ REGUEIRO, A. e SOTO FERNÁNDEZ, D. (2000) "O patrimonio das augas. Un achegamento etnográfico á Galiza rural dos ss. XIX-XX" en: *Actas Congreso Cultura Popular*. Mahía.

SANFIZ RAPOSO, H. (1996) "O agrarismo en Fene. Da preocupación educativa á UGT (1905-1936)", *Preactas do Congreso Internacional Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Santiago de Compostela.



SUÁREZ CAAMAÑO, J. (2005) *Nebra: un lugar por descubrir*. Comunidade de Montes de Nebra.

TABOADA MOURE, P. (1987) *Las élites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra (1836-1923)*. Deputación Provincial de Pontevedra.

TILLY, Ch. (1990) "Modelos y realidades de la acción colectiva popular". *Zona Abierta*, 54/55: 167-195.



A FUNDACIÓN XOSÉ SOTO DE FIÓN

José Antonio QUIROGA DÍAZ
Director do Ecomuseo

En 1997 constitúese a Fundación Xosé Soto de Fión baixo o impulso do seu presidente D. Xosé Soto Rodríguez, seguidamente recibe en doazón o pazo de Arxeriz co súa leira, que daquela contaba con 27Ha. e a día de hoxe conta con 35 Ha.

Os obxectivos da Fundación son varios, pero poden resumirse en tres piares básicos: a defensa da natureza mediante a promoción e estudo dos valores ambientais referidos a lugares de especial relevancia, facendo fincapé na defensa de ecosistemas que poidan estar en risco a causa de actividades turísticas, urbanísticas, extractivas, militares ou calquera outra de forte impacto ambiental; a defensa, estudo e promoción do patrimonio históricoartístico e a recuperación e divulgación de oficios en perigo de desaparición.

A Fundación nace coa vocación de defender, amparar e divulgar a cultura galega dende distintas ópticas e, tamén, para darlle unha función a Arxeriz que dende o primeiro momento se constitúe como sede da Fundación.

Durante os primeiros anos (1997-2004) vaise levar a cabo a rehabilitación dos edificios que conforman o pazo, á vez que na Fundación se discute o uso máis axeitado que darlle.



Á altura do ano 2000 chégase ao acordo de orientar o futuro de Arxeriz polo lado museístico, coa idea de ir desenvolvendo o proxecto devagar, pero coa idea de acabar sumando todo o conxunto e terra circundante nun mesmo proxecto que combine paisaxe, natureza, historia e etnografía, un espazo que conte con salas explicativas adicadas a temáticas directamente relacionadas coa zona para divulgar os seus valores.

O Ecomuseo

- 2004-2012

Estando o proceso de rehabilitación aínda en marcha decídese poñer a andar o proxecto museístico de Arxeriz coa preparación e apertura de dúas salas na casa principal do pazo, “A casa dos escudos”, e bautizando a experiencia co nome de “Ecomuseo” por ser este o concepto que máis se parece á pretensión da Fundación: sintetizar no mesmo proxecto cultura, natureza, etnografía e historia.

A parte pública foi substituída polo decidido respaldo do presidente que, dende o primeiro momento, acreditou en darlle vida a Arxeriz sacándoa do mercado cun proxecto que dende a modestia tivese coherencia, proxección e repercusión como elemento exemplificativo da nosa historia, cultura e paisaxe.

Así, o 30 de xullo do ano 2004 procedeuse á apertura oficial nun acto de partillamento con veciños, amigos e público en xeral que deu paso a dúas salas, unha delas de 80 metros cadrados adicada á viticultura tradicional, con disposición dun bo número de pezas de cultura material e paneis explicativos de tódolos procesos que acompañan a esta actividade; e a outra sala de 160 metros cadrados onde se recollían diversos elementos significativos da Ribeira Sacra: o territorio, a cultura fluvial, o entroido ribeirao e a explicación dos recursos patrimoniais da zona.





Estas salas foron o soporte dos primeiros anos do museo e complementáronse con diferentes actividades como a celebración do primeiro domingo do “Entroido Ribeirao”, entre os anos 2005 e 2009, nas instalacións do ecomuseo, en Arxeriz e Rendal; actividades no eido da cultura fluvial, como a construción, recollida e restauración de barcas tradicionais; participación en eventos e recopilación de documentación gráfica, histórica, de cultura material e oral da vida no río antes dos encoros.

A media de visitantes nestes anos mantívose arredor dos 1.200 visitantes, sendo o acceso gratuíto.

Nestes oito anos de etapa inicial foron collendo forma moitos aspectos: rematouse o esencial na rehabilitación de tódolos edificios do pazo e infraestruturas básicas,





en novembro de 2009 o “Ecomuseo de Arxeriz” é recoñecido como *Colección Visitable* e pasa a formar parte da *Rede Museística Galega*, madurando así o proxecto do que quere ser Arxeriz no futuro.

Reafirmase a idea inicial e decídese dar un salto cuantitativo e cualitativo, centrando a actividade expositiva coa apertura dun gran espazo para a cultura fluvial, encetar a escavación do castro e poñelo en valor, redefinir as salas iniciais, dotar o ecomuseo

dunha serie de elementos formais e comunicativos acorde cun lugar que quere ser recoñecido e dar a coñecer elementos da nosa cultura, amparalos, defendelos, poñelos en valor e divulgarlos; facer un planeamento de sustentabilidade de cara ao futuro (dende o inicio hai dúas persoas en plantilla: unha para o mantemento e outra como guía, ademais de un director que leva a xestión diaria; a isto hai que engadirille outros gastos xerais como enerxía, mantemento, comunicación, seguros,... que supoñen un orzamento anual arredor dos 50.000 euros, achegados pola Fundación Xosé Soto de Fión).

- 2013-2020

En 2013 arranxa unha nova etapa coa elaboración do proxecto de escavación do castro e cos preparativos para abrir as salas da cultura fluvial, pásase a cobrar entrada de 2€, estando exentos os menores de idade e os veciños das parroquias limítrofes, pónense en marcha as ferramentas de comunicación nas redes sociais e acométese a reforma da páxina web.

En agosto iníciase a escavación, logo de obter os permisos necesarios, decidir a empresa de arqueólogos e contratar peóns da zona, basicamente estudantes ou recién licenciados con interese polo tema.

Planéanse catro sondaxes (tres na croa e un no antecastro S/W) e logo dun mes de escavación, só na sondaxe central da croa, apareceron estruturas de vivendas con restos de cultura material propia dos fogares. Aínda que a campaña non foi todo o frutífera que nos gustaría, deixou o camiño aberto a seguir e conseguiu unha importante presenza nos medios de comunicación e un incremento de visitantes.

No ano 2014 prepárase a renovación da cartelería, instálanse carteis indicadores nas estradas, ponse en marcha a nova páxina web e remátase o interior das salas de cultura fluvial. O 17 de agosto faise un acto inaugural presidido polo presidente da R.A.G.,

D. Xesús Alonso Montero, que abre simbolicamente os 400 metros cadrados das salas onde se recollen os aspectos máis importantes da pesca tradicional, o impacto dos encoros na vida do río, a memoria dos pobos mergullados e, na sala contigua, a meirande colección de embarcacións tradicionais do río Miño, froito de anos de recompilación e restauración, xunto cun importante fondo fotográfico exposto nos paneis.

En xullo dese mesmo ano deu comezo a segunda campaña de escavación, planeando novas sondaxes que pronto comezaron a amosar estruturas de vivendas ou edificios. A campaña durou sete semanas e os resultados foron moi positivos con claras evidencias de ter localizadas as zonas de vivendas e construcións, ademais de importantes achados cerámicos, pétreos e metálicos. Ao final da campaña consolidáronse tódalas estruturas para protexelas e iniciar o proceso de musealización da croa do castro coma un elemento máis do museo.

O ano 2014 pechouse con 2.470 visitantes, o que reflectiu o incremento de visitas, dando pautas para mellorar o nivel de captación e atención de turistas e escolares. Neste aspecto, á parte da sinalización, renovouse o folleto publicitario e incrementouse a interrelación con outros axentes implicados na promoción da zona, como casas de turismo rural, asociacións e iniciativas.

No 2015 centrámonos na preparación do encontro de embarcacións tradicionais que se celebrou en Cabo de Cruz (Boiro) a principios de xullo, promovido pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. Este evento supuxo un importante esforzo loxístico, xa que comportou o desprazamento de tres embarcacións, artes de pesca e paneis da cultura fluvial, ademais de dúas persoas e abundante material explicativo do museo; foron dous días de importante contacto con outras asociacións e público.

De novo no mes de xullo deu comezo a terceira campaña de escavación no castro, que se prolongaría ata o 22 de agosto. Esta vez ampliáronse os sondeos na croa que xa na tempada anterior indicaban a presenza de zonas habitadas.

Finalmente consolidáronse tódalas estruturas e deixáronse protexidos algúns fogares e pavimentos orixinais coa idea de recuperalos na próxima campaña. Ao día de hoxe hai sete construcións totalmente escavadas e catro parcialmente, dentro dunha superficie total de 600 metros cadrados dos 7.000 que ten a croa.

A principios de outubro o Ecomuseo colaborou coa asociación “Á luz das mámoas” nunha xornada de conferencias que se impartiron nas instalacións do Ecomuseo para a posta en valor do patrimonio megalítico.

Este ano as visitas volveron incrementarse e espérase chegar ós 3.500 visitantes.

En definitiva, o Ecomuseo de Arxeriz é un proxecto que se vai desenvolvendo lentamente de acordo cuns medios humanos e materiais limitados e a unha idea



clara do que se quere. As previsións son as de acadar un nivel de madurez en canto á consolidación do proxecto museístico no ano 2020; para esa data estarán desenvolvidas tódalas salas e discurso expositivo, o arredor axardinado e o terreo integrado na dinámica divulgadora dos valores naturais da zona.

Queremos ser un lugar de referencia da cultura, paisaxe e historia da Ribeira Sacra e, tamén, un lugar de referencia en canto á protección e posta en valor do noso patrimonio no máis amplo senso, aspectos a complementar coa investigación e divulgación.

Ademais, pretendemos que Arxeriz sexa un complemento na oferta cultural, paisaxística e patrimonial da Ribeira Sacra, un foco de atracción en conexión directa cos valores do entorno.



ADRA: NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

ADRA é unha revista con periodicidade anual que comezou a súa andaina no ano 2005 co espírito de crear un soporte para a publicación de artigos de coñecemento científico e cultural desde Galicia. Para chegar a unha ampla audiencia interesada pola sociedade e cultura. Desta forma Adra distribúese a través de intercambio con máis de 150 bibliotecas europeas. Adra é unha revista indexada en IN_Recs e Dialnet. Os temas que se abordan na revista son todos aqueles relacionados cunha visión ampla da realidade galega desde calquera punto de vista e área de coñecemento tendo especial incidencia a antropoloxía social acorde cos fins e misión do Museo do Pobo Galego.

O ámbito preferente da revista é Galicia sen deixar de atender miradas cara outras realidades vinculadas coa nosa cultura ou en contraste con ela.

A revista acepta exclusivamente orixinais inéditos, redactados nos seguintes idiomas: galego, portugués, español e inglés. Só se publica artigos en galego os autores deberán aceptar a tradución de acordo cos criterios que indique o Consello editorial.

A revista acepta exclusivamente orixinais inéditos, redactados en los seguintes idiomas: galego- portugués, español, francés, inglés.

A revista conta cun sistema de avaliación externa. Unha vez recibido un orixinal, de acordo coas especificacións formais abaixo sinaladas, será enviado a dous expertos anónimos quen emitirán un informe que determinará a aceptación ou rexeitamento do manuscrito.

Os autores poderán corrixir unha proba de imprenta do seu artigo, sempre e cando remitan as correccións no prazo que lle indique o Comité de redacción que non será superior a 15 días.

Sempre que sexa posible, a comunicación se establecerá por vía electrónica. Salvo no envío dos orixinais que farase por correo postal (incluíndo o texto impreso e un CD no que se inclúan as fotografías) e a través de correo electrónico. O formato será compatible con Word 2003 ao igual que ilustracións ou fotografías (alta resolución formato jpg). Ambas entregas (dixital e en papel) deberán axustarse ás normas de presentación que se consignan abaixo.

O enderezo para o envío de orixinais é:

ADRA. Revista dos socios e socias do
Museo do Pobo Galego.
Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval
15703 Santiago de Compostela
biblioteca@museodopobo.gal

As opinións e feitos consignados en cada artigo son de exclusiva responsabilidade dos seus autores. O Museo do Pobo Galego non se fai responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

NORMAS PARA PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS:

Presentación.

Os artigos terán que ser inéditos e as reseñas ou comentarios de libros serán sobre novidades bibliográficas indicadas polo Consello Científico e que se incorporen á biblioteca do Museo do Pobo Galego.

A revista acepta exclusivamente orixinais inéditos, redactados en los seguintes idiomas: galego- portugués, español, francés, inglés.

Os artigos irán precedidos dunha folla na que figure: título, nome dos autores e autoras e filiación institucional, enderezo postal, teléfono e correo electrónico.



Os orixinais presentaranse mecanografados por unha soa cara, a dobre espazo, letra Arial 12, en papel normalizado DIN A 4. As páxinas irán numeradas e serán 25 como máximo, incluídas fotografías, planos, gráficos, bibliografía e notas a pé de páxina. Marxes laterais a 2,5 cm, marxes superior e inferior de 3 cm.

Os artigos deberán estar precedidos dun resumo cunha extensión entre 100 e 150 palabras, así como de entre 4 e 6 palabras claves. Resumo e palabras clave deberán presentarse en galego e inglés.

A presentación de reseñas non sobrepasarán as 5 páxinas.

Imaxes, ilustracións, gráficos, táboas...

De levar fotos e gráficos o seu número será proporcional á extensión do artigo e o tamaño adaptarse ao formato de páxina indicado. Si se inclúen táboas deberanse presentar en arial 10.

Todas as imaxes deberan presentarse nunha folia distinta, identificadas con números arábigos cos que serán citados no texto. Os pés das fotos e gráficos se escribirán todos seguidos en folia aparte. Cada pé irá precedido por Fig. e o número que corresponda a cada ilustración.

Citas literais.

Cando sexan breves irán incorporadas no texto do autor, pero si superan as catro liñas, destacaranse nun parágrafo separado, sempre entre comiñas. Todas as citas levará, tras o peche das comiñas e entre paréntese, a referencia que inclúe: apelido do autor seguido – sen coma- polo ano de edición da obra citada, dous puntos e a páxina ou páxinas correspondentes. Exemplo: (González Monje 2011: 138-139).

Notas ao pé.

Se prefire a eliminación das notas ao pé mais de ser necesarias deberán numerarse

consecutivamente. Se a nota se refire ao título ou autor/es do orixinal, deberá marcarse cun asterisco.

Bibliografía. A bibliografía limitarase aos libros e artigos citados no texto. Presentarase alfabeticamente ao final do artigo. Se hai varias referencias dun autor irán ordenadas por ano de edición de máis antigo ao máis recente. A forma de presentar as referencias bibliográficas, deben seguir o seguinte modelo:

Libros:

GONDAR PORTASANY, M. (1987) A morte. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

RODRÍGUEZ CALVIÑO, M., SÁENZ-CHAS DÍAZ, B. (2000) O tecido. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

Artigos en publicacións periódicas:

BRANA REY, F. (1998) "Adaptacións ou cambios. A sala do mar do Museo do Pobo Galego". Antropológicas 2: 141-156, Porto.

Participación en obra colectiva:

BERAMENDI, J. (2010) "A Galicia de 1909". C. García Martínez (ed.), Exposición Galega de 1909. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 9-30.

Dirección de Internet.

Cando a referencia bibliográfica aluda a un enderezo de Internet, consignarase do mesmo xeito que nos tipos anteriores incluíndo autores, ano e título sempre que sexa posible e a web incluírase en liña aparte. PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO (2006) Informe sobre a Cidade da cultura. [Consulta en liña: 23/05/2012] <http://www.museodopobo.es/uploads/pdf/Revista%20Adra%204.pdf>



SOCIOS PATROCINADORES E PROTECTORES DO MUSEO DO POBO GALEGO

Eduardo Beiras García-Martí
Aluminios Cortizo, S.A.
Engasa. Energía de Galicia S.A.
Fundación La Rosaleda

AGACA Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias
Cooperativa Agraria Provincial da Coruña
Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro.Viña Costeira
Escenonet
Fundación Feiraco
Fundación Juana de Vega
Fundación Rodríguez Iglesias
Gadisa Retail S.L.U.
I.X.P.Tertera Gallega
J.J. Chicolino
Madeiras Ornanda
O 16 Casa de Xantar
Progando S.L.
R cable e telecomunicación Galicia S.A.
Restaurante La Bodeguilla de San Roque
Restaurante María Castaña





Museo do Pobo Galego



**Deputación
DA CORUÑA**

